

foz

O Concello instala catro mini-puntos limpos para achegar a reciclaxe á veciñanza. **Páx. 6**

burela

Unanimidade en Burela para ordenar o cadro de persoal municipal. **Páx. 10**

ribadeo

Veciños cuestionan o impacto do novo centro de saúde no tráfico e nas finanzas municipais. **Páx. 15**

trabada

A vila estrena novo circuíto de pump track no complexo deportivo. **Páx. 16**

mondoñedo

Os socialistas advirten da situación que atravesan os canles dos ríos dos Muíños. **Páx. 22**

Paso decisivo para Foz

O proxecto de dragaxe reforzará o porto, mellorando a súa operatividade e seguridade, e beneficiará tamén á recuperación da praia de Altar



A historia das bandas de música galegas

Desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura e na unión de xeracións. **Páx. 4-5**

Dragon Ball xa ten asociación oficial

Mondoñedo acolle o punto de encontro oficial para fans e coleccionistas da saga. **Páx. 23**

Sons de Celeiro



A agrupación defende a cultura local e critica a súa exclusión das patronais. **Páx. 9**

Djunta Mó



A asociación nace para unir comunidades e visibilizar a cultura caboverdiana. **Páx. 12**

Artes marciais



O mestre, Miguel Ángel Rojo, combina práctica, filosofía oriental e formación. **Páx. 29**

A Deputación impulsa Galatea

O convenio con AELU reforza a formación de mulleres emprendedoras. **Páx. 25**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

Cinco concellos recibirán axudas para mellorar os seus espazos culturais



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén de resolver a convocatoria de axudas destinadas á modernización de infraestruturas culturais, cun investimento global de 500.000 euros en toda Galicia. Na Mariña, cinco concellos beneficiaríanse destas subvencións para mellorar a accesibilidade, renovar equipamentos e avanzar na eficiencia enerxética das súas instalacións. Segundo recolle o Diario Oficial de Galicia, en Ourense destinaríase o apoio á mellora da accesibilidade do centro socio-cultural; en Trabada, acometeríanse obras de renovación e accesibilidade no local social da parroquia de Sante; en Cervo, actuaríase sobre a antiga escola da Rúa para mellorar o seu funcionamento e eficiencia enerxética; en Burela, investiríase na adquisición de

novo mobiliario para a Biblioteca Municipal; e en Foz, modernizárase e mellorárase a Biblioteca Pública Salgado Toimil. Estas actuacións forman parte dun paquete de 44 proxectos repartidos por toda Galicia, dos cales 11 corresponden á provincia de Lugo. A Xunta explica que estas axudas poderán cubrir desde reformas e ampliacións ata a compra de equipamento técnico como material escénico, iluminación ou son. O Goberno galego enmarca esta medida no seu plan de modernización das infraestruturas culturais públicas, así como na Lei de cultura inclusiva e accesible, pioneira en Europa, que entrou en vigor a comezos deste ano. O obxectivo, subliñan, é garantir que todos os galegos teñan acceso á programación cultural en condicións de igualdade.

Tradicións e lecer: Chegan os Plans con corazón á Mariña

A Mariña prepárase un ano máis para acoller Plans con corazón, unha iniciativa que promove rutas e visitas guiadas polos 16 concellos do xeodestino, co obxectivo de dar a coñecer tanto á poboación local como aos visitantes a riqueza patrimonial, natural e cultural da comarca. As actividades desenvolveranse entre o 5 de setembro e o 12 de outubro, con percorridos que abranguen desde contornas urbanas ata espazos rurais, desde o litoral ata a Serra do Xistral. Cada actividade ten un número limitado de prazas e un custo que varía entre 5€ para inscrición individual, 9€ en parella e 15€ para grupos de ata cinco persoas. O programa abarca unha gran diversidade de experiencias. Entre as primeiras saídas destacan a ruta en Gal-



do, con Noela Feal, que permitirá coñecer a historia do antigo Concello e visitar a Panadería de Forno de Leña; ou a ruta ao Cadramón, con Boris Vilar, onde se explorará a montaña e a relación do ser humano coa na-

tureza. Tamén inclúe itinerarios urbanos como a ruta da auga en Mondoñedo, ou actividades centradas na gastronomía, como a Faba de Lourenzá en Lourenzá e a cerámica de Sargadelos en Cervo.

PLANS CON CORAZÓN

- **O Valadouro:** 6 de setembro
Relación do ser humano co territorio
- **Mondoñedo:** 7 de setembro
Ruta da auga e visita a explotación de porco celta
- **Alfoz:** 12 de setembro
Ruta á beira do río Ouro e cerimonia do caldeiro máxico
- **Xove:** 13 de setembro
Penas Agudas, paisaxe e natureza insólitas
- **A Pontenova:** 14 de setembro

- Ruta da Seimeira
- **Cervo:** 15 de setembro
Historia da fábrica de siderurxia e louza, marmeladas
 - **Trabada:** 19 de setembro
Paisaxes de montaña, etnografía e patrimonio
 - **Ribadeo:** 20 de setembro
Xeoruta dos Ollos, xeoloxía da paisaxe
 - **Foz:** 21 de setembro
Avistamento de aves mariñas en barco
 - **Lourenzá:** 26 de setembro
Paseo fluvial, historia e gastro-

- nomía local
- **Ourense:** 28 de setembro
Montes de Ourense, flora, fauna e prehistoria
 - **Riotorto:** 4 de outubro
Historia, sabores e patrimonio local
 - **Barreiros:** 5 de outubro
Patrimonio e lendas das augas santas
 - **O Vicedo:** 11 de outubro
Cabanas convertidas en teatros
 - **Burela:** 12 de outubro
Historia da pesca e cultura mariñeira

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³, 1,7 m³ Y 2,1m³

ENCHILLAS MAÍZ MODELO CORISTANCO

TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

MAQUINARIA

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

Catro GDR galegos únense a través de escape rooms temáticos

Catro Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) galegos —Terras de Miranda, Seitura, Montes e Vales Orientais e Terra Chá, este último como entidade coordinadora— poñen en marcha un ambicioso proxecto de cooperación co obxectivo de dinamizar o turismo interior e poñer en valor o patrimonio cultural e natural dos seus territorios.

Este leva por nome Xogal e consiste na creación dunha rede de escape rooms, repartidos entre os catro GDR. O primeiro xa foi o 28 de agosto en Vilalbam e estivo ambientado na figura histórica dos Andrade, unha temática común a varios dos espazos que se proporán ao longo da campaña.

As próximas convocatorias terán lugar en distintas localidades: en Neda o 19 de setembro ás 18.00 horas, en Mondoñedo o 20 de setembro ás 16.30 horas, en Ribadeo o 27 de setembro ás 11.00 horas e en Viveiro o 4 de outubro ás 11.30 horas. Xa nos meses de outubro, a seguinte cita será en Navia de Suarna o día 10 ás 11.00 horas, en Ortigueira o 11 de outubro




á mesma hora, en Pedrafita o 19 ás 11.00 horas e, finalmente, en Abadín o 25 de outubro tamén ás 11.00 horas.

A participación nas actividades é gratuíta, mais será preciso inscribirse a través dunha plataforma en liña habilitada especificamente para o proxecto. As probas están pensadas para maiores de 12 anos que poden xogar en grupo e permitirán aos asistentes descubrir os recunchos máis descoñecidos de cada territorio mentres resolven enigmas e desafíos relacionados coa historia e cultura local.

Ademais da experiencia en si, o proxecto ofrece incentivos adicionais: todos os participantes que completen a proba entrarán no sorteo dunha cesta con produtos típicos das catro comarcas implicadas. Ao finalizar cada escape room, celebrase tamén unha degustación aberta ao público, na que se poderán saborear produtos locais.

Os gañadores das diferentes edicións recibirán como premio experiencias sorpresa noutros territorios, co fin de seguir promovendo o intercambio cultural e a conexión entre zonas rurais galegas.

Burela e Barreiros reciben unha achega para realizar auditorías nas redes de auga



Os concellos de Barreiros e Burela recibirán apoio económico para reforzar as súas redes de saneamento, nunha convocatoria de axudas destinada a mellorar o funcionamento destes servizos municipais. En Barreiros, a achega permitirá acometer obras de mellora nas instalacións, centradas na redución de infiltracións no sistema de saneamento. Trátase dunha das intervencións máis directas previstas na provincia, cun investimento que forma parte dun total de 220.000 euros repartidos entre cinco municipios.

No caso de Burela, a actuación consistirá na realización dunha auditoría técnica para diagnosticar o estado da rede e identificar posibles deficiencias. O estudo busca

ofrecer unha radiografía precisa da situación para planificar con garantías futuras intervencións.

En conxunto, son 15 os concellos lucenses beneficiados, con achegas que suman 361.300 euros. Unha parte destínase a obras en rede, e a outra a auditorías técnicas, como a que se desenvolverá en Burela.

O delegado territorial en Lugo, Javier Arias, explicou que a resolución das ordes de 2025 se publicou recentemente no Diario Oficial de Galicia. Subliñou, ademais, que malia ser competencias municipais, as administracións locais contan dende hai anos con apoio económico e técnico para poder garantir un servizo de saneamento axeitado.

Acusan á Xunta de desentenderse da Unidade de Atención Temperá

O BNG de Burela volveu criticar á Xunta de Galicia pola situación da Unidade de Atención Temperá (UAT) do municipio. A formación lembra que o 23 de xuño o deputado mariñán Dani Castro presentou no Parlamento unha pregunta e unha Proposición non de lei para que a Administración autonómica asuma a xestión directa do servizo antes de final de ano, en diálogo cos concellos implicados.

A resposta da Consellería de Política Social e Igualdade non convenceu ao grupo nacionalista. A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade de Burela, Sandra Fernández, afirmou que o documento oficial “está cheo de

inexactitudes e tenta desviar a atención para non asumir responsabilidades”. Recordou que a unidade é municipal desde 2006, cando deixou de depender da Mancomunidade da Mariña, e subliñou que a Xunta só financia os custes de persoal, mentres que o Concello debe cubrir instalacións, limpeza, mantemento e material.

Fernández considerou “especialmente grave” a versión da Consellería sobre a praza de logopeda. Negou que os servizos sociais aceptasen a externalización e explicou que o solicitado foi que a Xunta asumise a contratación. “Xa estamos tramitando unha contratación provisional por

nove meses para garantir o servizo, porque defendemos uns servizos públicos de calidade fronte ás fórmulas privatizadoras ás que a Xunta recorre habitualmente”, sinalou.

Pola súa parte, Dani Castro cualificou a resposta autonómica de “descoñecemento absoluto” da realidade da unidade. Advertiu de que o actual espazo non permite ampliar persoal e que o Concello xa pediu a cesión da antiga Casa do Mar para mellorar a atención. Insistiu en que a competencia é autonómica: “Non é asumible que un concello manteña un servizo sociosanitario cun cadro de profesionais maior que o dun centro de saúde”.

COÑECE A TÚA PROVINCIA



A Deputación puxo en marcha a quinta edición do programa Coñece a túa provincia, que entre setembro e outubro levará preto de 1.200 persoas a distintas rutas gratuítas pola Mariña. As excursións inclúen visitas a espazos naturais, patrimoniais e culturais como o museo do mel do Valadouro, a Finca Galea, o castelo de Alfoz ou as praias do Vicedo.

Quando necesitas energía limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



AS BANDAS DE MÚSICA

Tradición e futuro da cultura galega

A comunidade autónoma de Galicia conta, desde o século XIX, con centos de bandas de música popular que desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura tradicional e na creación de lazos que unen xeracións a través da música

Por Raquel Pérez.

En Galicia existen hoxe en día centos de bandas de música tradicional que, desde o século XIX, veñen desempeñando un papel esencial na difusión da cultura popular, dentro e fóra da comunidade. Este tipo de agrupacións non só proxectan o folclore galego máis alá das nosas fronteiras, senón que tamén cumpren unha función social, creando lazos entre xeracións a través da música e da tradición, ao tempo que actúan como verdadeiras embaixadoras culturais dos concellos aos que representan.

As primeiras agrupacións xurdiron no século XIX, inspiradas nas bandas militares. Moitos directores e músicos formados nese ámbito atoparon nestas formacións civís un espazo onde continuar a súa práctica musical e abrir novas oportunidades profesionais. Desde entón, Galicia viu nacer centos de bandas que seguen hoxe a enriquecer o seu patrimonio cultural e que se expanden por todo o territorio.

REFERENTES HISTÓRICOS

Entre todas, a Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia. A súa historia, marcada por divisións e posteriores reunificacións, consolidouna como un símbolo da música popular galega. Ao longo da súa historia, actuou en Europa e América, conta con máis de vinte premios internacionais e, desde os anos setenta, mantén unha escola de música que continúa formando



novas xeracións. Por este título de banda máis antiga de Galicia compite tamén A Lira de Ribadavia que, aínda que

Ese florecemento continúa hoxe con novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición

o primeiro documento oficial que acredita a súa existencia é do ano 1840, existen documentos previos de comezos de 1800 que deixan entrever a súa presenza. A súa historia, ao igual que o de outras moitas

agrupacións, estivo atravesada por tensións que remataron por dividir a agrupación ata a súa reunificación en 1894. Desde entón, acumulou unha decena de premios en certames nacionais e internacionais e segue sendo un pilar cultural na comarca, convertendo Ribadavia nun referente da cultura popular de bandas en toda Galicia.

A seguinte en xurdir foi a Banda Municipal de Santiago de Compostela, creada en 1848 e profesionalizada en 1876, que marcou época cos seus concertos de paseo na Alameda e na Rúa do Vilar.

Pola súa parte, a Banda Municipal de Celanova, fundada en 1853, tamén está considerada unha das máis antigas de Galicia e, ao longo da súa historia, consolidouse como

unha institución clave na vida cultural da vila, desenvolvendo unha importante labor educativa e fomentando a cultura e a música tra-

A Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia

dicional entre os máis pequenos. Tamén centenaria é a Banda de Música de Ortigueira, creada en 1860 por Florentino Castiñeiras, organista da Igrexa de Santa Marta. Tras anos de altos e baixos, a ban-

da chegou a desaparecer en 1960 e non volveu rexurdir ata 1992, baixo a batuta de Francisco Aliaga. Porén, a banda tal e como a coñecemos renaceu oficialmente en 2005, tras a unión da Banda Escola de Música de Ortigueira e a Banda Cultural. Hoxe é unha das máis recoñecidas do territorio e alcanzou, ao longo da súa historia, un gran prestixio internacional.

LUGO, TERRA DE BANDAS

Tamén durante o século XIX a provincia de Lugo representou un dos escenarios máis fértiles para este fenómeno cultural. Alí naceu en 1865 a Banda de Música de Chantada, fundada polos irmáns Fernández, coñecidos como Os Ferraías, autores da coñecida Muiñeira de Chantada. Desde entón, pese a algúns altibaxos nos anos 70, a formación logrou manter unha traxectoria de máis de século e medio, marcada pola súa capacidade de adaptación e por unha intensa labor educativa e comunitaria, que hoxe en día continúa.

Pouco tempo despois, en 1869, xurdiu a Banda de Música de Sober, grazas á iniciativa de Casimiro Pérez López, coñecido como "O Chá", que comezou a reunir varios músicos da zona. Tras atravesar etapas de crise, consolidouse definitivamente en 1975 coa creación da súa escola de música, que hoxe conta con máis dun centenar de alumnos.

Un ano despois, en 1870, na parroquia de Farbán, naceu a Banda de Música de Sarria como unha



agrupación de carácter lúdico para poñerlle música as festas da comarca de Sarria e despois nas distintas casas do pobo. Na actualidade, segue a ser un motor cultural da vila, con máis de 60 integrantes e unha escola de música activa, que conta con arredor de 250 alumnos, entre os que destacan os pequenos, que poden cursar 'Estimulación musical temperá' a partir de 6 meses, unha iniciativa que tivo moi boa aceptación. Pero a meirande parte do alumnado da escola está formada por nenos e nenas de entre 6 meses e 10 anos, aínda que hai aulas de adultos, que acollen persoas de ata 70 anos. Ademais, a Banda de Música de Sarria conta cunha formación bastante clásica, con instrumentos de vento e percusión, como violonchelos, óboes, frautas, clarinetes, trombóns, trompetas, contrabaixo, piano, o baixo eléctrico e a batería.

de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol, xurdido en 2007. A banda naceu con apenas unha decena de alumnos e un único profesor, Armando Morales, que hoxe exerce como director. Moi pronto, grazas ao traballo dos seus membros, a agrupación consolidouse como motor cultural da comarca, apoiada tamén polo esforzo conxunto dos municipios participantes, polo compromiso do profesorado e polo respaldo constante da Asociación Músico Crisanto, presidida por Pablo Rábade.

Na actualidade conta con preto de 300 alumnos e 26 profesores, e deu lugar a formacións tan diversas como a Murajazz Big Band, a súa versión xuvenil, grupos de pandeireiras, a Banda de Gaitas Sons da Chaira, un coro e a propia Banda Sons e Soños. O seu primeiro ensaio tivo lugar en xuño de 2011 e, ape-



mentos en certames da Federación Galega de Bandas de Música Populares, incluíndo primeiros premios en 2019 e 2022, e mantén unha actividade constante en Galicia e Castela e León, participando en festivais de bandas e levando a súa música ás festas patronais do municipio e da súa contorna. Nos seus 17 anos de historia está xa ben consolidada como unha das máis relevantes do territorio e xogou un papel fundamental na recuperación da tradición deste municipio, que chegou a contar con ata oito bandas. Do mesmo xeito, a Banda da Escola de Música Municipal de Vilaboa, nacida en 2015, consolidouse nos seus dez anos de historia como unha das formacións xuvenís máis activas de Galicia. A banda foi creada para dar continuidade á formación de alumnos de vento, percusión e corda, pero pronto pasou a ser un referente cultural do municipio, participando en distintos eventos e festivais, e logrando o segundo premio no XIII Certame Galego de Bandas de Música na categoría infantil.

Na mesma liña renovadora desta-

ca a Banda de Música da Comarca de Sarria, nacida no verán de 2023 e que, do mesmo xeito que Sons e Soños, ten vocación intermunicipal. O proxecto reúne, baixo unha única dirección a músicos de Láncara, O Incio, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela. O proxecto, que naceu coa clara vocación de enriquecer a vida cultural da zona e manter viva a tradición, non tardou en consolidarse. O seu primeiro concerto coincidiu coa festividade de Santa Icí, en novembro de 2023 e, apenas un ano despois do seu nacemento, en xullo de 2024, impulsou o Festival de Bandas da Comarca de Sarria, converténdose nun espazo de colaboración interxeracional e de intercambio cultural.

A súa creación é a demostración que, aínda hoxe, as bandas de música xogan un papel fundamental na vida comunitaria, especialmente nos núcleos rurais, animando festas e verbenas e mantendo viva a tradición musical popular por todo o territorio, especialmente nos núcleos rurais.

NOVAS AGRUPACIÓNS

Se o século XIX foi o punto de partida, o XX supuxo a auténtica explosión do movemento, especialmente nas súas últimas décadas. Naqueles anos, tras superar unha época escura e de estancamento do movemento durante a Guerra Civil, naceron un gran número de agrupacións municipais e comarcais, como a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo ou as de Ordes, Brión, Bueu, Teo, Cambre e Cedeira, consolidando as bandas como unha parte imprescindible da vida comunitaria, especialmente no rural.

Ese florecemento continúa hoxe con novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición. Un exemplo é a Escola e Banda Municipal de Música Sons e Soños, un proxecto que une aos municipios

nas seis meses despois, xa ofrecía o seu concerto inaugural. Desde entón mantén unha actividade constante e nos últimos anos actuou en escenarios como o Lugo Music Festival, en Tenerife ou na emblemática Praza das Praterías de Santiago. Neste panorama recente destaca tamén a Banda Filharmónica de Lugo, creada en 2013 polo director Iván Martínez Sabio xunto a músicos vencellados á Sociedade Filharmónica e ao Conservatorio Xoán Montes. Desde os seus inicios, a banda organizou cursos de dirección e gravou un disco que a consolidou no ámbito rexional.

Outro dos exemplos máis recentes do rexurdir da música tradicional é a Banda de Música Santádegade Coles, fundada en 2008 polo pianista Luis Humberto Cao. Con máis de sesenta músicos, obtivo recoñece-



NOVAS

foz

Instalados catro minipuntos limpos para facilitar a reciclaxe no casco urbano

O Goberno local vén de instalar catro minipuntos limpos de proximidade no casco urbano, co obxectivo de mellorar a xestión de residuos e fomentar a reutilización. A actuación, cun orzamento total de 18.125,80 euros, foi financiada nun 90% con fondos da Unión Europea – Next Generation EU, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia xestionado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O 10% restante foi achegado polo propio Concello.

O alcalde, Fran Cajoto, salientou que “debemos fomentar a cultura da reutilización e da reciclaxe: producir menos lixo, xestionalo mellor e coidar conxuntamente do noso concello”. O rexedor indicou que a nova infraestrutura facilitará que os veciños dispoñan de lugares próximos para depositar materiais de reciclaxe específicos. “Moitos nos preguntaban onde levar lámpadas ou pilas. Agora será máis doado, pois colocáronse puntos de recollida na Avenida da Mariña, na rúa Álvaro Cunqueiro, na Avenida de Viveiro – fronte ao Gadis de Marzán – e na rúa Traperero Pardo, no inicio da Rapadoira. Pido a todos e todas que fagan bo uso deles”, engadiu.

O concelleiro de Medio Ambiente, Ángel Fernández Neira,



detallou que nestes minipuntos é posible reciclar cartuchos de impresora, lámpadas LED, pilas e baterías, lámpadas de baixo consumo, pequenos aparellos electrónicos e cápsulas de café de aluminio ou plástico. “Este servizo complementa á perfección o punto limpo móbil que percorre as parroquias”, precisou.

Cajoto concluíu lembrando que o Concello segue traballando na parte administrativa da nova licitación para a recollida selectiva do contedor marrón (orgánica), amarelo (envases) e azul (cartón). “Quero agradecer o esforzo dos técnicos municipais”, apuntou.

Os Sendeiros organizan unha nova ruta a Luarca o vindeiro domingo 14 de setembro

A asociación de sendeirismo Os Sendeiros convoca para o vindeiro domingo 14 de setembro unha nova saída de grupo que terá como destino Luarca, baixo o título “Encontro Estoupou G.M.”. A ruta está aberta a socios e acompañantes, e busca combinar deporte, natureza e convivencia nun ambiente participativo. A saída está prevista ás 7:30 horas desde Foz (Cenor Belianorte) e ás 7:45 horas desde Ferreira. O percorrido foi catalogado como de dificultade media, polo que a organización recomenda levar equipamento axeitado para a práctica do sendeirismo. O prezo da actividade inclúe o xantar,

e varía segundo a modalidade de socio: 50 euros para socios federados, 55 euros para socios non federados e 60 euros para socios temporais.

As persoas interesadas deberán inscribirse antes do domingo 7 de setembro, ben chamando aos teléfonos 606 718 482 e 670 369 017, ou a través do correo electrónico ossendeiros@yahoo.es.

Con esta iniciativa, Os Sendeiros manteñen o seu calendario de propostas ao aire libre, animando á veciñanza a participar en experiencias que poñen en valor o contacto coa natureza e o sendeirismo como actividade de ocio saudable.

Foz estrea un novo equipo para reforzar a limpeza viaria

O Concello de Foz vén de poñer en marcha un novo equipo destinado á limpeza viaria e de espazos públicos, adquirido cun investimento de 13.915 euros financiados a través do Fondo de Compensación Ambiental 2025. Trátase dun remolque de 750 quilos que pode ser desprazado por calquera vehículo municipal e que incorpora tecnoloxía avanzada para mellorar a eficacia das tarefas de mantemento.

O dispositivo inclúe unha hidrolimpadora de alta presión capaz de lanzar 15 litros de auga por minuto, un depósito de 400 litros, 100 metros de manguera, lanzas con diferentes boquillas, un sistema de desatascos con 25 metros de manguera e un lavapavimentos cun ancho de traballo de medio metro.

Segundo explicou o concelleiro de Limpeza Viaria, Ángel Fernández Neira, “o equipo é moi versátil. Na limpeza de beir-



arrúas conectámolo a unha toma de auga para traballar con caudal constante, pero tamén podemos empregar o depósito para chegar a puntos sen rede de abastecemento. É un sistema cómodo e moi práctico para o persoal municipal”.

O alcalde, Fran Cajoto, puxo en valor esta adquisición que “supón un novo avance para mello-

rar a limpeza do noso concello, un dos obxectivos prioritarios do goberno local”.

Ao mesmo tempo, lembrou a importancia da colaboración cidadá: “Pedimos civismo á hora de depositar o lixo nos contedores e respecto polo entorno. Manter un Foz limpo é responsabilidade de todos e todas”.

O PP acusa ao Goberno local de “fracasar” na xestión do socorrismo

O Partido Popular de Foz denunciou no pleno municipal o que cualificou como “fracaso total e absoluto” do Goberno local, liderado polos socialistas, na organización do servizo de socorrismo durante a tempada estival. O voceiro popular, Javier Jorge Castiñeira, sinalou que a situación era “alarmante” e poñía en risco tanto aos bañistas como aos propios traballadores do servizo.

Durante a sesión, Castiñeira preguntou cantos socorristas profesionais estaban operativos nas praias do municipio. A resposta indicou que só había seis socorristas titulados, mentres que os restantes oito postos, ata completar os 14 do cadro, estaban ocupados por auxiliares. Para o PP, esta cifra resultou “claramente insuficiente” e “perigosa para a seguridade dos usuarios”.

Segundo denunciou Castiñeira, a precariedade afectaba espe-

cialmente ás praias con bandeira azul, xa que en moitos casos non se puideron izar pola falta de persoal cualificado. Ademais, nalgúns areas non había socorristas determinados días da semana, quedando a vixilancia exclusivamente en mans de auxiliares.

O portavoz popular asegurou que a situación era “irregular e inxustificable” e advertiu do risco que supoñía tanto para a seguridade dos bañistas como para o desenvolvemento profesional dos traballadores. Recalcou que en caso dunha emerxencia, o persoal auxiliar non podía actuar directamente e debía chamar a outro servizo, algo que cualificou como “inaceptable e un risco evidente para a vida das persoas”.

Castiñeira tamén comparou a situación de Foz con outros concellos da contorna, sinalando que o municipio estaba “moi por detrás” en estrutura de socorrismo profesionalizado.

Detectado un caso de gripe aviaria

Un exemplar de gaivota patiamarella (*Larus michahellis*) recollido recentemente en Foz deu positivo en gripe aviaria de alta patoxenicidade (IAAP), segundo confirmaron as análises realizadas polo Laboratorio Central de Veterinaria de Algete, en Madrid.

O animal foi trasladado ao Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de O Veral, en Lugo, onde se lle practicaron as probas correspondentes antes da eliminación do cadáver conforme á normativa vixente.

Este positivo en Foz forma parte dos primeiros casos rexistrados en Galicia durante este 2025, que inclúen tamén outras gaivotas atopadas en diferentes puntos das provincias da Coruña e Pontevedra. Con todo, a detección en Foz supón un aviso directo para A Mariña, unha comarca cunha notable presenza de aves mariñas e con numerosas explotacións avícolas de pequena escala.

O virus identificado corresponde ao serotipo H5N1, que non se considera transmisible ás persoas. Porén, recoméndase non manipular aves enfermas ou mortas que poidan aparecer no medio natural e, en caso de atopalas, comunicar a súa presenza ás autoridades competentes.

“Loitar cun sistema que non funciona gasta moita enerxía”

A veciña denuncia atrasos, falta de seguimento médico e unha atención paliativa insuficiente, mentres coida a súa nai, dependente por mor da ELA

Por Ana Somoza.

Chus Sanjurjo Moscoso fala con voz firme, pero cargada de cansazo, cando explica a situación da súa nai, Teresa Moscoso. Leva meses, incluso anos, librando unha batalla diaria non só contra a dureza da enfermidade, senón tamén contra as carencias dun sistema sanitario que, di, “non está funcionando ben”. Teresa padece ELA bulbar, unha das formas máis agresivas da esclerose lateral amiotrófica, e agora depende ao cen por cen doutras persoas para calquera tarefa. “O ano pasado por estas datas aínda camiñaba e falaba, e en cuestión dun ano empeorou moitísimo”, relata Chus, resumindo nunha frase o avance fulminante da doenza.

DIAGNÓSTICO. A historia comezou moito antes do diagnóstico oficial, recibido en outubro de 2024. Chus asegura que a súa nai levaba entre cinco e oito anos con síntomas, pero o camiño ata poñer nome á enfermidade foi longo e cheo de obstáculos. “Dende atención primaria, o seu médico de cabeceira negouse varias veces en derivala ó neurólogo”, lembra con frustración. Finalmente, a familia decidiu acudir á medicina privada, onde o primeiro diagnóstico foi de párkinson. “Dende ese primeiro diagnóstico ata o definitivo pasaron máis de dous anos”, recalca, subliñando o tempo perdido mentres a enfermidade avanzaba.

SEGUIMIENTO. Cando chegou a confirmación da ELA bulbar, a familia xa intuía que a situación era grave. A deterioración física de Teresa, conta Chus, foi vertixinosa. Agora,

non pode valer por si mesma en ningún aspecto, e require coidados constantes. Pero para a súa filla, o golpe non vén só da enfermidade: tamén da ausencia de seguimento médico coordinado que, segundo di, debería recibir nun hospital cunha unidade específica de ELA. “Tería citas programadas, e todas o mesmo día, como pasa noutros hospitais”, explica, deixando claro que esa é a práctica habitual en centros mellor preparados. No caso de Teresa, a realidade é outra. O contacto cos especialistas redúcese a chamadas telefónicas esporádicas. “O neumólogo cítame telefonicamente, igual que o neurólogo. O endocrino só a viu unha vez e xa non nos citou máis. O médico rehabilitador tampouco nos chamou nunca, e o servizo de psicoloxía aínda estamos esperando

“A vida digna destes enfermos depende de recursos que non están dispoñibles”

a que nos chamen”, enumera, case de memoria, a lista de portas que seguen pechadas. A atención domiciliar é igual de limitada. Chus explica que os médicos só se desprazan á casa se a paciente está ingresada ou se chama ao Punto de Atención Continuada durante a fin de semana. “O servizo de paliativos é telefónico porque non teñen suficiente persoal, igual que a atención primaria. Enfermaría si que acode a domicilio, se non é ese día, ao seguinte”, matiza, recoñecendo ao menos ese apoio.

As visitas presenciais dos paliativos, di, son practicamente inexistentes. “Basicamente é para resolver dúbidas ou cambios de medicación. Soen citarme cada tres semanas. Pero ao teléfono sempre responden polas mañás”, admite. Para ela, esa frecuencia é claramente insuficiente. “No caso da enfermidade de miña nai, e na fase na que se encontra, cada quince días deberían facerlle unha visita, baixo o meu punto de vista”, reclama.

ABANDONO. Chus é consciente de que moitos interpretan estas denuncias como un ataque ao persoal sanitario, pero quere deixar claro que non é así. “Non culpo aos médicos, é un problema de falta de recursos. Non hai persoal suficiente, e o pouco que hai está saturado”, afirma. Para ela, a raíz do problema está tamén na organización e na comunicación: “Funciona moi mal dende a base. A atención primaria é moi deficiente. Tamén vexo moita falta de organización e pouca comunicación entre os diferentes especialistas”. A súa voz endurece cando fala do que supón, como filla e coidadora, ter que suplir as carencias dun sistema que debería acompañala neste proceso. “Totalmente desbordada e saturada. Coidar a alguén dependente é moi duro e, encima, estar pelexando cun sistema que non funciona gástache moita enerxía. É moi frustrante”, confesa. A sensación de abandono é tan grande que, malia ter feito pública a situación, non recibiu ningunha resposta por parte das administracións sanitarias. “Ningunha. Por parte da administración, nada”, resume. Se tivese diante ás autoridades sani-



tarias, Chus non dubida no que lles diría: “Que non miran polas persoas, que estamos completamente abandonados, e que o sistema sanitario actual está morto. Non cumpren co que din, véndenche un sistema sanitario que non é a realidade”. Á sociedade, pola súa parte, pídelles que entenda o que supón vivir con esta enfermidade e coidar dunha persoa que a sofre. “Deberíamos protestar máis, porque se non se fai parece

“A ELA é unha enfermidade moi cruel, moi dura e, de momento, sen cura”

que todo funciona ben, cando a realidade non é esa. Hai que mobilizarse e unirse”, insiste. Describe a ELA como “unha enfermidade moi cruel, moi dura e que de momento non ten cura”. Nas fases avanzadas, lembra, require coidados as 24 horas do día, os sete días da semana. E a axuda que chegan a recibir das administracións, sentencia, “é totalmente insuficiente”. Por iso decidiu contar a súa historia: “Quero dar visibilidade, que se saiba que o sistema sanitario non está funcionando ben. Se alguén

está na mesma situación ou parecida, que proteste tamén. E se podo axudar a que no futuro isto mellore, sería unha satisfacción”. Tamén quere romper o mito de que a ELA é unha doenza moi minoritaria. “Cada día hai máis casos e necesítanse moitos recursos para poder darlles unha vida digna a este tipo de enfermos”, asegura. A súa porta está aberta para quen queira poñerse en contacto con ela: “Se alguén con esta enfermidade ou os coidadores, ou xente en situacións similares, se quere poñer en contacto comigo para unir forzas ou simplemente compartir experiencias, que non dubide en facelo. Eu axudarei en todo o que poida”.

RECURSOS. No fondo, o que Chus Sanjurjo pide non é extraordinario: visitas médicas máis frecuentes, coordinación entre especialistas, recursos para atender ás persoas que non poden moverse da casa, e que as familias non teñan que librar unha dobre batalla contra a enfermidade e contra o sistema. Mentres iso non chegue, seguirá loitando e contando a súa historia, convencida de que calar é perpetuar o problema. Porque, como di ela, “se non se protesta, parece que todo funciona ben, e non é así”.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A III Xuntanza de Vehículos Clásicos será o 13 de setembro

Presentouse a terceira edición da Xuntanza de Vehículos Clásicos, que se celebrará o sábado 13 de setembro no aparcamento dos Castelos, en Covas. A xornada arrincará ás 10:00 horas coa recepción dos participantes e a inscrición á ruta. Ás 12:00 horas iniciárase un percorrido turístico pola zona, acompañado de pinchos e sesión vermú. Xa pola tarde, ás 20:00 horas, haberá música en directo no Discobar Flora de Area, mentres que a festa continuará a partir das 22:30 horas na Conservera de Celeiro, co concerto do grupo Sr Salvaje. As persoas interesadas poderán inscribirse ata o 9 de setembro a través dos teléfonos 699 249 738 (Sandra) e 650 652 073 (David). O custo é de 35 euros para adultos, 20 para mozos de entre 5 e 15 anos, e gratuíto para menores de 5. A inscrición inclúe unha camiseta conmemorativa e diversos agasallos. Dende o Concello animase á veciñanza e visitantes a participar nun evento que mestura motor, música e lecer, consolidándose como unha cita destacada do calendario local.

A vila aposta pola imaxinación coa Ruada de Contos

O Concello organiza unha nova edición da Ruada de Contos, unha proposta xa consolidada no calendario cultural do verán, pensada para a cativada e tamén para o público familiar. A praza de Santa María será, un ano máis, o escenario onde a palabra, a música, a comedia e a maxia se mesturen en catro citas que buscan poñer en valor tanto a tradición oral como a creatividade contemporánea. O ciclo xa comezou o día 2, e continuará o martes 9 coa chegada de Dani García e o seu novo espectáculo TIN. Logo do éxito de Don Gelati, o mago presenta unha máquina escénica que se move e xira para resolver misterios a través de xogos de maxia colaborativa co público. Levitacións, desaparicións e retos imposibles darán forma a unha montaxe concibida expresamente para a rúa. Pechará a Ruada de Contos o xoves 11 Fran Rei con Superheroe, unha reflexión en clave de humor e maxia sobre a vida cotiá. O artista propón ver a pais e nais como verdadeiros heroes e heroínas, quen, día a día, fan fronte aos desafíos e logran auténticas fazañas coas pequenas cousas.

O PP reclama a cesión gratuíta do antigo colexio de Celeiro ao Concello



O Partido Popular impulsará unha nova ofensiva institucional para reclamar ao Goberno central a cesión gratuíta do antigo colexio Antonio Pedrosa Latas de Celeiro ao Concello de Viveiro. A iniciativa será defendida no Senado polos representantes lucenses José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, quen presentaron a proposta nunha rolda de prensa acompañados pola alcaldesa Mariña Gueimunde e concelleiros populares. Os populares lembraron que xa en 2021 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade esta mesma petición, pero sen avances por parte do Executivo socialista. Critican a falta de vontade de colaboración da

administración central e tamén do anterior goberno local. O inmoble, pertencente á Tesouraría da Seguridade Social, permanece pechado desde 1998, sen uso e en progresivo deterioro. Os populares reprochan ao Estado que intentase subastalo “sen éxito” e que priorizase o beneficio económico sobre a cooperación co municipio. A proposta actual aposta por recuperar o edificio para servizos públicos, como sede da Escola Oficial de Idiomas ou como centro para asociacións locais. A alcaldesa destacou a alta demanda de espazos por parte do tecido social e urxiu unha solución.

Viveiro clausura o proxecto de reforzo educativo e lecer



O Concello de Viveiro, a través da Oficina Municipal de Voluntariado, puxo o punto final o pasado venres 22 de agosto ao Proxecto de Reforzo Educativo, lecer e tempo libre, unha proposta social e educativa orientada a nenos e nenas en situación de desvantaxe. O acto de clausura celebrouse na Sala Multiúsos do Concello, onde participantes, voluntariado e persoal técnico compartiron un pequeno petisco de despedida. O programa desenvolveuse ao longo dos dous meses de verán nas instalacións do Centro de Servizos Sociais, cun total de 17 menores de entre 6 e 12 anos. Para levalo a cabo contou coa implicación de 7 persoas voluntarias e 2 técnicos municipais, que

traballaron conxuntamente para ofrecer reforzo escolar, actividades de ocio e espazos de convivencia que contribuíron ao desenvolvemento persoal e social dos rapaces. Durante xullo e agosto os nenos e nenas participaron en sesións de apoio educativo, xogos e obradoiros de tempo libre, así como en colaboracións con distintos servizos municipais, entre eles a Biblioteca, a Policía Nacional ou o Campamento Municipal de Verán. Ademais, tiveron ocasión de sumarse a accións organizadas por entidades como o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) ou Solidariedade Internacional de Galicia.

O PSOE pide actuacións urxentes na Ponte Maior e nos aparcadoiros

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Viveiro presentou tres rogos no pleno para reclamar actuacións en cuestións que, ao seu xuízo, afectan de maneira directa á seguridade e á calidade de vida da veciñanza: a conservación da Ponte Maior, os aparcadoiros indebidos en zonas peonís e a falta de información sobre o vertido de purín rexistrado en xuño. O concelleiro socialista Jesús Fernández alertou do deterioro que sofre a Ponte Maior ou da Misericordia, tanto polo seu valor patrimonial como polo seu uso diario. Advertiu de que existen sinais de desprazamento no muro posterior aos arcos e que a rampla segue sen reparar, polo que pediu unha revisión urxente da estrutura, con especial atención aos tajamares, e a adopción de medidas correctoras se se detectan deficiencias. Outro dos rogos trasladou as queixas do barrio de Lodeiro pola presenza continua de coches sobre as beirarrúas, o que dificulta a mobilidade peonil e supón un risco evidente para persoas maiores, familias con carriños ou veciños con discapacidade. Fernández advertiu que a situación é especialmente grave pola proximidade dun parque infantil e dunha pista de xogos. Tamén fixo referencia á Avenida de Cervantes, onde, segundo dixo, se



produce un “uso descontrolado do espazo público”, con condutores que ignoran os límites de velocidade nunha vía preferentemente peonil. O grupo pide máis sinalización, vixilancia e control policial. Pola súa banda, a voceira socialista María Loureiro reclamou a convocatoria dunha xunta de voceiros para dar explicacións sobre o vertido de purín do 6 de xuño. Lembrou que o PSOE solicitou esa reunión en dúas ocasións sen resposta, e criticou o silencio do goberno local do PP. Subliñou que a veciñanza ten dereito a coñecer que ocorreu e que responsabilidades se van asumir. O PSdeG reclama transparencia, responsabilidade e maior implicación da alcaldesa ante estes problemas.

A Xunta licita as obras para reducir o risco de inundación no río Fontecova

A Xunta de Galicia sacou a licitación as obras de mellora no río Fontecova, en Viveiro, cun investimento de 812.624,75 euros con IVE. As empresas poderán presentar ofertas ata o 19 de setembro de 2025 e o prazo de execución será de oito meses. A actuación forma parte do convenio de colaboración entre a Xunta, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro, financiado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia a través do programa europeo NextGenerationEU, que se mantén vixente ata finais de 2026. Do orzamento, Augas de Galicia asumirá o 61 %, mentres que Deputación e Concello achegarán a parte restan-

te a medias. O proxecto céntrase na ARPSI Río Fontecova, catalogada de risco elevado dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. A intervención responde ás propostas de xestión de inundación elaboradas por Augas de Galicia en coordinación co consistorio. As obras prevén incrementar a capacidade hidráulica nun tramo de 280 metros, zona sometida a presión urbanística e onde as crecidas afectan vivendas en A Tafona. Os traballos, que abrangerán 11,3 quilómetros, dividiránse en catro treitos e incluírán canalización das marxes, melloras no azude e urbanización de pavimentos.

Sons de Celeiro: compromiso, música e unha ausencia que doe

Daniel Caxete é o director do grupo musical que defende con orgullo a identidade, mais denuncia a súa exclusión das festas por decisión do Concello

Por Ana Somoza.

O director da agrupación Sons de Celeiro, Daniel Caxete, recorda con claridade como xurdiu aquel proxecto que, máis dunha década despois, continúa a ser unha referencia cultural en Viveiro. “Foi arredor do ano 2012 cando todo comezou”, explicaba. O impulso inicial partiu dun vello amigo, Bernardo Fraga, daquela presidente de Penalba e hoxe integrante do grupo político Por Viveiro. El foi quen tivo a idea de crear “algo musical, un grupo ou algo pequeno”, lembraba Caxete. O propio director recoñecía que aceptou o reto con condicións: “Eu díxenlle que tiña que ser un proxecto serio, que senón non o facía”. Así naceu Sons de Celeiro, un nome que, segundo destacou, foi tamén un acerto do propio Fraga, quen bautizou á agrupación. O tempo acabou por darlle a razón: dende aquela, a formación consolidouse con discos, concertos e un traballo constante a prol da música mariñeira e da memoria dun pobo.

HISTORIA E FILOSOFÍA. Daniel Caxete relatava que Sons de Celeiro se formou cunha vocación moi clara: interpretar cancións vinculadas ao mar e á tradición. “O noso repertorio é de canción mariñeira, incluso facemos unha variedade de baladas, habaneiras, algún fado...”, enumera. A aposta pola creación propia é case absoluta: “O 99 % son cancións nosas, escritas por min”, sinala con orgullo. Nos tres discos xa editados, con arredor de quince temas cada un, aparecen esas composicións que falan “do mar, do barco, da xente mariñeira”, aínda que tamén se inclúen versións adaptadas ao estilo propio do grupo.

“Fixemos á nosa maneira a mítica Catro vellos mariñeiros”, lembra. Na actualidade, Sons de Celeiro conta con doce cantantes e un técnico de son. A independencia organizativa é outro dos sinais de identidade: “Temos o noso propio equipo, polo que os sitios onde nos contratan ou actuamos solidariamente non teñen que poñer o material”, subliña Caxete. A filosofía, insiste, é clara: “O que queremos é divulgar a nosa música e que a xente nos escoite e disfrute”. Ese empeño tradúcese tamén no mantemento dunha canle de Youtube, con arredor de sesenta vídeos dispoñibles para quen queira coñecer o seu traballo.

UN LABOR CULTURAL E SOCIAL.

Pero Sons de Celeiro non se limita a actuar en escenarios ou festivais. A súa actividade, en palabras de Caxete, é “nun 70 % altruista ou solidaria”. Relata que en Celeiro xa organizaron cinco ou seis festivais en colaboración con Cáritas e, cada 12 de xullo, durante catorce anos cantan na misa en honra aos náufragos falecidos na Galerna. “Nunca cobramos absolutamente nada, e o seguiremos facendo mentres o grupo siga vivo”, asegura. As aparicións en espazos televisivos como Luar tamén forman parte do historial da agrupación, que se move sempre entre a difusión cultural e o compromiso comunitario.

CELEIRO E VIVEIRO NA MÚSICA. Un dos piares da agrupación é o orgullo de lugar. “Se hai algún grupo que defenda a cultura de Viveiro ou Celeiro a través da música, somos nós”, afirma o director. Nos discos sempre reservan espazo para cancións dedi-

cadadas á vila. “Temos un tema, ‘O Estandarte’, que fala do barco o día da procesión; e outro, ‘O Barco’, sobre cando as embarcacións saen cara a Gran Sol”, explica. Ese último tema, engade, leva unha fonda carga simbólica. “Ten unha tendencia relixiosa, pois os barcos antes de saír pola rúa adiante tiran cara o Ecce Homo, botan unhas moedas e despois xa dan media volta e marchan”, detalla. O retrouso, recordaba, comeza con ese verso tan evocador: “O barco pon proa ao santo, o mar é un manto de azul celeste”.

RETOS DE FUTURO. Preguntado polos retos, Caxete é directo: “Agora mesmo o que buscamos é financiamento para a gravación do novo disco, do que xa temos as cancións listas”. A vontade creativa segue intacta, pero o factor económico converteuse nun muro difícil de salvar sen axudas.

A POLÉMICA AUSENCIA. O tema que marcou a actualidade recente foi a ausencia de Sons de Celeiro das festas patronais e de verán de Viveiro en 2025. O propio director recoñece que se viron obrigados a facer público un comunicado porque “a xente preguntábanos pola rúa e nas redes sociais os motivos da ausencia, e queríámolo deixar claro”. Segundo relata, nun primeiro momento o novo goberno municipal confirmáralles a súa participación. “A alcaldesa chamounos e preguntámonoslle se contarían con nós este ano. Ela dixo que si, que non había problema”, aseguraba. Porén, poucos días despois chegou a sorpresa: “Chamou a parte do grupo para pre-



guntarlle se cobraban. Isto xa me estrañou moito, pois unha alcaldesa debería saber se cobramos ou non, porque as contas están alí”, apunta. A resposta oficial foi que “non había orzamento” para pagarles. Ante esa situación, a agrupación tratou de buscar unha solución. “Dixémoslle que podíamos baixar algo o diñeiro, ou actuabamos este ano e nos presupostos do vindeiro metían o deste ano e punto. Máis claros e máis colaboracionistas non puidemos ser”, explicaba Caxete.

DÚBIDAS SOBRE O ORZAMENTO.

No comunicado emitido, Sons de Celeiro puxo en cuestión a escusa económica. “Esta decisión parécenos difícil de comprender, especialmente cando o Concello anunciou hai uns días subvencións por un total de 188.000 euros para a promoción turística e cultural”, sinala. A pregunta que lanza é contundente: “Se non se nos paga nunhas festas patronais, cando se nos vai pagar?”.

O IMPACTO NA VECIÑANZA. A exclusión das festas de Viveiro ten unha dimensión que vai máis alá do grupo. “Non só nos deixou fóra dunhas festas nas que participamos dende hai anos, senón que tamén mostra unha falta de consideración cara ao traballo dos artistas locais”, afirma o director. Lembra que Sons de Celeiro nunca contou con subvencións nin axudas de ningunha Administración, pero iso non significa que non preci-

sen recursos: “Necesitamos dun orzamento para poder seguir creando e cubrindo os gastos que xera o grupo, como calquera outro proxecto musical”, recalca.

UN VÍNCULO CO PÚBLICO. Caxete insiste nunha mensaxe de gratitude e desculpas ao público fiel que sempre os acompaña. “Gustárame pedir desculpas porque quixemos estar co noso público nas festas”, lamenta. Ao mesmo tempo, quere transmitir esperanza: “A vida continúa e poderán disfrutar da nosa música noutras ocasións, e noutros festivais”.

UN PROXECTO VIVO. O percorrido de Sons de Celeiro é a historia dun grupo que se fixo forte grazas á unión entre música, identidade e compromiso. Dende aquel 2012 no que dous amigos soñaron cun proxecto ata hoxe, a agrupación mantivo unha traxectoria chea de esforzo, de creacións propias e de colaboracións solidarias. O futuro inmediato pasa pola edición dun novo disco e pola continuidade dun traballo que, segundo o seu director, segue a ter sentido porque “o que queremos é divulgar a nosa música e que a xente nos escoite e disfrute”. A ausencia nas festas de Viveiro deixa un baleiro evidente, pero tamén reforza a mensaxe de Sons de Celeiro: a defensa da cultura local, da memoria mariñeira e da voz dun pobo que se recoñece nas súas cancións.

Oferta de empleo

Creando. Futuro. Juntos.

¿Qué buscamos?
Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

Funciones:

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

Requisitos:

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

Contacta con nosotros
Jesús Ángel Martínez Quelle, gestor de negocio Galicia Este
Rúa do Concello, 3 Enfo., 32003, Ourense
T 955 904 488, M 680 705 802
jesus-angel.martinez@helvetia.es

¿Qué ofrecemos?
Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

simple. claro. helvetia
Tu aseguradora suiza

RESTAURANTE
A FAROLA
A FAROLA GALASTUR
Tu lugar de tapeo en Foz
Cocina tradicional gallega y asturiana

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

O Vencello reclama á alcaldesa máis compromiso co presente e futuro da vila

A asociación O Vencello de Burela fixo público un comunicado no que se dirixe á alcaldesa, Carmela López Moreno, para pedir que combine a súa intensa actividade en redes sociais coa resolución de problemas actuais que afectan á vila.

Segundo recorda a entidade, “ninguén dubida da implicación da rexedora en internet, onde informa a diario das súas xestións municipais e mesmo comparte contidos de carácter divulgativo sobre a historia local”. Desde O Vencello consideran positiva esta aposta pola comunicación, mais engaden que “ás veces botamos en falta a mesma intensidade á hora de responder a peticións formuladas oficialmente a través do rexistro de entrada”.

O colectivo cultural pon como exemplo un dos últimos vídeos difundidos pola alcaldesa, no que amosaba imaxes e lembranzas de construcións que tiveron relevancia en Burela, como antigas tascas da Vila do Medio e da rúa Pascual Veiga, a casa que acolleu un primitivo salón de baile ou o edificio proxectado para o cine Mon. “Sempre é bo coñecer de onde vimos e como era a Burela do pasado, pero tamén cómpre falar do que pretendemos ser”, insisten.

Entre as demandas concretas, O Vencello solicita avances no coidado da antiga igrexa parroquial, un edificio histórico que, segundo su-

bliñan, non recibe intervencións de conservación desde 2006, cando se actuou parcialmente sobre as súas pinturas murais. “O seu estado é preocupante e cada ano empeora tanto no interior como no exterior”, alertan.

Tamén lembran a necesidade de melloras no campo de fútbol da Marosa, en particular nas bancadas e nos vestiarios, “unha obra reclamada dende hai anos e que segue sen materializarse”. Outro dos puntos que sinalan é a posta en valor dos terreos dos Castros, lugar onde apareceron pezas de grande valor como o Torques e a Arracada castrexa. “Sería desexable que Burela seguise o exemplo de concellos próximos como Xove ou Cervo, que desenvolven proxectos arqueolóxicos para consolidar os seus castros”, apuntan.

Finalmente, a asociación propón unha solución para o inmoble ruinoso que ía acoller o cine Mon: que o Concello negocie coa propiedade para adquirilo ou derrubalo, e que ese espazo se destine a aparcadoiro público, dado que se atopa nunha zona con forte déficit de prazas. En conclusión, O Vencello sinala que “é bo coñecer o noso pasado, pero máis importante resulta definir con claridade que futuro queremos e poñer os medios para conseguilo”.

Vaise instalar unha planta solar no pavillón Vista Alegre para a eficiencia enerxética

O Goberno local de Burela completou a instalación dunha planta solar fotovoltaica de autoconsumo no pavillón Vista Alegre, dentro do programa europeo FEDER 2021-2027, co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética das infraestruturas municipais. A planta, situada na cuberta do pavillón, conta cunha potencia de 20 kW e 56 paneis solares, capaces de cubrir case toda a demanda eléctrica do edificio. O investimento ascendeu a 27.050,76 euros, dos que o 60 % procede de fondos europeos, cunha subvención de 16.230,46 euros. O concelleiro de Obras, Ramiro Fernández, destacou que a actuación supón un aforro económico e ambiental, permitindo destinar os recursos



a mellorar servizos e realizar novas obras. A instalación evitará a emisión de arredor de 8,08 toneladas de CO₂ ao ano, contribuíndo á loita contra o cambio climático e reforzando o compromiso de Burela cunha administración máis sostible e eficiente.

Concello e sindicatos aproban por unanimidade a primeira RPT

O Concello de Burela deu un paso considerado histórico ao aprobar, por unanimidade na Mesa de Negociación, a súa primeira Relación de Postos de Traballo (RPT). O acordo contou co respaldo de todas as forzas sindicais con representación —CSIF, CIG, UGT e CCOO— e supón, segundo a alcaldesa Carmela López, “dispoñer dunha ferramenta clave para organizar o persoal, clarificar funcións e responsabilidades, e mellorar a coordinación interna para prestar un mellor servizo á veciñanza”.

A nova RPT recolle o organigrama municipal actualizado, un manual de procedemento, a valoración dos postos e as fichas descritivas de cada un deles. Este marco pretende adaptar o funcionamento da administración local á realidade actual, facilitando a planificación e modernización dos recursos humanos.



Ata agora, o Concello carecía deste instrumento, unha ausencia que dificultaba a xestión interna. A alcaldesa salientou que “acordamos por unanimidade un documento que se levaba anos reclamando e que era un compromiso firme deste equipo de goberno. É unha mellora que repercutirá directamente no funcionamento diario do Concello e, polo tanto, no servizo que reciben todos

os veciños e veciñas”.

López agradeceu especialmente “o traballo e implicación de todo o persoal técnico, asesores, representantes sindicais e do equipo de goberno que fixeron posible este acordo histórico”, subliñando que a nova estrutura permitirá avanzar cara a un modelo de xestión máis eficiente, equilibrado e transparente.

A Deputación mellorará a Escola de Música e a Casa da Xuventude

A Deputación anunciou a financiación da remodelación integral do exterior da Escola Municipal de Música e da Casa da Xuventude de Burela, situada na rúa Cancelo. O convenio de colaboración co Concello foi aprobado en Xunta de Goberno e suporá un investimento de 273.000 euros.

O proxecto contempla habilitar un espazo de espaxamento na parte traseira do edificio, con áreas axardinadas, mobiliario urbano, materiais de xogo,

bancos, porche cuberto, escaleiras e rampla de máis de cinco metros. Ademais, renovarase o pavimento da entrada e da fachada sur, instalaranse zonas verdes, unha mesa de *teqball*, aparcadoiros para bicicletas, luminarias, sistema de recollida de augas pluviais e instalación eléctrica, así como recebado e pintado de muros, retirando o peche perimetral para abrir o edificio á rúa.

Mario Pillado, tenente de alcaldesa de Burela, destacou que a

actuación responde ao Plan de Infancia, Adolescencia e Xuventude, buscando que os mozos sintan propio o espazo. Daniel García resaltou a importancia de situar á mocidade no centro das políticas municipais e de dotar de espazos públicos de calidade que fomenten a socialización e a participación.

A obra manterá a esencia da distribución dos anos noventa e terá un prazo de execución estimado de catro meses, unha vez licitada polo Concello.

O PP acusa ao goberno local de Burela de incumprir acordos plenarios e a normativa

O Grupo Municipal Popular cargou contra a alcaldesa e o executivo bipartito, aos que acusou de “constantes incumprimentos dos acordos plenarios e da normativa vixente”. Segundo os populares, esta situación repetíase en distintos ámbitos da vida municipal e supoñía “unha falta de respecto institucional e democrático”.

Un dos exemplos máis recentes foi a falta de publicidade do último pleno extraordinario. Mentres outros plenos foran anunciados en

tempo e forma, neste caso a convocatoria non se realizou segundo o regulamento, unha obrigación derivada dunha iniciativa presentada polo propio Grupo Municipal Popular e aprobada unánime por todas as forzas políticas.

A oposición tamén denunciou que se impediu ao seu portavoz intervir por alusións durante a sesión, algo que consideraron unha vulneración da norma e que silenciou respostas a cuestións relevantes.

No plano económico, criticaron a

xestión da alcaldesa, María del Carmen López Moreno, á que acusaron de basear o goberno en suplementos de crédito e transferencias extraxudiciais. Destacaron que en tres exercicios consecutivos —2023, 2024 e 2025— só lograra aprobar un único orzamento municipal, sinalando que isto evidenciaba un serio problema de gobernanza. Dende o PP local esixiron máis transparencia, respecto á legalidade e planificación económica estable.

Burela lanza unha campaña para reducir as cabichas nas praias

O Goberno local estreou unha iniciativa destinada a minimizar a presenza de cabichas nas praias e evitar que acaben no mar. Baixo o lema “Sen cabichas, praias máis limpas”, a campaña pretende loitar contra un dos residuos máis contaminantes dos areais, que poden afectar a biodiversidade mariña e aos fondos oceánicos. Cada cabicha é capaz de contaminar ata dez litros de auga mariña e tarda arredor de dez anos en degradarse.

A medida máis visible consiste na instalación de dúas estruturas de



madeira con dispensadores de cinzeiros portátiles, situadas nas praias da Marosa e do Portelo. Estes cinzeiros permiten cravar na area o cono e depositar nelas cabichas ou pequenos restos para baleiralos despois nas papeleiras e devolvelos á estrutura para un novo uso.

A alcaldesa, Carmela López, destacou que “non se trata só de manter os areais limpos, senón de protexer o noso mar. Un xesto tan sinxelo como usar un cinzeiro portátil pode evitar que as cabichas contaminen a auga e afecten á biodiversidade mariña”.

O Concello destina máis de 930.000 euros a novos proxectos

O Concello aprobou unha modificación de créditos de 931.435,96 euros, procedentes do remanente de tesourería para gastos xerais, deixando dispoñibles 4.035.499 euros. A concelleira de Economía, Patricia Eijo, indicou que a medida tiña como finalidade financiar diversas actuacións municipais. Entre elas figuraban o pago de solo dotacional, a adquisición dunha máquina de desbroce e dun furgón grúa para obras, así como a reforma da rúa que conecta as Casas Baratas coa Rúa Castelao e da Rúa Eijo Garay/Arcadio Pardiñas.

Ademais, contemplábase instalar un novo marcador no Campo de Fútbol da Marosa, renovar as luces da árbore de Nadal e mellorar espazos públicos como a Praza do Concello, o parque de Suafonte e o parque do Campón. Tamén se incluían lavabos no Parque Rosalía de Castro, asfaltado, renovación das instalacións da Marosa, acondicionamento de despachos para Servizos Sociais, sinalización turística e un espazo recreativo en Vilar.

Todas estas actuacións financiábanse co remanente, permitindo reinvertir fondos en melloras.

Impulsan a creación de novos aparcadoiros para bicis e VMP



O Concello continúa dando pasos cara a unha mobilidade máis sostible e accesible coa implantación de novas infraestruturas no casco urbano. A Policía Local vén de anunciar a creación de varios puntos de estacionamento específicos para bicicletas e vehículos de mobilidade persoal (VMP), en resposta á crecente demanda da veciñanza.

As novas zonas están situadas na rúa Nosa Señora do Carme —á altura do

cruce coa rúa da Pedra—, en O Campón e na rúa Álvaro Cunqueiro, tanto no seu encontro coa Avenida Arcadio Pardiñas como en puntos estratéxicos da vila. Todos os aparcadoiros contan con soportes ancorados ao chan que garanten a seguridade no estacionamento. Estas medidas forman parte dunha estratexia municipal máis ampla para promover desprazamentos máis limpos, seguros e eficaces dentro da vila.

As obras de canalización no Porto conlevan importantes restricións de tráfico

Xa comezaron os traballos dun novo tramo da obra de canalización no Porto de Burela, o que implicará restricións de tráfico significativas na rúa do Berbés durante aproximadamente tres meses, segundo informou a Policía Local. Entre as primeiras medidas aplicadas figura o corte da glorieta situada preto da entrada da lonxa, que quedará pechada ao tráfico durante unhas dúas semanas. Para permitir a saída dos camións desde a lonxa, habilitarase un xiro na explanada contigua, de maneira que poidan continuar cara á variante sen necesidade de pasar pola glorieta.

A circulación en sentido Foz quedará prohibida pola rúa do Berbés, e a vía irá cortándose progresivamente segundo avance a escavación. En calquera caso, non se

poderá saír cara Foz desde o Porto durante o tempo que duren os traballos.

Con todo, manterase o acceso tanto á lonxa como á zona portuaria e ao casco urbano de Burela a través da glorieta situada na avenida do Perdouro (zona do Eroski), sen que se vexa afectado ese punto de entrada.

Desde a Policía Local aclaran que todo este treito se atopa en zona portuaria, polo que non é da súa competencia directa, pero decidiron trasladar esta información en coordinación coa empresa adxudicataria da obra, como medida de colaboración.

A veciñanza e condutores están chamados a extremar a precaución e prestar atención á sinalización provisional, que se irá adaptando ao ritmo das intervencións.

O PP reclama transparencia nas contas das patronais

O PP presentou no pleno unha proposta para reforzar a transparencia na xestión municipal, centrada nas contas das festas patronais de 2025. A moción solicitaba que se publicasen ingresos, gastos e achegas económicas, tanto do Concello como doutras administracións ou patrocinadores privados, detallando en que se empregaron: actuacións, infraestruturas, publicidade ou outros conceptos. O PP recordou que en 2024 xa solicitara información, pero a concelleira de Economía só leu cifras de viva voz que nunca se publicaron oficialmente e que non coincidían coas anunciadas. Ademais, criticou que o portal de transparencia seguía sen actualizar. A moción tamén pedía facer públicos contratos, convenios e partidas orzamentarias utilizadas, e o PP agardaba contar co apoio do resto da corporación para garantir unha xestión clara e accesible á veciñanza.

nahrin

Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA GANAR UN DINERO EXTRA MIENTRAS AYUDAS A LAS PERSONAS A VIVIR MEJOR?

Con Nahrin puedes empezar tu propio negocio en el sector del bienestar sin inversión inicial y con total flexibilidad.

- COMISIONES ATRACTIVAS Y SIN TECHO DE GANANCIAS
- PRODUCTOS NATURALES SUIZOS CON GRAN DEMANDA
- FORMACIÓN Y APOYO PARA IMPULSAR TU ÉXITO
- COMPATIBLE CON TU TRABAJO O COMO INGRESO PRINCIPAL

¡EMPIEZA HOY A HACER CRECER TU ECONOMÍA!

NAHRIN MÁS INGRESOS, MÁS LIBERTAD.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

ACADEMIA

A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

Djunta Mó: un espazo de unión

Un novo colectivo que une á comunidade caboverdiana na Mariña para fortalecer lazos e construír unha sociedade máis inclusiva

Por Ana Somoza.

A Asociación Djunta Mó xurdiu como resposta á necesidade de crear un punto de encontro para a comunidade caboverdiana na Mariña e dar visibilidade á súa cultura. Segundo explican os seus impulsores, trátase dunha entidade recente formada por un pequeno grupo de persoas caboverdianas residentes na comarca que viron a carencia dunha representación oficial da súa cultura na zona. A idea de fundar a asociación naceu de “conversas informais sobre a vida na Mariña, as dificultades de integración e a vontade de mostrar a riqueza cultural de Cabo Verde á sociedade galega”. O nome “Djunta Mó” foi escollido coidadosamente e significa “Unímonos” en crioulo caboverdiano. Para os membros, este nome reflicte o espírito da asociación: “colaboración, unión e creación de pontes entre persoas de distintas culturas”. A intención, segundo destacan, é que “quen o escoite entenda de inmediato que o noso obxectivo é xuntar e fortalecer vínculos”. A motivación para facer visible a cultura caboverdiana na Mariña veu cando os fundadores se decataron de que “moita xente da zona coñecía moi pouco sobre

a súa presenza na Mariña, explican que entre os elementos que máis queren dar a coñecer están “a música, como a morna, a coladeira e o funaná; a gastronomía típica, entre a que destacan a cachupa, o pastel e o grogue; a lingua crioula; e as tradicións festivas e familiares que forman parte da nosa identidade”. Non obstante, recoñecen que “aínda existe moito descoñecemento sobre a cultura caboverdiana na Mariña”. “Moitas persoas teñen ideas equivocadas ou estereotipos sobre a inmigración caboverdiana, como que só viñemos a traballar ou que estamos pechados na nosa comunidade”, advirten, e engaden que “o noso labor é mostrar que somos parte activa da

“Queremos destacar a música (morna, coladeira, funaná), a gastronomía típica (cachupa, pastel, grogue), a lingua crioula, e as tradicións que son parte da nosa identidade”

ñan que “compartimos espazos, traballos e actividades sociais”, e que a asociación traballa para reforzar esas relacións promovendo “encontros, celebracións culturais e proxectos comunitarios que fomenten o entendemento mutuo e o respecto entre todas as persoas residentes”. En canto ás actividades que organizan, comentan que, como asociación de nova creación, aínda non teñen “unha programación extensa de actividades”, pero xa teñen proxectos concretos en mente. Entre eles, destacan “talleres de música, baile e idioma caboverdiano”, festivais culturais e gastronómicos para dar a coñecer a cultura, charlas e encontros comunitarios



munidade caboverdiana como á galega”. Ademais, queren establecer colaboracións con outras asociacións culturais, concellos e institucións educativas para “multiplicar o alcance das nosas

radas”. A mocidade caboverdiana tamén é un foco de atención para a asociación. Queren que os mozos e mozas “se sintan parte activa da comunidade”. Para iso, organizan actividades específicas e “dámoslle voz á súa perspectiva nas decisións da asociación”.

Para implicar á xente nova, tanto caboverdiana como galega, apostan por “talleres interactivos, proxectos escolares, actividades culturais e deportivas”, creando espazos onde a mocidade poida “aprender, compartir e participar activamente, promovendo a integración e o respecto mutuo”.

Entre os principais retos que afrontan, sinalan “conseguir recursos e financiamento para organizar actividades, superar estereotipos e prexuízos existentes, aumentar a visibilidade da asociación e implicar máis á comunidade local en proxectos interculturais”.

Reclaman ás administracións locais e galegas “maior apoio económico, espazos para desenvolver actividades, promoción das iniciativas interculturais e recoñecemento oficial da importancia da diversidade cultural”.

Pensando no futuro, visualizan Djunta Mó como “un referente cultural na Mariña”, con “máis proxectos educativos e culturais, maior participación da mocidade e unha comunidade máis inclusiva e integrada, onde a cultura caboverdiana sexa coñecida, respectada e celebrada por todos”.

Este proxecto que naceu da unión de persoas que senten a necesidade de visibilizar a súa cultura e fomentar a convivencia multicultural, representa un exemplo de como a diversidade é unha riqueza para a Mariña, e un compromiso para construír unha sociedade máis aberta e respectuosa.



“Estamos moi ilusionados co festival anual de culturas, que reúne música, danza e gastronomía, e co proxecto de educación intercultural nas escolas da Mariña”

iniciativas e fomentar a integración”.

Entre os proxectos que máis ilusión lles fai están “o festival anual de culturas, que reúne música, danza e gastronomía”, así como “o proxecto de educación intercultural nas escolas da Mariña, que permitirá achegar aos máis novos á cultura caboverdiana”.

Sobre a dimensión comunitaria e social, para Djunta Mó fortalecer os lazos entre persoas de orixes diferentes é “fundamental”. A convivencia e colaboración, din, “fortalece a cohesión social, combate prexuízos e crea unha comunidade máis inclusiva e solidaria”. Por iso, “Djunta Mó quere ser un punto de encontro onde todas as persoas se sintan representadas e valo-

para promover a integración e o diálogo intercultural, así como proxectos educativos nas escolas para achegar aos máis novos á cultura caboverdiana. O seu enfoque está claro: “Planificamos actividades que teñan impacto e involucren tanto á co-

sociedade local e que contribuímos á diversidade e ao enriquecemento cultural da Mariña”. A convivencia diaria entre as persoas caboverdianas e o resto da veciñanza en Burela é, segundo os membros de Djunta Mó, “en xeral moi boa”. Subli-

Cabo Verde, a súa lingua, música, gastronomía e tradicións”. “A nosa intención era mostrar que a cultura caboverdiana forma parte da vida da Mariña e que, ademais, enriquece a diversidade local”, recalcan. Sobre a cultura caboverdiana e



O Castro de Rueta recobra todo o seu esplendor tras unha roza controlada

Hai dous anos, Mariña Patrimonio realizou unha intervención arqueolóxica non invasiva no Castro de Rueta, en Cervo, eliminando a cuberta vexetal que ocultaba o xacemento e poñendo en valor a súa estrutura e contorna. O ano pasado, o Concello e os propietarios acordaron manter o castro libre de maleza, e o Concello levou a cabo a primeira roza. En xuño deste ano, Mariña Patrimonio asinou un convenio co Concello para xestionar periodicamente a vexetación do xacemento, contando cunha subvención municipal. Entre mediados de xullo e comezos de agosto realizouse a última roza con maquinaria lixeira, logrando un resultado cualifi-



cado de “espectacular”. O Castro de Rueta volve amosar a súa imponente estrutura, convidando á veciñanza e visitantes a descubrir un xacemento arqueolóxico cheo

de historia e misterio. A conservación periódica permite protexer o ben patrimonial e favorecer a súa difusión cultural, especialmente durante primavera e verán.

A vila acolle en setembro o festival de narración oral ‘De Cobo a Xunco’

O Concello vén de dar a coñecer o Festival de Narración Oral ‘De Cobo a Xunco’, unha iniciativa que se desenvolverá ao longo do mes de setembro, cada venres, en diferentes parroquias e lugares.

O nome do evento fai referencia aos dous ríos cervenses —o Cobo e o Xunco— que percorren o concello ata desembocar no mar, simbolizando o camiño compartido das historias que unen ás persoas e á cultura local. A programación completa do festival inclúe actividades para público infantil baixo o nome Regato e para adultos baixo o nome Río, distribuídas nas se-

guintes datas e localidades:

O venres 12 de setembro terá lugar un regato en Escolas Vellas de Rúa ás 17:00 horas con Brais das Hortas, e no Local Social de Lieiro ás 20:00 horas con Paula Carballeira. O venres 19 de setembro celebrárase un regato no Local Social da Senra ás 17:00 horas con Marta Ortiz, e nas Antigas Carboeiras de Sargadelos ás 22:00 horas con Soledad Felloza. Finalmente, o venres 26 de setembro terá lugar a gala final no auditorio da Casa da Cultura ás 22:00 horas, con actuacións de Carmen Conde, Caxoto, Lupe Blanco e Alba María.

Veciñanza de Figuerido denuncia tráfico pesado e risco diario no camiño ao Alto do Viso

A veciñanza de Figuerido denunciou de novo a situación insostible do camiño de Figuerido ao Alto do Viso, unha vía municipal pola que circulan continuamente vehículos pesados sen medidas de protección para peóns. Xa en febreiro de 2023 advertiran do problema, que se agravou ao ser marcada polos navegadores GPS como ruta preferente a San Cibrao desde a N-642. No escrito presentado o 27 de agosto de 2025 achegaron máis de trinta fotografías e vídeos como mostra do tráfico diario, que inclúe camiións de máis de 12 metros con mercadorías

perigosas, madeira, peixe, froitas ou maquinaria, algúns repetindo percursos varias veces ao día.

A veciñanza sinalou que este tráfico converteu a única vía de esporeamento da zona en intransitable, afectando peóns, ciclistas e maiores. Denuncian acumulación de lixo, contaminación acústica, fendas nas vivendas e deterioro dunha área de descanso no Alto do Viso.

Solicitan ao Concello que actúe prohibindo camiións, limitando a velocidade, instalando sinais de advertencia e derivando o tráfico a vías de maior capacidade.

San Cibrao celebra o 40 aniversario da Maruxaina

O vindeiro 27 de setembro, San Cibrao vestirá as súas mellores galas para conmemorar o 40 aniversario da Maruxaina. A celebración dará comezo ás 12.00 horas, coa xuntanza de maruxainas e maruxainos diante do Museo do Mar. Desde alí partirá un animado pasacalles cara á Penaméa, amenizado polos grupos A Rebolaxe e os Gaiteiros de San Ciprián, que acompañarán á Maruxaina no seu día grande.

Ás 14.00 horas, a Praza dos Campos acollerá unha sesión vermú co Dúo Tropical, antes de dar paso ao xantar popular

ás 15.00 horas, no que se entregará unha peza conmemorativa deseñada por Ánxel Cao como recordo especial desta edición. A música continuará durante a tarde co propio Dúo Tropical e a disco móbil Conxuro, que animarán a veciños e visitantes. E como non podía faltar, a xornada rematará cunha queimada popular, símbolo de unión e festa que pon a guinda a un aniversario moi especial. As invitacións poden retirarse ata o 19 de setembro, cun prezo de 30 euros para socios titulares e 35 euros para non socios.

Xolo expón máis de setenta cadros cheos de cor e imaxinación

O artista Xosé López Losada, coñecido como Xolo, chegou a San Cibrao cunha proposta creativa que invitaba a mergullarse na súa particular visión da pintura. A exposición reúne máis de setenta cadros nos que a cor, a expresividade e a forza da imaxinación se converteron nos auténticos protagonistas. Ata o 30 de setembro veciños e visitantes poderán achegarse a contemplar a mostra.

Cada peza conta a súa propia historia, convertendo a visita nun percorrido artístico cheo de matices e emocións. Desde a organización animan a descubrir unhas obras que transmitan a mesma intensidade coa que foron creadas polo pintor.

O que non arde

PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES
CON PASTOREO DE GANDERÍA EXTENSIVA

Prazo de solicitude: do 2 ao 29 de setembro

DEPUTACIÓN DE LUGO  Rural

VICEPRESIDENCIA



EN BREVE

ESCRITURA CREATIVA. A Biblioteca Municipal El Viejo Pancho de Ribadeo abrirá en setembro un curso de escritura creativa pensado para quen queira experimentar coa palabra escrita, potenciar a súa capacidade narrativa e descubrir novas formas de expresión. Trátase dunha actividade dirixida a maiores de 16 anos que busquen tanto mellorar a súa técnica literaria como compartir a experiencia de escribir nun grupo reducido. O curso contará cun máximo de 12 participantes, polo que será necesario formalizar a inscrición con antelación. As persoas interesadas poden obter máis información e anotarse a través de Whatsapp no número 604 084 201 ou mediante o correo electrónico biblioteca@ribadeo.gal.

ÚLTIMOS DÍAS DE FESTA. As festas patronais de Ribadeo encaran a súa recta final cunha programación intensa dende o sábado 6 ata o luns 8 de setembro. O sábado haberá pasacalles, sesións vermú e unha gran verbena amenizada por orquestras como Tekila e Furia Joven. O domingo 7, véspera da Patroa, Ribadeo vivirá unha das xornadas máis concorridas, con fútbol no Pepe Barrera, música tradicional polas rúas, unha verbena multitudinaria e un espectáculo de fogos artificiais a medianoite. O luns 8 chegará o momento central coa misa solemne cantada pola Coral Polifónica e a procesión acompañada pola Banda Municipal. A xornada pecharase cunha sesión vermú, unha nova verbena e o concerto do grupo Ráfaga, que compartirá escenario coa orquestra Change the Channel para poñer o broche final ás festas.

LIFE FLUVIAL. Ribadeo vén de dar un novo paso na súa estratexia medioambiental coa captación de máis de 800.000 euros a través do programa europeo Life Fluvial, que permitirá mellorar a marxe galega da ría. O proxecto inclúe a eliminación de eucaliptos e outras especies invasoras, así como a repoboación con árbores e plantas propias do ecosistema. O alcalde, Dani Vega, sinalou que “seguimos investindo e mellorando todos os espazos verdes. Somos o concello que máis fondos europeos xestionou e neste caso destinamos máis de 800.000 euros para recuperar toda a zona da ría, nos terreos da marxe galega”. O rexedor destacou que se actuará especialmente na enseada da Vilavella e na senda peonil que conecta As Aceas co Muíño de Mareas.

O Goberno local impulsa melloras en instalacións sociais, deportivas, educativas e viarias



O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, avanzou esta semana un conxunto de proxectos que suman máis de 600.000 euros e que permitirán renovar instalacións deportivas, escolares, sociais e viarias en diferentes puntos do municipio. “Son actuacións moi necesarias, que responden tanto ás demandas veciñais como ás necesidades detectadas polos técnicos municipais”, subliñou.

Unha das obras máis destacadas será a reforma integral do pavillón da rúa Alfredo Deaño, cun investimento de 185.000 euros. O recinto leva anos cun forte deterioro, ata o punto de que, segundo describiu o rexedor, “chove máis dentro que fóra”. A intervención, que arrincará en setembro, inclúe a reparación da cuberta, a substitución de cristalería, melloras interiores e exteriores, así como a rehabilitación do espazo usado pola asociación Amigos da Gaita. “Queremos dispoñer dun pavillón en condicións para o deporte e tamén para a vida cultural de Ribadeo”, destacou Vega. Tamén se realizaron actuacións na escola infantil, con 20.000 euros achegados pola Xunta para reforzar a fachada, reparar o muro

principal e mercar novo mobiliario. O alcalde lembrou que no conxunto das melloras deste centro investíronse xa 120.000 euros nos últimos anos. “A prioridade é clara: mellorar o ensino desde os primeiros niveis”, sinalou, agradecendo a implicación da administración autonómica.

No eido viario, a Deputación de Lugo executará obras de mellora na estrada de Vilela cun investimento de 300.000 euros. Vega valorou a actuación, aínda que pediu coordinación co Concello e coas necesidades da veciñanza para que os resultados sexan óptimos. Ademais, o Plan Avanza Rural permitirá destinar 100.000 euros á mellora das estradas de Remourelle e Vilaframil.

Finalmente, o Concello anunciou melloras en locais sociais das Anzas, Remourelle, Ove e no Círculo Habanero da Devesa, grazas a unha subvención da Xunta. As actuacións inclúen reparacións estruturais, eliminación de barreiras arquitectónicas, dotación de novo equipamento e solucións a problemas de humidade e frío. “Son espazos fundamentais para a convivencia e a actividade comunitaria, por iso queremos que estean en bo estado”, concluíu o alcalde.

Alertan de que a falta de presión deixa sen servizo a unha veciña e ao cemiterio

A Asociación de Veciños Santa Eulalia deu a coñecer que unha residente da zona alta de A Devesa leva anos soportando dificultades co abastecemento municipal de auga. O problema, segundo sinalan, agrávase no verán, cando se producen cortes frecuentes que afectan sobre todo a quen dependen unicamente da rede municipal, así como ao cemiterio parroquial.

“Esta muller non ten outra opción que a traída municipal, mentres que outros veciños contan con fontes particulares que usan durante todo o ano xa que nesta parroquia temos moita sorte de gobernos delas”, explicaron desde a asociación, “de feito, se todos estes veciños tiveran que usar a auga da traída municipal o problema incrementárase con creces”. O caso provoca que, en ocasións, a auga nin sequera teña presión suficiente para acender o quentador, e os cortes chegan a horas moi diversas: tanto ás nove da mañá, como ás seis da tarde ou mesmo ás once da noite.

O colectivo veciñal púxose en contacto tanto co Concello de Ribadeo como coa empresa subministradora, Viaqua. Desde o Concello indican que o problema está na



falta de presión, pero advirten de que non se pode aumentar porque existe risco de romper unhas tubaxes xa obsoletas. Así, aseguran que están á espera dunha axuda da Xunta de Galicia para renovar a rede en varias parroquias.

Pola súa parte, Viaqua non atopou unha solución definitiva e recomendou á afectada instalar un depósito propio para acumular auga. No cemiterio parroquial a situación é semellante, o que leva a que moitas persoas opten por levar garrafas cando acoden a regar as plantas dos panteóns.

Desde a Asociación de Veciños Santa Eulalia piden unha solución inmediata para a veciña afectada, lembrando que “non se pode vivir sen un servizo tan básico como é a auga corrente”.

O PP leva ao Senado a demanda dun segundo acceso a Ribadeo desde a A-8

O Partido Popular rexistrará no Senado unha moción para instar ao Goberno central a executar un segundo acceso a Ribadeo desde a autovía A-8, en dirección a Asturias. Trátase dunha reclamación que leva anos sobre a mesa e que conta co apoio de veciños e concellos da contorna, e sobre a que agora terán que posicionarse todas as formacións políticas.

O anuncio foi realizado polos senadores lucenses José Manuel Barreiro e José Manuel Balseiro tras unha reunión co alcalde, Dani Vega, e varios membros do equipo de goberno municipal, que levan tempo encabezando esta reivindicación “ante a que o Ministerio de Transportes segue facendo oídos xordos”.

Segundo Vega, o novo enlace permitiría “mellorar a mobilidade e a seguridade viaria, redistribuír o tráfico con destino á vila e xerar be-

neficios indirectos no turismo e nas comunicacións das empresas e negocios da zona”. Engade que a obra sería “tecnicamente sinxela”, xa que existe unha rotonda en Vilaselán que facilitaría a conexión, polo que “só se precisa orzamento e vontade política”.

Actualmente, os condutores procedentes de Asturias dispoñen de dous accesos, mentres que os que veñen de Galicia só contan cun. Para o PP, equilibrar esta situación melloraría a fluidez e evitaría saturacións nos tramos máis concorridos.

A proposta xa foi avalada no seu momento por todos os grupos políticos municipais —PP, BNG e PSdeG—, e os populares agardan que este consenso se traduza agora en compromiso real. Con maioría absoluta no Senado, o PP confía en que a iniciativa se converta nun mandato directo ao Executivo.

MURAL NO ASCENSOR PANORÁMICO



Estase a crear un novo mural no ascensor panorámico do paseo marítimo, unha iniciativa que nace do Concurso de Arte Mural pola Diversidade. A obra, deseñada pola artista gañadora Andrea Lombardía, busca ser un símbolo visual da defensa da igualdade, a pluralidade e a inclusión no municipio.

Críticas veciñais polo traslado do centro de saúde e pola economía

O pasado 29 de xullo o Concello de Ribadeo formalizou a toma de posesión dos terreos adquiridos fronte á estación de servizo para levantar un novo centro de saúde. Con este paso, avánzase nun proxecto que para parte da veciñanza resulta “demencial”, pois suporía pechar as actuais instalacións situadas no centro urbano e trasladar o servizo sanitario a un quilómetro de distancia. Os críticos coa iniciativa aseguran que este cambio traerá consigo graves atrancos, como o incremento de desprazamentos, a saturación das rotondas e as deficiencias dos viais que conducen á zona.

Unha das asociacións máis activas lembrou que o 30 de xullo realizou un recuento de tráfico na área, rexistrando ata 24 vehículos por minuto, o que equivalería a un coche cada dous segundos. “Se lle engadimos entre 400 e 500 coches máis polas consultas médicas das mañás, a situación será caótica”, advertiron. Tamén lembraron que o alcalde foi advertido en numerosas ocasións, sen que ata o de agora a súa postura nin a da Xunta de Galicia, promotora do proxecto, se modificase. As críticas engádense á publicación



de informes económicos oficiais tanto da Intervención municipal como da Consellería de Facenda da Xunta, que poñen de manifesto unha xestión financeira deficiente. A documentación fala dunha débeda comercial de preto dun millón de euros sen crédito suficiente para atendela, ademais de incumprimentos no obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Os colectivos cuestionan que, neste contexto, o Concello pretenda asumir un gasto elevado na compra de terreos e na construción dun centro de saúde que cualifican de “innecesario”. Nun comunicado remarcaron que a súa denuncia se fundamenta en datos verificables e documentos

oficiais, non en valoracións partidistas. Ademais, criticaron o estado dalgúns espazos públicos. No parque infantil do centro varias táboas presentan danos e parafusos soltos, o que supón un perigo para os nenos. No barrio de San Miguel cuestionan a substitución de setos por un valado de madeira máis caro e, segundo explican, menos seguro. Tamén chamaron a atención sobre as árbores da rúa Luz Pozo Garza, onde xa hai exemplares secos por falla de rego e outros inclinados por carecer dun tutor axeitado.

Os colectivos avanza que seguirán informando sobre estas cuestións e insisten en que só presentan feitos contrastados.

O BNG denuncia contedores desbordados e sucidade xeralizada en Ribadeo

O BNG de Ribadeo volveu denunciar publicamente o que cualifica como unha “situación insostible” pola falta de limpeza no municipio ao longo de todo o verán. Segundo sinalan desde a formación, “a imaxe que ofrece Ribadeo nestas datas é lamentable, con contedores desbordados, regueiros de graxa en varias beirarrúas e sucidade en diferentes puntos da vila”.

Os nacionalistas apuntan tamén ás parroquias do rural, onde aseguran que “os colectores de cartón non se recolleron en todo o verán”, o que provoca que a situación sexa aínda máis grave fóra do centro urbano.

Espazos emblemáticos, frecuentados tanto por veciñanza como por visitantes, presentan —segundo o BNG— un estado de “deterioro e abandono” do seu mobiliario urbano. A isto engádesse, indican, “un cheiro desagradable que acompaña en moitos recunchos e que transmite unha sensación de deixadez xeralizada”.

O grupo municipal lembra ademais críticas pasadas de res-



ponsables políticos que, en anteriores etapas, afirmaban que “Ribadeo ulía mal”. Para os nacionalistas, “se cadra agora perderon o olfacto, porque a situación actual é evidente e moito peor”.

Desde o BNG conclúen que “o goberno municipal está totalmente desbordado, incapaz de xestionar un servizo tan básico”. Engaden que “son capaces de baleirar as arcas públicas, pero manter as rúas en bo estado parece estar fóra do seu alcance”.



PROXECTO DE COOPERACIÓN GDR TERRAS DE MIRANDA “XOGAL”: O XOGO COMO BASE PARA A DINAMIZACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Os GDR Terras de Miranda, Montes e Vales Orientais, Terra Chá e Seitura 22 aliáanse con Skeirum, unha empresa galega dirixida por mulleres do rural, para crear XoGal, un proxecto de cooperación desenvolto dentro do programa Leader de Galicia 2023-2027, co obxectivo da dinamización cultural e turística baseado na gamificación.

Montes e vales forxados nas máis fermosas lendas, historia feita de pedra, verde e tradición, feiras nas que a vida ten outro pulo, festas que son encontro e memoria viva e un patrimonio cultural e natural incalculable. O rural galego é un dos atractivos máis importantes da nosa comunidade, e os GDR Terras de Miranda, Montes e Vales Orientais, Terra Chá e Seitura 22 téñeno ben claro.

O proxecto XoGal parte dunha base sinxela: aproveitar a maxia e o encanto das vilas da contorna destes GDRs e transformalas en taboleiros de xogo. Trátase de experiencias de Escape Room ao aire libre inspiradas e deseñadas coa mente posta na historia, tradición e patrimonio propio destas vilas. Unha cita coa cultura, a historia e a tradición en forma de xogo, apta para todo o mundo, e deseñada para promocionar o interese e valor destes concellos.

Así, entre o 28 de agosto e o 25 de outubro celebraranse 10 citas diferentes, unha en cada concello: Mondoñedo, Ribadeo, Viveiro, Navia, Pedrafita do Cebreiro, Abadín-Gontán, Vilalba, Pontedeume, Ortigueira e Neda. Dez propostas personalizadas abertas ao público, completamente de balde, que servirán para que veciñanza e visitantes descubran o valor real do rural galego.

Dez citas inesquecibles, de balde e aptas para todos os públicos

Participar en calquera destas dez citas é moi sinxelo: so hai que completar a inscrición a través da ligazón <https://skairumterrasde.com/xogal/>, e os requisitos para participar son ben accesibles: contar cun teléfono móbil coa batería ben cargada (ou, no seu defecto, unha boa batería portátil), conexión a internet e calzado cómodo. E, por suposto, ganas de xogar, competir e descubrir os segredos dos enclaves máis fermosos e curiosos do rural galego. Non hai restrición algunha de idade, aínda que os menores de 12 anos deben acudir acompañados dun adulto responsable.



Reclaman a reparación inmediata da antena de Fórnea

O alcalde de Trabada, Rubén García Freije, trasladou ao conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos López-Prado, a preocupación da veciñanza de Fórnea ante a interrupción do servizo da antena de telefonía instalada nesta parroquia. A antena, froito dunha petición do Concello á Amtega en 2019 para mellorar a cobertura en varias zonas do municipio, entrou en funcionamento no mes de marzo de 2025 tras a cesión dunha finca municipal e a adecuación dos accesos por parte do Concello. Non obstante, desde xullo deixou de operar, e a incidencia aínda non foi solucionada a pesar das múltiples comunicacións remitidas á Amtega.

García Freije subliña a importancia deste servizo: “Estamos a falar dun recurso básico, fundamental para os nosos veciños e veciñas, que logo de moitos anos de espera finalmente viron mellorada a súa cobertura móbil. Consequimos poñer en marcha a antena en 2025, pero só estivo activa uns meses. Agora atopámonos outra vez sen este recurso esencial no rural”. O rexedor engade que o Concello seguirá ofrecendo toda a colaboración necesaria á Xunta de Galicia para garantir a pronta recuperación do servizo: “Non podemos permitírnos dar pasos atrás cando falamos de servizos básicos e de calidade no rural”.

A Deputación destina 250.000 euros a melloras en servizos sociais e accesos

A Deputación e o Concello asinaron un convenio que supón un investimento de 250.000 euros destinado a mellorar os servizos sociais e a mobilidade do municipio. O acordo foi formalizado no Pazo de San Marcos polo presidente provincial, José Tomé Roca, e o alcalde de Trabada, Rubén García Freije. A achega permitirá actuar en tres centros sociais que prestan atención a preto de 200 veciños. No centro de Vilaformán realizaranse reparacións da envolvente, selado de fendas, impermeabilización da cornixa, aplicación de pintura e instalación de canlóns e baixantes. No de Vilapena prevese unha demolición parcial,

ampliación da explanada exterior e renovación do peche, fachada e interior. En Fórnea ampliarase a explanada para mellorar o uso do espazo en eventos e reunións, ademais de renovar o parque infantil co desbroce da parcela, substitución dos xogos e colocación de novo caucho para maior seguridade das crianzas. O convenio inclúe tamén melloras en infraestruturas viarias en Sante: en Louro arranxarase máis de medio quilómetro de estrada e en Vilarbetote acondicionaranse dous camiños e catro ramais que suman 1,4 quilómetros. Estas actuacións buscan fortalecer tanto os servizos sociais como a mobilidade local.

O Concello promove un curso de fitosanitarios para reforzar a capacitación do sector primario

O equipo de Goberno impulsa un curso de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, organizado en colaboración con ARA Formación, que se celebrará do 15 ao 20 de setembro en horario de tarde, de 16:00 a 21:00 horas. Trátase dunha formación presencial de 25 horas de duración, cun custo de 90 euros por persoa. As inscricións poden formalizarse ata o 5 de setembro a través dos teléfonos 886 203 763 e 698 190

633 ou ben mediante os correos electrónicos vera@araformacion.es e conchi@araformacion.es. Este curso está especialmente orientado a quen precise obter a certificación oficial que autoriza o uso seguro de fitosanitarios, unha esixencia cada vez máis estendida no sector agrícola e forestal. Con esta programación, o Concello reafirma a súa aposta pola formación continua e polo respaldo ao sector primario, clave na economía da comarca.

Inaugurado o circuíto de pump track do complexo deportivo

O Goberno local vén de completar as obras do seu novo circuíto de pump track, unha infraestrutura deportiva que contou cun orzamento superior aos 50.000 euros a través dun convenio de colaboración coa Deputación de Lugo. A nova pista está integrada no complexo deportivo municipal, un espazo que xa dispón dunha pista de pádel, unha cancha multideporte, un campo de bolos tradicional, ademais dunha tiroliña e un tobogán. Con esta incorporación, a área consolídase como un referente para a práctica deportiva e o lecer no municipio. O alcalde de Trabada, Rubén García, salientou a rápida acoillida desta novidade. Segundo explicou, “desde o mesmo día en que se concluíron os traballos, o pump track recibe visitas e usuarios a diario. É unha sa-



tisfacción comprobar que este investimento responde a unha demanda real e que a veciñanza xa o está disfrutando”. García avanzou, ademais, que o Concello continuará a traballar na mellora progresiva do complexo: “A nosa intención é seguir ampliando os servizos e ofrecer novas alternativas que

complementen as xa existentes, dinamizando así a vida social e deportiva de Trabada”. Con esta actuación, a administración local reforza o seu compromiso coa promoción do deporte e dos hábitos de vida saudable, apostando por opcións accesibles e abertas a todas as idades.

Esixen dous médicos no centro de saúde ante a situación insostible



O Concello de Trabada trasladou á Consellería de Sanidade a súa preocupación pola falta de cobertura médica no municipio, unha situación que o alcalde, Rubén García Freije, considerou “grave e insostible” e que requiría medidas urxentes. Numa carta ao conselleiro Antonio Gómez Caamaño, García destacou que o municipio conta con arredor de 1.100 habitantes, moitos maiores de 65 anos, e cun centro de maiores con 39 usuarios que precisan asistencia continua. O alcalde denunciou que tras a xubilación de dous médicos de familia a finais de 2023, a atención primaria quedou concentrada nun único profesional. Cando o facultativo titular estaba ausente, o servizo quedaba practicamente paralizado, con consultas matinais sen atender e só catro horas en determinadas tardes, sen urxencias nin visitas a

domicilio. García criticou tamén o “despilfarro económico” derivado da contratación de enfermaría para cubrir quendas incompletos, cualificando a situación de “vergonzosa e incomprensible”. Exixiu cubrir de inmediato a praza de médico xubilado e garantir dous profesionais no centro. En resposta, o voceiro do Partido Popular en Trabada, José María Fernández Vázquez, defendeu que a atención médica estivo garantida e que o centro contaba cunha enfermeira. Recoñeceu dificultades xerais na sanidade galega e considerou desexable ter dous médicos, mais pediu diálogo e colaboración en lugar de confrontación. Subliñou que a residencia de maiores é xestionada por unha empresa privada e apelou a mellorar os servizos sen manipular á veciñanza, priorizando solucións reais.

EN BREVE

PILATES. O Concello pon en marcha a partir de setembro novas clases de pilates e baile de salón, que se impartirán todos os xoves na sala multiusos da Casa da Cultura. As sesións, dirixidas a todos os públicos, pretenden ofrecer unha opción de lecer activa e saudable para a veciñanza. Desde o Concello animase á participación nestas propostas, que combinan exercicio físico, aprendizaxe e diversión nun ambiente aberto e colaborativo.

ITV. O Goberno local vén de anunciar que os próximos 23 e 24 de setembro a unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas instalarase na explanada do punto limpo co fin de realizar as revisións obrigatorias. O horario de atención ao público será de 09:00 a 13:30 horas pola mañá e de 15:15 a 18:00 horas pola tarde. As persoas interesadas deberán pedir cita previa a través do teléfono 981 92 80 80 ou da páxina web www.sycitv.com. O alcalde, Rubén García, destacou que “desde o Concello facilitamos a chegada deste servizo co obxectivo de que os nosos veciños e veciñas, especialmente os profesionais do sector agrícola, teñan a posibilidade de pasar a inspección sen necesidade de desprazarse a outros concellos”.

Barreiros mellora a accesibilidade e crea prazas para emerxencias

O Goberno local está a desenvolver unha serie de traballos de repintado e sinalización que teñen como finalidade mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida e asegurar prazas específicas para vehículos de emerxencias. Trátase de pequenas intervencións que, segundo o goberno local, resultan fundamentais para construír un municipio máis seguro, accesible e ordenado. Entre as actuacións realizadas destacan os repintados das prazas reservadas para vehículos de persoas con mobilidade reducida nas vivendas sociais de San Cosme, no teleclub, na praia de Fontela, en Coto e na Pasada. Ademais, creáronse prazas específicas para vehículos de emerxencia e salvamento en Altar e en Coto. En San Miguel de Reinante tamén se están a realizar melloras na sinalización da praza PMR da Praza do Souto e procederase ao traslado da parada de taxi diante do Hostal-Restaurante O Vendaval. Desde o Concello subli-



ñan que estas actuacións son pasos necesarios para avanzar cara a unha vila máis inclusiva. Ao mesmo tempo, fan un chamamento á veciñanza para que respecte estes espazos reservados e faga un uso responsable deles, lembrando que a empatía e o respecto son claves para unha boa convivencia.

PAVILLÓN. O Concello anunciou, mediante a apertura do prazo para

solicitar o uso do pavillón polideportivo municipal durante a tempada 2025-2026, que se estenderá do 1 de outubro de 2025 ao 30 de xuño de 2026.

As persoas ou entidades interesadas teñen de prazo para presentar as súas solicitudes ata o 19 de setembro. As peticións deberán entregarse nos rexistros municipais, de forma presencial ou a través da vía electrónica.

O Concello recibe 2 millóns de euros para renovar toda a iluminación pública

O Concello de Barreiros vén de recibir unha importante inxeción económica do Goberno central para avanzar na súa aposta pola eficiencia enerxética. O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, anunciou hoxe a concesión de 2 millóns de euros ao municipio mariñán para acometer a renovación integral do seu sistema de iluminación pública.

Este investimento forma parte dun paquete de axudas de 9,5 millóns de euros que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), adxudicou a seis concellos galegos. No caso de Barreiros, a achega permitirá a substitución das luminarias actuais por tecnoloxía LED, cun aforro enerxético estimado de máis do 70%.

Segundo destacou Pedro Blanco, estas actuacións son claves para os concellos de menor tamaño, xa que "a factura eléctrica é un dos capítulos máis pesados no gasto municipal e, con estas melloras, conseguimos aliviar esa carga económica ao tempo que se aposta por un

modelo máis sostible".

O proxecto non só suporá unha redución substancial do consumo eléctrico, senón tamén unha rebaixa significativa na factura anual e unha diminución da contaminación lumínica. Ademais, o novo sistema contará con telexestión, o que permitirá un control en tempo real do consumo, o funcionamento e a programación, podendo introducir axustes en función das necesidades da veciñanza.

As axudas están enmarcadas no Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (FNEE), que cobre o 100% dos expedientes a través de préstamos reembolsables sen xuros nin garantías e cun prazo de amortización de arredor de sete anos. Con esta segunda convocatoria, xa son 15 os concellos galegos beneficiados, cun total de 18 millóns de euros mobilizados.

O delegado do Goberno incidiu en que este tipo de investimentos permiten avanzar cara á transición enerxética a nivel local e reforzan o compromiso do Executivo de Pedro Sánchez coas enerxías limpas e o aforro enerxético.

Mantoño Holstein, mellor granxa morfolóxica de Galicia

A gandería Mantoño Holstein, situada en San Xusto, vén de ser distinguida pola Federación Frisona Galega (Fefriga) como a mellor granxa por clasificación morfolóxica de Galicia, un premio que recoñece a calidade e o traballo de décadas dunha explotación familiar que xa é referente no sector.

Fundada polos pais de Saúl Dorado nos anos oitenta, a granxa mantén hoxe o espírito de dedicación e innovación que a viu nacer. Nos últimos anos, o esforzo en selección e mellora xenética permitiulle incrementar a rendibilidade e situarse entre as máis destacadas do país.

O carácter familiar é unha das súas sinais de identidade, con tres xeracións implicadas no proxecto e unha clara aposta pola produción de excelencia. Para Saúl Dorado, este recoñecemento "é un orgullo e tamén unha motivación para seguir mellorando día a día". O premio de Fefriga súmase a outros logros recentes, como o segundo posto á mellor granxa por cualificación final en España en 2024 ou o terceiro lugar como mellores criadores do país, outorgado pola Confederación de Asociacións de Frisona Española en 2023.

O PP alerta dos riscos na praia de San Bartolo



O Grupo Municipal do PP volveu denunciar a situación de inseguridade que, segundo aseguran, presentan os accesos á praia de San Bartolo, un dos areais máis coñecidos do municipio e que leva pechado desde hai cinco anos. Os populares aseguran que existen varias fosas ao carón das entradas que non están correctamente pechadas, o que supón un risco tanto para veciños como para turistas.

O voceiro do grupo, José Manuel Gómez Puente, recordou que a responsabilidade de garantir a seguridade nas praias recae no Concello, polo que, no seu entender, "é unha competencia da alcaldesa pechar de maneira axeitada estes accesos para evitar calquera risco". Segundo explicou, na actualidade colocáronse unicamente unhas valas de obra que "se moven con facilidade incluso co vento, polo que non cumpren a súa función, xa que non impiden realmente o acceso". Gómez Puente lembrou que a veciñanza está cansa da falta de avances e que moitas persoas

buscan alternativas para poder disfrutar da praia, a pesar do perigo. Neste contexto, advertiu de que esta fin de semana se celebran as festas de San Bartolo, o que incrementará a afluencia de xente á zona de San Cosme, polo que "urxe pechar os accesos perigosos para evitar posibles accidentes".

O voceiro popular fixo memoria tamén do compromiso adquirido no mes de marzo, cando a alcaldesa e o Delegado do Goberno en Galicia mantiveron unha reunión na que se prometeron melloras en varios areais, entre eles San Bartolo. "Pasaron os meses e nada se fixo", lamentou.

Os problemas céntranse especialmente na escalinata central de baixada á praia, onde, na marxe dereita, existe unha fosa duns tres metros de ancho e dez de profundidade, "un risco evidente para a integridade física e mesmo para a vida das persoas". Ademais, hai outra cavidade perigosa de menores dimensións, situada xunto ao paseo peonil detrás do Hotel-Restaurante Acantilado.



FISIOVAL
Centro de Fisioterapia y Osteopatía

Servicio de Podología

Daniel Pumares Ramil
Col. Nº 165
C/ Obispo Sarmiento, 4 - bajo
27740 Mondoñedo - Lugo
Tfno.: 982 521 364
Móvil: 686 468 815



A Escola Municipal de Música de Xove abre o prazo de matrícula para o curso 2025-26

O Concello de Xove anunciou a apertura do prazo de matrícula para a Escola Municipal de Música de Xove de cara ao curso 2025-26. Os interesados poderán recoller a ficha de solicitude no Rexistro do Concello ou descargala directamente desde a páxina web oficial, www.xove.es.

Unha vez cuberta, a solicitude poderá entregarse no mesmo Rexistro ou a través da Sede Electrónica do Concello, mediante instancia xeral acompañada do impreso correspondente.

O Concello lembra que as prazas son limitadas, polo que se recomenda formalizar a inscrición canto antes para asegurar un lugar na Escola. Os admitidos e admitidas faranse públicos o día 6 de outubro, data na que se publicará o listado oficial de alumnado aceptado para o próximo curso.

A Escola Municipal de Música de Xove busca fomentar a formación musical entre a mocidade e as persoas de todas as idades, ofrecendo un espazo educativo onde desenvolver habilidades artísticas, disciplina e creatividade.

A beleza da vila, protagonista no concurso de fotografía local

O Concello vén de convocar a undécima edición do seu Concurso de Fotografía Medioambiental, unha iniciativa que busca fomentar a creatividade e a participación cidadá na defensa da natureza a través da imaxe. Baixo o lema “Xove, a súa costa e o seu mar”, o certame convida a persoas de calquera idade a presentar instantáneas que reflectan a riqueza paisaxística e mariña do municipio.

As propostas poderán rexistrarse na Casa do Concello ou enviarse por correo postal ordinario, sempre que a data de presentación non supere o 30 de setembro de 2025.

O certame contempla unha única categoría con cinco premios en metálico: 120 euros para o primeiro posto, 100 para o segundo, 90 para o terceiro, 75 para o cuarto e 65 para o quinto.

O BNG e o PSdeG denuncian o abandono da sanidade no municipio

A situación sanitaria en Xove e na Mariña volve estar no centro da polémica pola alarmante carencia de profesionais nos centros de saúde. Tanto o BNG como o PSdeG coinciden en sinalar que o municipio vive un retroceso preocupante na atención primaria, agravado tras a xubilación dunha das dúas facultativas titulares. Desde o verán, só permanece en activo unha médica, mentres que a segunda praza está a ser cuberta de maneira intermitente con persoal desprazado do PAC de Burela, o que provoca que a veciñanza descoñeza con antelación que días contará con asistencia.

Ante esta realidade, o BNG puxo en marcha unha recollida de sinaturas que acadou preto de 700 apoios nunha semana, co fin de trasladar a gravidade do problema ao Xerente da Área Sanitaria. A portavoz municipal nacionalista, Pilar Vázquez, acusou ao Partido Popular de “xogar coa saúde da xente” e cualificou de falsas as promesas feitas na recente reunión mantida por rexedores populares coa Xerencia en Lugo. Pola súa banda, o deputado Daniel Castro anunciou iniciativas parlamentarias para reclamar a cobertura per-



manente da praza vacante.

O grupo municipal socialista, pola súa parte, insiste en que a situación é crítica e reclama á Xunta a dotación de dous médicos fixos e a ampliación do servizo de pediatría, que só funciona tres días á semana en horario reducido e compartido con outro concello. Ademais, lembran que a falta de atención pode ter consecuencias irreversibles: un veciño de Sumoas faleceu recentemente dun infarto tras unha demora no servizo.

Tanto nacionalistas como socialistas denuncian o abandono da sanidade pública na Mariña e subliñan que Xove, cunha poboación de 3.500 habitantes e un centro xerátrico con 150 internos, debe contar con tres médicos de cabeceira e pediatra a tempo completo.

Nova campaña arqueolóxica en San Tirso

O Concello de Xove vén de adxudicar unha nova intervención arqueolóxica no xacemento de San Tirso de Portocelo, situado a carón da costa, cun orzamento de 24.805 euros. A única proposta presentada foi a de Vanesa Trevin Pita, que finalmente resultou a adxudicatária.

O proxecto, que terá un prazo de execución de 35 días, contempla varios obxectivos principais: a ampliación das áreas xa escavadas, a recollida de datos de antropoxía forense para obter máis información sobre o cemiterio, actuacións de conservación e restauración para facilitar a musealización in situ, e un plan de difusión dirixido a toda a sociedade.

Está previsto ampliar a sondaxe realizada no ano 2020, cando se localizaron muros pertencentes a estruturas cadradas con esquinas redondeadas. Agora preténdese abrir catro sondaxes de 4x4 metros ao redor da cuadrícula existente para deixar ao descuberto, polo menos, unha destas construcións e seguir documentando os espazos interiores selados.

A anterior campaña arqueolóxica, executada en 2020 tras a adquisición municipal da parcela principal do asentamento, permitiu obter datos de gran valor histórico e turístico. Descubriuse entón a exis-



tencia dun cemiterio posiblemente ligado ao antigo mosteiro dúplice e identificáronse dúas estruturas rectangulares con chans de arxila que poderían corresponder á época tardorromana. Aquela intervención xa puxo de manifesto o potencial do lugar como atractivo patrimonial e cultural, integrado dentro dunha ruta de sendeirismo que pasa a poucos metros do enclave.

Con esta nova campaña, o Concello de Xove busca dar continuidade ao labor de investigación, consolidación e divulgación dun xacemento que, polo seu valor patrimonial, aspira a converterse nun dos grandes referentes históricos e turísticos da Mariña lucense.

Máis de medio cento de rapaces participaron no programa ‘Mañás Activas’



O Concello de Xove clausurou a edición 2025 do programa de voluntariado xuvenil ‘Mañás Activas’, que tivo lugar do 1 de xullo ao 29 de agosto con 55 rapaces e rapazas de entre 9 e 14 anos. A iniciativa, desenvolvida de luns a venres, combinou manualidades, xogos en grupo, multideporte, un taller de robótica e un campamento dixital da Fundación Cibervoluntarios.

Támén incluíu saídas especiais, como a visita ao Urban Planet de Oleiros e á praia do Lago de As Pontes, xornada que os participantes cualificaron de “inolvidable”. Coordinada pola OMIX e co apoio de monitoras e voluntariado, a proposta converteuse nun recurso de conciliación e lecer educativo, rematando cunha festa de clausura con autoridades locais.

Os socialistas reivindicam melloras nas infraestruturas e nos servizos públicos

O grupo socialista fixo balance do seu traballo no Concello poñendo en valor os avances conseguidos nos últimos meses, especialmente no que atinxe ao convenio das estradas coa Deputación. Segundo lembraron, cando accederon á Corporación xa existía un borrador que quedara paralizado durante anos e que establecía unha repartición ao 50 % entre Concello e Deputación.

“Na campaña electoral comprometémonos a desbloquear esa situación e así o fixemos”, explicaron desde o PSOE local. Engadiron, ademais, que lograron mellorar o acordo inicial, conseguindo que a Deputación asumise o 60 % do investimento, unha porcentaxe máis favorable para Xove.

Ademais das cuestións relacionadas coas infraestruturas viarias, os



socialistas puxeron o foco noutras carencias que afectan á veciñanza. Entre elas, a falta de médicos no municipio, a auga turbia que sofren a maioría das parroquias e a ausencia de servizo de socorrismo durante o verán en praias como Portocelo ou Lago.

O grupo socialista asegurou que continuará traballando en todas aquelas cuestións que melloren a vida dos veciños e veciñas.

lourenzá

O PP reclama avances na restauración do Mosteiro de San Salvador de Vilanova

Os senadores do Partido Popular por Lugo —José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano— instaron ao Goberno de España a informar sobre as xestións realizadas para cumprir o acordo aprobado pola Comisión de Cultura o 24 de febreiro, que instaba ao Executivo a liderar e financiar a rehabilitación integral do Mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá, declarado Ben de Interese Cultural. A moción tamén pedía a elaboración e execución dun proxecto de conservación, protección e posta en valor do conxunto histórico.

Os populares lembran que, segundo o Regulamento do Senado, o Goberno debe informar no prazo de seis meses sobre as mocións aprobadas, e sinalan que en novembro de 2024 recibiron unha resposta que non contemplaba a rehabilitación, a pesar de existir axudas para o patrimonio. Balseiro reclamou que o Executivo rectifique e explique os pasos dados, lembrando que se solicitaron fondos superiores a 3 millóns de euros do programa do 2 % Cultural, rexeitados de novo en decembro. Os senadores subliñan que a Xunta de Galicia avala a intervención, pero é necesaria unha actuación estatal máis ambiciosa.

San Adriano volverá encher a vila de música en setembro

Lourenzá prepárase para vivir unha nova edición das festas de San Adriano, que se celebrarán entre o venres 5 e o domingo 7 de setembro. O programa arrancará o 5 cunha gran polbada e churrasca da a partir das 21.30 horas, servida na mesa pola polbería Suso e o bar Sanbet. A noite continuará cunha verbena amenizada polas orquestras Solara e Saudade.

O sábado 6, a misa solemne celebrárase ás 13.30 horas, seguida da sesión vermú coa orquestra Costa Dorada. Pola noite, repetirase a verbena con Costa Dorada, acompañada nesta ocasión pola orquestra Magos.

O domingo 7 será a quenda da Asociación Cultural Osorio Gutiérrez de Lourenzá, que actuará durante a sesión vermú tras a misa solemne das 13.30 horas. A festa prolongarase pola tarde e noite cunha nova sesión vermú e verbena a cargo da orquestra Pontevedra e o Dúo Epo-K.

Volve o Certame de Teatro Aficionado a Lourenzá

A Concellería de Cultura de Lourenzá anunciou a posta en marcha da sétima edición do Certame de Teatro Concello de Lourenzá, unha cita que ten como obxectivo promover e visibilizar o traballo das compañías afeccionadas. Poderán presentarse grupos que superen un proceso previo de selección, admitíndose todo tipo de xéneros, aínda que se recomenda o uso do galego en calquera das súas variantes dialectais.

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango, explicou que os grupos interesados deberán formalizar a súa inscrición nas oficinas municipais ou por correo. Para iso, deberán achegar a ficha de inscrición dispoñible na web do Concello, copia do CIF da compañía ou agrupación, ficha artística e técnica e unha gravación da obra coa que se presentan, xa sexa en DVD, pendrive ou tarxeta. O prazo para presentar solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación das bases na páxina web e permanecerá activo ata o 30 de setembro de 2025.

As representacións desenvolveranse no edificio multiusos Ponte de Cuñas durante os sábados e domingos do mes de novembro, cun máximo de oito funcións programadas. Xa en decembro terá lugar a gala de clausura, que incluírá a entrega de premios e unha actuación profesional, ben de carácter teatral ou musical.

Como novidade, a organización incorporará este ano unha pantalla de fondo no escenario, que poderá ser utilizada polas compañías que o desexen para proxectar decorados e mellorar así a posta en escena.

Cada grupo seleccionado percibirá unha axuda de 350 euros para cubrir gastos de participación, desprazamento ou montaxe. Ademais, haberá un premio de 750 euros e trofeo para a mellor representación. Outorgaranse tamén trofeos ao mellor actor e á mellor actriz, á mellor posta en escena, aos mellores intérpretes de reparto e un recoñecemento especial outorgado polo público.

A XI edición de Vespafaba & Clásicos será o 4 e 5 de outubro

Lourenzá xa conta os días para acoñecer unha nova edición do Vespafaba & Clásicos, unha cita que este ano chega á súa undécima edición e que se desenvolverá os días 4 e 5 de outubro coincidindo coa XXXIII Festa da Faba. O evento, organizado polo club Clásic@s Lourenzá LU Vespa Faba, converterá as rúas da vila nun escaparate de scooters, motos e coches clásicos.

A xornada do sábado estará dedicada ás dúas rodas. Desde as dez da mañá, a rúa Fernández del Riego acollerá a recepción e exposición de scooters e motocicletas antigas. Ás 11:30 terá lugar unha xincana con diferentes probas de habilidade, e media hora despois iniciárase a ruta motorizada. Xa pola tarde, os participantes compartirán xantar baixo carpa, con servizo a cargo de Catering Val da Brea, momento no que tamén se entregarán premios e se realizarán diversos sorteos.

O domingo será a quenda dos coches clásicos. A recepción dará comezo ás dez da mañá, e pouco despois iniciárase a ruta que levará os vehículos ata Bretoña, onde

terá lugar unha exposición aberta ao público. A comitiva regresará a Lourenzá pola tarde, con nova parada no Hotel Casa da Luz, e o programa pecharase cunha entrega de agasallos e trofeos.

A inscrición para participar ten un custo de 35 euros, que inclúe xantar, participación en todas as actividades e recordos conmemorativos. Para acompañantes establécese unha cota de 15 euros. As prazas son limitadas e o prazo para anotarse remata o 20 de setembro.

Desde a organización destacan que esta cita vai máis alá dunha simple concentración, xa que combina a paixón polo motor coa tradición gastronómica e festiva de Lourenzá, converténdose nun dos reclamos máis singulares da comarca.

a pontenova

A praza dos Fornos terá un parque renovado



A Pontenova terá un novo parque infantil na praza dos Fornos antes de que remate o mes de setembro. Así o confirmou o Concello, que impulsou esta actuación coa intención de renovar por completo unha das principais áreas de lecer infantil da localidade.

As obras consistiron na retirada total do antigo parque e na instalación dun novo equipamento, con xogos máis modernos e seguros. “Substituíuse todo o mobiliario, só se mantivo a rede de escalada trezada porque estaba en bo estado e segue sendo moi utilizada polos nenos”, explican fontes municipais.

O novo espazo contará con randeiras, tobogáns e outros elementos de xogo que permitirán ás crianzas desfrutar dun espazo lúdico máis atractivo, adaptado aos estándares actuais de seguridade e accesibilidade. Desde o Concello destacan que se trata dun investimento pensado para mellorar a calidade de vida das familias e dinamizar o uso deste espazo público emblemático da vila. O remate dos traballos está previsto para finais de setembro, coincidindo co comezo da época escolar e tras o período de vacacións de verán, nun momento no que a actividade infantil nas rúas volve ser protagonista.

A vila acollerá un curso de manipulación de alimentos

O Concello da Pontenova, en colaboración coa Cruz Vermella e AFAMMER, organiza un curso de manipulador de alimentos e hixiene alimentaria que terá lugar o sábado 20 de setembro, entre as 9:00 e as 13:00 horas, no Centro Social Blanca Muruais de Saldoria. A iniciativa busca mellorar a capacitación das persoas participantes en materia de seguridade e prevención, ofrecendo coñecementos prácticos sobre o manexo correcto dos alimentos, a conservación axeitada e as boas prácticas de hixiene para evitar riscos sanitarios.

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición chamando ao 619 679 667, ata cubrir prazas.

ITV. A vila contará de novo coa presenza da Unidade Móbil 01 de inspección técnica de turismos, que se instalará na Chousa da Veiga entre o 18 e o 23 de setembro. Durante esas xornadas, os condutores poderán pasar a revisión obrigatoria dos seus vehículos sen necesidade de desprazarse a outras localidades.

O horario establecido será de 9:00 a 13:30 horas pola mañá e de 15:15 a 18:00 pola tarde. A atención prestarase en quenda de mañá e tarde todos os días, agás o 23 de setembro, cando só se abrirá en horario matinal.

As persoas interesadas deberán solicitar cita previa, ben a través do teléfono 981 92 80 80 ou mediante a páxina web www.sycitv.com..

CURSO 2025/2026
Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso.

we prepare for
Cambridge
English Qualifications

Anglia

Reserva ahora!
982 103 377
605 738 247

www.docklandsacademy.es/matricula

A vila acollerá a quinta concentración de vehículos clásicos o 25 de outubro

O Vicedo prepárase para converterse no punto de encontro dos amantes dos coches de época coa celebración da V Concentración de Clásicos, que terá lugar o sábado 25 de outubro de 2025. O evento, organizado polo Club Clásicos Vicedo coa colaboración do Concello e diversas entidades locais, promete unha xornada chea de paixón polo automobilismo. O programa arrancará ás 10:00 horas coa recepción de vehículos na rúa Ciudad de Mondoñedo, onde os asistentes poderán admirar auténticas xoias do pasado sobre rodas. Xa ao mediodía, ás 12.00 horas, está prevista unha ruta turística con pincho, unha ocasión perfecta para gozar das paisaxes mariñas mentres se compartirá mesa e conversa entre os participantes. A festa continuará ás 14.30 horas cunha comida de confraternidade que incluírá tamén a entrega de premios e diversos sorteos, poñendo o broche final a unha edición que aspira a superar o éxito dos anos anteriores. A inscrición ten un custo de 35 euros, e os interesados poden formalizala a través dos teléfonos de contacto facilitados pola organización.

Veciños amosan o seu malestar pola saturación turística



Como todos os veráns, a chegada masiva de visitantes a O Vicedo xerou problemas que afectaron a calidade de vida dos veciños e veciñas. “Era imposible facer a vida cotiá con tantas autocaravanas aparcando onde lles daba a gana, incluso case dentro das casas, especialmente na praia do Porto”, comentou un residente. Outro engadiu: “Non había zona habilitada para elas e iso provocaba caos e inseguridade”. A mobilidade nas rúas convertérase nun auténtico quebracabezas. “Non había aparcamento, aparcaban onde fora sen importarlles as normas. Era a lei do oeste, primeiro facían e logo preguntaban”, asegurou unha veciña. “Intentamos que o Concello

fixese algo, xa o levamos a pleno, pero seguíamos igual, parecía que non lles importaba”, lamentou un home. A falta de respecto e civismo tamén se notaba nas interaccións diarias. “Escoitamos comentarios despectivos ás dependentas do supermercado, como quen se lle ocorre pechar un luns, que era festivo local”, explicou outra veciña. “E non só aquí, en Viveiro tamén o comentaban, sabendo que viñamos de vacacións e non había o tabaco que queríamos”, contou un dos residentes. “Non estamos en contra do turismo, pero non poden impor as súas normas e actitudes, manifestou unha muller maior.

O PSdeG leva as demandas da veciñanza á Deputación



O Grupo Municipal Socialista do Vicedo mantivo unha reunión co presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, para trasladar as propostas e necesidades recollidas na primeira rolda da iniciativa ‘Escoitámostos’, coa que visitan as parroquias do municipio para coñecer as prioridades da veciñanza. Durante o encontro, expuxéronse demandas como desbroces, melloras na rede viaria e a instalación dun paso de peóns na rúa Rosalía de Castro para reforzar a seguridade, así como outras accións destinadas a incrementar a calidade de vida no concello. A colaboración co organismo provincial traducíuse en investimentos concretos durante 2025, superiores a medio millón de euros. Destacan as obras no tramo urbano da estrada

LU-P-6405, que dá acceso á praia de Xilloi, con 170.000 euros, e a rehabilitación do firme das estradas LU-P-6401 e LU-P-6402, con case 330.000 euros, incluíndo pavimentación, reapertura de cunetas e nova sinalización. Ademais, a Deputación apoia a vida deportiva e social do municipio, achegando máis de 16.000 euros á Unión Deportiva Folgueiro para garantir a continuidade do club e cubrir gastos de mantemento, transporte e arbitaxes. Os socialistas subliñaron que continuarán coa iniciativa ‘Escoitámostos’, trasladando as propostas aos órganos competentes e converténdose nun instrumento útil e participativo ao servizo da veciñanza.

O Concurso de Fotografía Turística celebra a súa oitava edición con gran participación



A Casa da Cultura acolleu recentemente a proxección, coloquio e entrega de premios do VIII Concurso de Fotografía Turística, consolidado no calendario cultural do municipio. Nesta edición participaron arredor de 25 fotógrafos, achegando máis de 60 imaxes que destacaron a beleza da costa e do interior local. A organización sinalou que a calidade das propostas foi “moi alta”, dificultando a decisión do xurado, mentres que o coloquio permitiu aos autores explicar as súas intencións creativas e compartir anécdotas. O

primeiro premio, foi para Mónica Vila coa fotografía ‘San Román’; o segundo, recaeu en Alejandro Martínez con ‘Maravillas del Amanecer’; e o terceiro, foi para Sarai Fernández por ‘O faro de Vicedo Vello’. Ademais, Laura García recibiu un galardón especial para menores de 30 anos, pola obra ‘O Vicedo. Silencio que acolle’. O Concello destacou que o concurso “segue a medrar en interese e participación, mostrando a riqueza natural e cultural de O Vicedo a través da mirada da cidadanía”.

Abrela acolleu unha vez máis o concurso de figuras de area



A praia de Abrela foi o escenario, un ano máis, do concurso de figuras de area do Vicedo, unha actividade que segue a atraer a participantes e curiosos a pesar das condicións meteorolóxicas adversas. O forte vento e a nubosidade non impediron que se xuntase unha trintena de persoas dispostas a dar renda solta á súa creatividade sobre a area. O certame contou con catro categorías segundo as idades. Na de 3 a 5 anos, o gañador foi Santi coa obra “Castelo”. Entre os rapaces de 6 a 11 anos, o primeiro premio foi para Eloy e Leyre por “Tiburón”,

mentres que o segundo recaeu en Matíu e Chacli con “Cangrexo”. Na categoría de 12 a 16 anos, Gonzalo, Carla e Mario acadaron o primeiro posto con outro “Castelo” e Celia e Aroa obtiveron o segundo con “Totem”. Por último, en adultos, a vitoria foi para Miguel e Miguel coa peza “Fortaleza”, e o segundo premio para Sonia e Diego con “Coche F1”. A organización destacou o bo ambiente e a alta participación, e entregou agasallos a todas as persoas que se animaron a formar parte desta cita creativa xa consolidada no verán do Vicedo.

O Concello mellorará o viario da parroquia de San Martiño

A parroquia de San Martiño verá mellorada a súa rede viaria grazas a un proxecto conxunto da Xunta de Galicia e do Concello de O Vicedo, cun investimento total de 50.000 euros. O convenio foi asinado pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Aldegue, a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, e o alcalde, José Jesús Novo Martínez. As obras inclúense no Plan Hurbe, destinado a apoiar aos concellos galegos na mellora dos espazos públicos, co obxectivo de incrementar a accesibilidade e eliminar barreiras arquitectónicas. A Xunta financiará o 70 % da actuación, uns 35.000 euros, encargándose da contratación e execución, mentres que o Concello achegará os 15.000 euros restantes. A intervención busca mellorar tanto o equipamento público como a contorna urbana, garantindo comodidade e calidade ambiental para a veciñanza. A conselleira subliñou que proxectos como este son fundamentais para revitalizar as áreas rurais e achegar o modelo urbano a todo o territorio.

alfoz

A Asociación O Castelo pide colaboración para recuperar a memoria da Festa dos Choferes

A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo, con sede en Alfoz, lanzou un chamamento público á veciñanza e a todas as persoas que participaron ao longo dos anos na tradicional Festa dos Choferes. Coa vista posta no vindeiro ano, cando se conmemorará o 60 aniversario desta cita festiva, a entidade quere recompilar material gráfico e audiovisual que axude a reconstruír a historia da celebración. “Precisamos da colaboración de todos para recuperar esa memoria colectiva que forma parte da identidade do noso pobo”, explican desde a asociación. O obxectivo é reunir fotografías e vídeos dos primeiros anos da

festa, para que poidan ser parte dun arquivo conxunto que se compartirá co público no marco das actividades do aniversario. As persoas que conserven materiais poden envialos ao correo electrónico da entidade: asociacion.ocastelo@gmail.com. “Cada imaxe e cada gravación son unha peza valiosa que nos axudará a volver vivir os inicios desta festa tan especial”, engaden.

O Castelo anima á veciñanza a participar e lembra que esta iniciativa é unha oportunidade única para manter viva a memoria dunha celebración que marcou xeracións enteiras en Alfoz.

Alfoz activa os servizos de Madrugadores e Ocio-Estudio

O Concello de Alfoz pon en marcha un novo Programa de Apertura de Centros Educativos Fóra de Horario Lectivo, pensado para facilitar a conciliación das familias durante o curso 2025-2026. A iniciativa inclúe dous servizos complementarios: o de Madrugadores, que ofrecerá atención antes do inicio das clases, e o de Ocio-Estudio (OES), que funcionará ao rematar a xornada escolar.

O programa desenvolverase desde o 8 de setembro ata o final do curso en xuño. O servizo de Madrugadores funcionará de luns a venres de 7.30 a 9.30 horas. Pola

súa parte, o OES terá horario de setembro a xuño entre as 15.30 e as 19.00 horas, e de outubro a maio entre as 16.00 e as 19.00 horas.

As tardes estruturaránse con actividades de xogo libre vixiado, tempo para a merenda, realización de tarefas escolares e técnicas de estudo, así como obradoiros e xogos de ocio. O máximo de participantes simultáneos será de 20 nenos e nenas, con un mínimo de 5 para poder formar grupo, e as prazas cubriránse por orde de inscrición. As familias deberán achegar a propia merenda para os participantes.

Abre o prazo para anotarse nas Escolas Deportivas Municipais

O Goberno local vén de anunciar a apertura do prazo de inscrición para participar nas Escolas Deportivas Municipais do vindeiro curso. A proposta está destinada a nenos e nenas de entre 4 e 17 anos, co obxectivo de fomentar a práctica deportiva e consolidar rutinas saudables entre a mocidade da localidade.

As disciplinas que se ofertan nesta edición inclúen fútbol, patinaxe, atletismo e pádel, modalidades que cada ano contan cunha alta aollida e que permiten a rapaces e rapazas desenvolverse tanto a nivel físico como social.

O período oficial de inscrición estará aberto do 18 ao 25 de agosto, aínda que desde o Concello lembran que tamén será posible anotarse ao longo de todo o curso escolar, facilitando así a participación de quen non poida facelo nas datas iniciais.

As persoas interesadas poden descargar a folha de inscrición a través da páxina web municipal e entregala na Oficina de Rexistro ou a través da Sede Electrónica. Desde o consistorio animan ás familias a aproveitar esta oportunidade para que os máis novos se integren nun espazo de aprendizaxe, convivencia e diversión.

o valadouro

O BNG denuncia discriminación nas subvencións ás asociacións

O Grupo Municipal do BNG no Valadouro vén de presentar unha moción na que reclama ao executivo local que regule de maneira clara e transparente a concesión das subvencións ás diferentes asociacións do municipio. Segundo denuncian os nacionalistas, o actual goberno do Partido Popular, apoiado por Udival, practica unha política de discriminación e discrecionalidade que deixou sen axuda económica este ano a seis Asociacións de Veciños que, aseguran, realizan un labor fundamental de dinamización social e cultural. Trátase das entidades de Moucide, Santa Cruz, Budián, Frexulfe, Santo Tomé e Recaré.

O BNG lembra que xa no debate dos orzamentos de 2025 advertira desta situación, cando comprobou que non figuraba ningunha partida destinada a estas asociacións. Para os nacionalistas, o Concello está obrigado a abrir un procedemento



que garanta a igualdade de acceso ás subvencións, sexa a través da concorrência competitiva ou ben mediante convenios e asignacións nominativas, sempre con claridade nas bases e nos documentos orzamentarios.

O portavoz municipal, Eduardo Chao, explicou que “temos que poñer fin a unha política de discrimi-

nación que o Partido Popular está a aplicar con entidades que fan unha labor imprescindible, pero que sen apoio institucional apenas poden sobrevivir porque teñen moi poucos recursos propios”.

Desde o BNG critican que, fronte a esta situación, o actual goberno municipal optara por conceder só dúas subvencións, deixando á marxe a seis asociacións. No pleno do 15 de abril, o concelleiro nacionalista Eliseo Teijeiro lembrou que “cando nós estabamos no goberno destinabamos 70.000 euros a subvencións, que se repartían entre todas as asociacións sen ningún tipo de discriminación”. Engadiu ademais que “o novo executivo do PP, co apoio de Udival, volve ás súas prácticas habituais de dar axudas a dedo, mentres deixa sen respaldo a colectivos que desenvolven unha intensa actividade cultural e veciñal nas súas parroquias”.

A I Mexillonada Popular será o día 6

O Valadouro prepara unha xornada de sabor e diversión coa celebración da I Mexillonada Popular, prevista para o sábado 6 de setembro de 2025 baixo a carpa instalada na Praza de Santa María de Ferreira. A iniciativa, promovida pola Asociación Cultural Val do Oito, conta co apoio da Xunta de Galicia, a Unión Europea e o Concello do Valadouro. O menú, pensado para satisfacer a todos os públicos, incluírá mexillóns, empanada de bonito, churrasco, chourizo vermello e criollo, ademais de bebida e café. O prezo por persoa é de 20 euros, mentres que os nenos e nenas de 4 a 12 anos poderán gozar da festa por 10 euros. As reservas e máis información están dispoñibles a través dos teléfonos facilitados pola organización. A parte gastronómica completárase cunha animada programación musical que se prolongará ata a noite. O grupo musical Primeira Liña e a discomóvil The Sound Project, con DJ Somilux, serán os encargados de poñer ritmo e ambiente á velada, convertendo a praza nun auténtico punto de encontro para veciños e visitantes.

Desde a Asociación Cultural Val do Oito convidan a toda a comarca a sumarse a esta primeira edición, que nace coa intención de consolidarse no calendario festivo do municipio.

A vila celebrará as Festas do 8 con música, tradición e diversión para todas as idades

O Valadouro vivirá do 6 ao 9 de setembro as súas tradicionais Festas do 8 na honra da Nosa Señora, cun programa cheo de música, sabor e convivencia. A programación arrincará o venres 6 cunha sesión vermú amenizada por Primeira Liña e continuará coa primeira mexillonada popular gratuíta, á que seguirá unha gran churrascada organizada polo Bar Fénix de Castro de Rei. A xornada rematará coa música de The Sound Project e o DJ Somilux.

O sábado 7 a Asociación Cultural Amado Lar abrirá a mañá, e pola tarde o protagonismo será para o Grupo Fénix, encargado da sesión vermú e tamén da verbena nocturna, na que compartirán escenario coa discomóvil Conxuro.

O domingo 8 celebrarase a misa solemne ao mediodía, seguida dunha sesión vermú co grupo Mar de Arousa. Xa pola noite, a verbena contará coa actuación de Mar de Arousa e a orquestra Gran Parada. O luns 9 tamén haberá misa solemne, procesión e con-



certo da Asociación Cultural O Compás do Río Ouro. A sesión vermú correrá a cargo do Grupo Fussion. A tarde estará pensada para os máis pequenos, co Día do Neno, que incluírá xogos inchables, tobogáns e festa da escuma. O broche final será a verbena da noite, animada polo Grupo Fussion e Combo Dominicano. Todas as xornadas contarán cun recinto cuberto con carpa, garantindo así a celebración da festa independentemente da meteoroloxía.

Choque entre PSOE e PP pola limpeza das canles dos ríos dos Muíños



O grupo municipal socialista de Mondoñedo alertou recentemente da “situación insostible” que atravesan as canles do barrio dos Muíños, que levan máis de quince días sen auga. A formación lembra que se trata dun problema “arrastado durante anos” e insiste na necesidade dunha “resposta definitiva, non simples remendos”. Os socialistas propoñen crear un grupo de traballo no que participen administracións competentes e veciñanza, subliñando que “deben ser os técnicos quen acheguen a solución axeitada”. Ademais, consideran que esta situación supón “neglixencia medioambiental” que afecta á biodiversidade local. Os edís socialistas tamén criticaron o estado dos espazos públicos durante o verán, a falta de información na área recreativa da Fervenza, e a apertura irregular da oficina de turismo en agosto, ofrecéndose mesmo a abríla eles mesmos nos domingos que permaneceu pechada. En resposta, o Concello recordou

que as limpeza das canles están programadas con regularidade e que se realizan tres veces ao ano: antes do inicio das choivas, ao rematar o período de precipitacións e en xullo, coincidindo coa tempada alta de turismo. Desde o goberno local lamentan que o PSOE se limite a criticar sen presentar propostas, asegurando que cando os socialistas gobernaban a situación das canles non era mellor e carecía dun calendario planificado. O executivo municipal subliña que continuará co seu labor con planificación e responsabilidade, priorizando o mantemento das canles, o coidado do patrimonio e a boa imaxe de Mondoñedo, e defende que os traballos realizados buscan ofrecer “a mellor imaxe posible da cidade nun momento de gran afluencia de visitantes”. Este novo intercambio evidencia a tensión entre oposición e goberno local sobre a xestión dos recursos e o mantemento do espazo público en pleno verán.


Mondoñedo honra a Andrea López Chao cunha rúa e impulsa obras na Rocha de Vélez

O Concello de Mondoñedo acordou render unha nova homenaxe á mestra Andrea López Chao, dando o seu nome á rúa que conecta a estación de autobuses coa avenida de Bos Aires. A inauguración oficial terá lugar o luns 15 de setembro ás 19.00 horas, coincidindo coa festividade local en honra da Virxe dos Remedios. A figura de Andrea López Chao, natural de Mondoñedo, permanece como símbolo de compromiso social e pedagóxico polo seu labor pioneiro a comezos do século pasado en Cuba, onde destacou na defensa do dereito á saúde e á educación das mulleres. Por outra banda, a Consellería

de Vivenda e Planificación de Infraestruturas vén de adjudicar por 240.068,92 euros as obras de mellora da accesibilidade na rúa Rocha de Vélez, en Mondoñedo, dentro do Plan Hurbe. A intervención, que executará a empresa Novavial S.L., busca garantir un acceso seguro para vehículos e peóns, ademais do soterrado de instalacións e a revisión de muros deteriorados. O proxecto intégrase na Área Rexurbe, recoñecida en 2020, e será financiado nun 70 % pola Xunta e nun 30 % polo Concello. A conselleira María Martínez Allegue subliñou que este tipo de actuacións contribúen á revitalización das vilas galegas.

A vila celebra Os Remedios con foliada e cantos de taberna

A cidade de Mondoñedo ultima os preparativos para celebrar as súas festas patronais en honra da Nosa Señora dos Remedios, unha cita que se estenderá do venres 12 ao luns 15 de setembro e que combina tradición relixiosa, propostas culturais e espectáculos para todas as idades. Entre os momentos destacados do programa relixioso figuran a Novena dos Remedios, a Misa de Ofrenda, a solemne procesión do domingo e a Misa de Cofrades do luns. A música terá un protagonismo especial, con actuacións como a Mekanika Rolling Band, a orquestra Principal, Natalia, participante da primeira edición de Operación Triunfo, e verbena co Combo Dominicano. As orquestras Zafiro e Nueva Fuerza, as sesións de vermú e a XIII Xuntanza de Cantos de Taberna completan a oferta musical, prometendo encher as rúas de ambiente festivo. Para os máis pequenos, haberá espectáculos de Micromina Teatro, celebración do Día do Neno e xogos tradicionais. No ámbito deportivo, o X Memorial Ramón Espantoso enfrontará ao



Mondoñedo F.C. e La Caridad F.C. no campo municipal Viñas da Veiga. As propostas culturais inclúen a inauguración da rúa Andrea López Chao e a presentación do documental homónimo sobre a mestra galega en Cuba, que terá lugar o luns.

SAN LUCAS. Ademais, este ano as

festas renderán tributo á tradición artística coa presentación do cartel das San Lucas 2025, obra de Daniel Vizoso en memoria do seu pai, Xosé Vizoso, recentemente falecido. Así mesmo, xa hai pregoeiro para esta importante festa e o elixido é Carlos Folgueira, herdeiro do inesquecible Rei das Tartas. A cita terá lugar o 16 de outubro, ás 21.00 horas, no Auditorio Pascual Veiga. Folgueira será o encargado de abrir oficialmente as celebracións cun discurso no que a memoria, a emoción e o orgullo colectivo se mesturarán co sabor inconfundible dun doce que forma parte esencial da historia mindoniense.

CANTOS DE TABERNA. A XIII Xuntanza de Cantos de Taberna, que terá lugar o sábado 13, permitirá aos asistentes participar en obradoiros de baile tradicional e gozar dunha foliada aberta, convertendo a vila nun escenario de tradición, música e convivencia, unindo veciñanza e visitantes nunha celebración que combina historia, festa e recordo.

A Xunta impulsa o estudo dunha nova senda na LU-160



A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas continúa co estudo para a creación dunha senda peonil na estrada autonómica LU-160, a súa altura de Mondoñedo. O proxecto pretende prolongar as beirarrúas actuais desde o barrio de San Lázaro ata a área recreativa da Cascada, nun tramo de 1,5 quilómetros, co ancho previsto de 2 metros e pavimento de cor diferenciada para garantir accesibilidade e visibilidade. O estudo parte dunha proposta do Concello de Mondoñedo e busca dispoñer do proxecto de execución antes de fin de ano.

Dependendo das conclusións técnicas, podería ser necesaria a expropiación de terreos, abrindo un procedemento de información pública. Esta actuación enmárcase no contrato da Xunta para a redacción de proxectos en estradas autonómicas da provincia de Lugo, co obxectivo de mellorar a mobilidade e a seguridade viaria, seguindo os criterios do Plan de Sendas de Galicia. A senda permitirá un tránsito máis seguro e integrado para peóns, fomentando a conectividade entre zonas urbanas e áreas recreativas do municipio.

As XVIII Xornadas do Peregrino serán o 15 de setembro

O Concello de Mondoñedo presentou hoxe a programación das XVIII Xornadas do Peregrino “Abrindo Camiño”, que este ano terán como eixo central a lembranza da mestra galego-cubana Andrea López Chao, destacada figura do galeguismo no exterior. A cita desenvolverase o luns 15 de setembro cun completo programa de actividades culturais e populares. A celebración incluírá unha romaría na rúa que leva o seu nome, xogos tradicionais, un torneo da chave, actuacións musicais e un pasacalles que animará as rúas do centro histórico. O momento máis solemne chegará coa inauguración oficial da rúa Andrea López Chao e cun acto institucional no Auditorio Municipal “Pascual Veiga”, no que tamén se poderá ver a preestrea da mediametraxe documental Andrea López Chao: O legado dunha mestra galega en Cuba. Durante a tarde, o público terá a oportunidade de gozar da proposta gastronómica da *foodtruck* de Galicia Sabe Amar, que servirá produtos pesqueiros dos portos galegos, convertendo a xornada nun espazo de encontro arredor da música, da tradición e do sabor.

O coleccionismo de Dragon Ball medra desde Mondoñedo

Jose Pablo Hernández lidera un proxecto que busca unir coleccionistas de todo o país e dar visibilidade a pezas únicas da mítica saga xaponesa

Por Ana Somoza.

O 8 de xullo de 2025 quedará gravado na memoria de Jose Pablo Hernández Maseda como unha data especial. Ese día constituíuse oficialmente a Asociación Española de Coleccionistas de Dragon Ball (ASESCODB), unha entidade que, segundo el mesmo conta, “levaba tempo xestándose e nacía dunha necesidade moi clara: ter un punto de encontro oficial para os coleccionistas da franquía en España”. Hernández, veciño de Mondoñedo, explica que a idea viña madurando dende había meses e que, sorprendentemente, “non existía ata agora unha entidade que representase oficialmente aos coleccionistas de Dragon Ball”. A sede instalouse en Mondoñedo, algo que non foi casualidade. “É o meu lugar de residencia e parecíame o sitio perfecto. É un enclave cultural de referencia e quería demostrar que tamén desde unha cidade pequena poden xurdir proxectos grandes”, comenta. O proxecto arrincou da man de tres socios fundadores, unidos pola mesma paixón pola saga e polo coleccionismo. “Vimos que facía falta dar visibilidade ás nosas coleccións e decidimos dar o paso”, engade.

COLECCIÓN E PATRIMONIO.

A ASESCODB non é un museo tradicional, nin pretende almacenar todas as pezas nun mesmo lugar. “Temos catalogadas unhas 200 pezas, pero non buscamos reunilas fisicamente. O obxectivo é catalogar o que ten cada socio e organizar exposicións con aquelas pezas que cada un considere máis valiosas”, explica Hernández. Entre esas xoias destacan as gomas monocromáticas de Matutano dos anos 90, a colección completa das series branca e vermella de Planeta DeAgostini en excelente estado, ou figuras de sorteos xaponeses “Kuji” practicamente imposibles de conseguir en España. Tamén hai pezas únicas, como un Funko Pop de Goku Super Saiyan asinado por Pablo Domínguez, actual actor de dobraxe do personaxe no noso país. “Cada peza ten a súa historia e podería escribirse un reportaxe enteiro só sobre algunhas delas”, asegura. O abastecemento de novas incorporacións chega “de todo un pouco: compras, doazóns, trocos ou

colaboracións con tendas”, sempre coa intención de que “quen teña algo especial poida compartilo e mostralo”.

PRIMEIROS PASOS. A actividade inicial céntrase en sorteos, concursos e exposicións en liña. “Cando esteamos máis asentados, queremos organizar eventos presenciais, charlas con referentes do mundo Dragon Ball e exposicións físicas máis amplas”, adianta o presidente. Participar en feiras ou encontros especializados é outra meta. “A curto prazo aínda non, pero a medio prazo queremos estar en eventos a nivel rexional e nacional”, afirma. Por agora,

“Hai pezas moi especiais, como as gomas monocromáticas de Matutano dos anos 90, e figuras de sorteos ‘Kuji’ practicamente imposibles de conseguir en España”

web está en probas, esperamos abrir oficialmente a finais deste mes”, sinala Hernández. Entre os interesados hai coleccionistas de Madrid e doutros puntos de España, e mesmo chegaron mensaxes dende o estranxeiro. O perfil dos membros é diverso: “hai coleccionistas veteranos que empezamos nos 80 e 90, nostálxicos coma min, e tamén xente nova que chegou pola serie Dragon Ball Super. O bonito é que todos conviven nesta paixón”.

O FENÓMENO. Case corenta anos despois da súa creación, Dragon Ball segue cativando. “Adaptouse a cada xeración sen



de morrer, que ten un lugar especial no universo Dragon Ball”. Sobre o coleccionismo, considera que “o momento é bo, aínda que cada vez hai menos pezas antigas no mercado e son máis

eventos presenciais e colaborar con tendas ou marcas. A idea dun espazo permanente de exposición en Mondoñedo non está no horizonte inmediato, pero non se descarta a celebración de mostras temporais. “Xa estamos traballando en colaboracións con outras asociacións, museos e institucións culturais”, asegura Hernández. O primeiro sorteo xa ten premio preparado, “e iso é só o comezo”. Tamén se buscarán doazóns e novas alianzas para fortalecer a programación.

UN VÍNCULO PERSOAL E VITAL.

Para Jose Pablo Hernández, Dragon Ball é moito máis que unha serie. “Recordo vela ao chegar do colexio no Xabarán Club, pero namoreime do universo cando meus pais me regalaron un cómic mentres estaba ingresado no hospital. Foi o meu primeiro cómic e devoreino. A partir de aí aforraba as 175 pesetas que custaba para comprar o seguinte cada semana”, relata. Os valores que transmite —amizade, esforzo, constancia— marcaron tanto que leva ambos brazos tatuados con motivos da saga. “Forma parte da miña vida”, afirma sen dúbidas. Entre as súas anécdotas destaca unha viaxe a Xapón, onde buscaba unha figura moi concreta. “Entre nas tendas grandes e nada. O último día, xa case sen esperanzas, vin unha tenda pequeniña en Akihabara que me chamou a atención. Alí estaba, como se me estivese agardando. Sigue na súa caixa orixinal, sen abrir, coma moitas outras”, lembra cun sorriso. Hernández insiste en que a ASESCODB é un proxecto colectivo e con vocación nacional, pero que nace con orgullo desde Mondoñedo. “Queremos que todos os fans e coleccionistas, sexan de onde sexan, se sintan parte desta familia”, conclúe.



os encontros presenciais serán modestos e centrados na Mariña. “É unha cuestión lóxica de recursos e organización, pero a longo prazo queremos consolidar eventos de referencia a nivel nacional”, explica.

COMUNIDADE EN CRECEMENTO.

De momento, a ASESCODB está formada só polos tres socios fundadores, pero xa recibiron solicitudes de inscrición. “A

perder a súa esencia. Toriyama puxo alma na súa obra, e por iso os que medramos con ela seguimos enganchados”, reflexiona Hernández. O interese depende moito da idade: “os veteranos inclinámonos máis por Dragon Ball Z, mentres que a xente nova sente máis afinidade por Super”. O presidente da ASESCODB tamén lembra a importancia de Daima, “a última obra escrita por Toriyama antes

caras”. As empresas seguen lanzando produtos novos, e o manga —o primeiro artigo co que moitos se iniciaron— vive “unha certa incerteza” tras a morte do creador. “Se se fan as cousas con respecto e paixón, seguirá medrando”, engade.

PROXECTOS EN MARCHA.

Entre os plans de futuro están ampliar a web, organizar máis sorteos e concursos para socios, celebrar

Riotorto acollerá un taller de primeiros auxilios de Afammer

O luns 8 de setembro, de 16:00 a 21:00 horas, o Centro Socio-cultural de Riotorto acollerá un taller de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral. A actividade está organizada por Afammer.

O obxectivo desta formación é dotar á cidadanía de coñecementos básicos para saber actuar en situacións que requiran unha intervención inmediata, así como resolver dúbidas frecuentes sobre primeiros auxilios.

Durante o taller abordaranse cuestións prácticas como a ma-

neira correcta de chamar ao 061, como actuar ante dor torácico, perda de coñecemento (síncope, coma...), e tamén se ensinarán técnicas de Reanimación Cardiopulmonar Básica (RCP), como actuar ante atragoamentos e como recoñecer unha parada cardiopulmonar (PCR), entre moitas outras situacións.

As inscricións están abertas, cun número de prazas limitadas, polo que desde o Concello recoméndase anotarse canto antes. A inscrición pode realizarse no teléfono 982 346 222.

A Feira de Gando de Augaxosa volve cunha ampla mostra

A parroquia de Augaxosa, en Riotorto, prepárase para acoller este sábado 13 de setembro unha nova edición da súa tradicional Feira de Gando e Mostra de Razas Autóctonas, un evento que combina tradición, gastronomía e música para gozo de veciños e visitantes. A programación abrirase ás 9.30 horas coa feira de gando, á que seguirá, ás 10.30, a mostra de animais de razas autóctonas.

A partir das 11.00 horas haberá demostracións de oficios ar-

tesáns como a cestería e o torneado de madeira. Media hora máis tarde, os músicos da propia parroquia animarán a mañá cun pasacalles. Ás 12.30 horas ofrecerase unha degustación gratuíta de hamburguesas de poldro de Pura Raza Galega, iniciativa que conta co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A música continuará ás 14.00 horas coa sesión vermú a cargo do Trío Karma, e ás 14.30 terá lugar a entrega de premios aos propietarios co maior número de ca-

bezas de gando, cunha dotación de ata 350 euros para o primeiro posto. Durante toda a xornada, o público poderá gozar de postos de alimentación e téxtil, con venda de polbo e churrasco.

A organización lanza a invitación: “Se queres ser parte dunha tradición secular, escríbenos a asociacionaugaxosa@gmail.com”. Con esta mensaxe, animase á veciñanza e visitantes a sumarse, ofrecendo un contacto directo para formalizar a inscrición ou solicitar máis información.

ourol

Licitan a renovación da cuberta do polideportivo e preparan novas obras en vías municipais



O Concello de Oural ten en marcha o proceso de licitación para substituír a cuberta do seu pavillón polideportivo, unha infraestrutura que leva anos presentando deficiencias estruturais, especialmente filtracións de auga en diversos puntos. A intervención, orzada en 131.000 euros, será posible grazas a un convenio de colaboración co ente provincial da Deputación de Lugo.

Desde o goberno local explican que a cuberta atopábase nun estado deteriorado, con goteiras recorrentes a pesar das múltiples reparacións que se viñeron realizando nos últimos anos. Nalgún episodio de temporal, mesmo se chegaron a levantar partes das chapas superiores, o que obrigou a intervencións de urxencia para garantir a seguridade do recinto. As empresas interesadas en executar a obra teñen de prazo ata o 12 de agosto para presentar as súas ofertas.

Ademais desta actuación, o Concello de Oural tamén mantén aberto o prazo para a presentación de ofertas doutro paquete de melloras incluído no Plan Único da Deputación. Neste caso, trátase de obras en distintas estradas municipais por un valor total de 259.539 euros. Entre as actuacións previstas destaca a mellora do vial que conecta as localidades de Bravos e Rego da Ponte, unha das máis demandadas pola veciñanza polo seu uso habitual e o seu estado de conservación.

Desde o Concello destacan a importancia destes investimentos para “seguir mellorando as infraestruturas municipais, tanto deportivas como viarias”, e salientan a colaboración da Deputación como elemento clave para avanzar en proxectos que, sen ese apoio, serían moi difíciles de asumir desde unha administración pequena como a de Oural.

vegadeo

Marimar Rodríguez, recoñecida co XXVII premio Vegadense do Ano

Vegadeo celebrou unha das súas citas máis especiais coa entrega do XXVII galardón Vegadense do Ano, que nesta ocasión recaeu en María del Mar Rodríguez, coñecida por todos como Marimar. A gala, cargada de emoción e chea de aplausos, reuniu a centos de veciños que quixeron agradecerlle persoalmente os anos de entrega e dedicación á comunidade.

Dende a organización, Amigos de Vegadeo, expresaron o seu recoñecemento a todos os que fixeron posible a celebración. “Moitas grazas aos proponentes, ao xurado, aos colaboradores e aos socios, sen os que este evento non sería unha realidade”, indicaron.

Natural da parroquia de Santalla de Vilaousende, Marimar recibiu como



símbolo do premio unha reprodución da emblemática xoia castrexa prerromana coñecida como a Diadema de Vegadeo. A súa vocación sanitaria naceu cedo: tras rematar os estudos de Enfermaría en Lugo, iniciou a súa carreira en Paradela e Sarria, pasando despois por Vilalba antes de establecerse definitivamente en Vegadeo.

“Leva exercendo a súa profesión no centro de saúde da vila dende hai case corenta anos, sempre cun trato próximo, humano e comprometido”, lembran os que tiveron ocasión de traballar con ela ou de recibir a súa atención.

Vegadeo convoca premios para recoñecer o talento e a innovación no medio rural

O Concello de Vegadeo lanza unha nova convocatoria de premios co obxectivo de recoñecer o traballo, a creatividade e o compromiso co medio rural. As veciñas e veciños poden presentar candidaturas nos seguintes galardóns:

Os Premios Gastronómicos María Luisa García teñen como finalidade poñer en valor o traballo no ámbito culinario e agroalimentario. Contemplan tres modalidades: traxectoria profesional, produción local e

proxección rural. O prazo para presentar propostas finaliza o 5 de decembro de 2025.

O Premio Muller Rural do Ano recoñece a labor das mulleres que destacan por impulsar o desenvolvemento e a visibilidade do medio rural. As candidaturas poden presentarse ata o 5 de setembro de 2025.

Os Galardóns “40 anos de Paraíso Natural” están dirixidos a proxectos e persoas que contribúen á promoción e conservación da contorna rural e natural.

Contan con varias categorías: ámbito empresarial, asociativo, imaxe e comunicación, recursos turísticos e gobernanza pública. O prazo para enviar propostas vai do 1 ao 30 de setembro de 2025.

Para participar, é necesario indicar o nome da persoa, entidade ou proxecto proposto, engadir unha breve descrición do motivo da candidatura e enviar a proposta ao correo vegadeo.es.

DEPUTACIÓN

Investimento nun programa de formación de mulleres con AELU

O presidente da Deputación da Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos un convenio de colaboración coa presidenta de AELU -Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo-, Anjhara Gómez Rodríguez, mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 40.000€ para apoiar o programa Galatea. Trátase dun proxecto de asesoramento que busca ofrecer a mulleres empresarias e emprendedoras da provincia obradoiros de capacitación nos que poidan adquirir novos coñecementos e habilidades relacionadas co seu desenvolvemento e capacitación profesional.

José Tomé Roca recordou que a institución provincial mantén unha estreita colaboración con esta entidade sen ánimo de lucro que leva “case corenta anos traballando na defensa e na promoción dos valores sociais e profesionais da muller empresaria. Por iso, colaboramos non só co programa Galatea, senón tamén con outras moitas iniciativas



coas que apoiamos conxuntamente o tecido produtivo da provincia e impulsamos o emprendemento feminino”.

Co proxecto Galatea, que se realizará de setembro a decembro, levaranse a cabo actividades de asesoramento e formacións específicas que poderán ser individuais ou en grupos reducidos. As participantes poderán informarse sobre cuestións relacionadas coa marca persoal e a comunicación dixital; a planificación

financeira; a conciliación e a xestión do tempo; ou en aspectos xurídicos e fiscais, así como noutros temas do seu interese.

Ademais, esta iniciativa tamén inclúe formacións sobre competencias dixitais para a comunicación empresarial, obradoiros de coaching para contextos empresariais e emprendedores, talleres de xestión do estrés e do equilibrio entre o persoal e o profesional, actividades de benestar ou obradoiros de creatividade.

Achega de 4.000 euros para programas de asesoramento da CEL

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, veñen de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración que contempla unha achega económica de 40.000 euros á entidade. Esta contía servirá para financiar o programa de asesoramento ás pequenas e medianas empresas da provincia Asesora CEL.

Concretamente e con cargo a este investimento, a CEL poderá contratar a 4 persoas para a realización deste programa e tamén poderá sufragar parte dos gastos xerais de funcionamento da entidade.

“Lugo ten unha das porcentaxes máis altas de España de pequenos negocios no seu tecido empresarial; o 99,97% das nosas empresas son PEMES —só por detrás de Ávi-

la, que ten un 99,98%—, polo que é especialmente importante ofrecer este tipo de apoio”, valorou Tomé Roca. Explicou que este tipo de negocios ten dificultades engadidas para acceder á información e servizos de asesoramento en material xurídica e laboral.

Este servizo pretende axudar aos empresarios e empresarias da provincia en cuestións de contratacións, retribucións, salarios, horarios, obrigas de seguridade e saúde, conciliación e igualdade. Tamén poderá poñer ao día sobre normativa medioambiental ou sustentabilidade. Unha nova colaboración vén a reforzar a estreita relación que a Deputación mantén coa Confederación de Empresarios de Lugo na organización e desenvolvemento de diferentes iniciativas, para seguir favorecendo e impulsando o crecemento económico da provincia.

A Deputación colabora con Afalu e Auxilia para iniciar novos programas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar un convenio de colaboración coa presidenta da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e Outras Demencias de Lugo (Afalu), Carmen Pena Ledo, polo que a institución provincial destina 12.000€ para desenvolver o programa Estimulación Cognitiva de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias.

Este programa permitirá levar a cabo terapias non farmacolóxicas, atención psicolóxica e formación a cuidadores a zonas rurais da provincia, onde o acceso a este tipo de recursos é limitado, pese a que Lugo presenta unha das taxas de envellecemento máis elevada de Galicia, cun 27,6% da poboación maior de 65 anos.

José Tomé Roca enmarcou esta colaboración dentro da aposta da Deputación “por un rural que merece estar en igualdade de condicións co entorno urbano, con recursos e oportunidades para todos e todas”. O mandatario provincial

destacou que, con este programa, a institución “contribúe a que persoas diagnosticadas con alzhéimer ou outras demencias poidan recibir atención especializada no seu propio concello, sen ter que desprazarse a Lugo capital ou a outros centros urbanos”.

A iniciativa que desenvolverá Afalu inclúe terapias de orientación á realidade, psicomotricidade, musicoterapia, ludoterapia, labor-terapia ou reeducación da memoria, linguaxe e atención. Ademais, prestarase apoio ás familias, ofrecendo información, asesoramento sobre recursos dispoñibles, atención psicolóxica e cursos de formación para cuidadores, co obxectivo de mellorar tamén a súa calidade de vida.

AUXILIA. Tamén asinou un convenio de colaboración coa presidenta de Auxilia Lugo, Nuria Neira Vila, polo que a institución provincial achega 5.000 euros a esta entidade social para desenvolver o programa Promoción da autonomía



persoal no domicilio rural. Trátase dunha iniciativa que busca mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física que residen en concellos rurais da provincia.

José Tomé puxo en valor o labor que desenvolve Auxilia Lugo desde hai máis de 50 anos e subliñou que este programa “axuda a que as persoas con discapacidade poidan levar unha vida máis autónoma e digna nos seus fogares, sen verse obrigadas a abandonar o seu entorno familiar e social”. Así mesmo, destacou que esta colaboración forma parte da aposta da institución provincial “por un rural máis xusto, inclusivo e con igualdade de oportunidades para todas as persoas, independentemente da súa situación ou lugar de residencia”.



No marco deste convenio, Auxilia Lugo levará a cabo accións enfocadas a fomentar a vida autónoma no fogar, o acceso á información e recursos, así como a participación activa na comunidade das persoas con discapacidade. O programa contempla visitas domiciliarias de asesoramento, acompañamento profesional, formación en novas tecnoloxías e actividades que favorezan a autoestima, a seguridade e o benestar persoal.

A entidade avalía as necesidades concretas dos usuarios no seu propio fogar, ofrece información sobre recursos, produtos de apoio e posibles adaptacións no domicilio, contribuíndo así a eliminar barreiras arquitectónicas e a retardar, na medida do posible, o ingreso nun centro residencial.

Convocan as prazas para 8 psicólogos e 2 veterinarios

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases específicas de dous procesos selectivos que convoca a institución provincial para o ingreso en 8 prazas de psicólogo e 2 de veterinario de persoal funcionario de carreira. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

“Hoxe aprobamos diferentes cuestións que virán mellorar a atención que desde a Deputación de Lugo prestamos ás persoas, porque son medidas relacionadas cos coidados, coa eficiencia na xestión, o aforro económico e a mellor utilización de recursos. Medidas que dan conta do noso compromiso co territorio, porque fortalecendo os servizos propios conseguimos unha institución máis próxima, eficaz e autosuficiente”, valorou o deputado.

Explicou Rivera Capón que as prazas serán de acceso libre polo sistema de concurso-oposición. As prazas de psicólogo serán para dar servizo na rede de Centros de Atención a Maiores e as de veterinario, na Granxa Gayoso Castro.

O porto de Foz avanza cara á súa mellora coa aprobación ambiental

O porto de Foz dá un paso determinante cara á súa mellora coa aprobación da declaración ambiental do proxecto de dragaxe por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade. O documento, imprescindible para iniciar os traballos, foi cualificado polo alcalde, Fran Cajoto, como “un trámite necesario para unha obra imprescindible para o funcionamento do porto”. O rexedor fixo un chamamento a Portos de Galicia para axilizar a tramitación posterior, lembrando que o Estudo de Impacto Ambiental se asinou en agosto de 2023 e que pasaron dous anos ata a súa aprobación. “Entre a redacción inicial e a futura adxudicación do contrato acumularanse máis de tres anos de burocracia. Se engadimos a escasa dispoñibilidade de dragas, os prazos vólvense inasumibles”, advertiu.

O proxecto contempla unha dragaxe inicial no interior da dársena pesqueira, a cotas -1,5 e -2,5 metros, e na canle de entrada a cota -2, así como tres intervencións de mantemento nos anos seguintes. Cajoto reclamou planificar as novas actuacións para evitar que os dragados de conservación se atrasen. Tamén puxo o foco en Porto Chico, pequena dársena que non figura no documento aprobado e onde algúns amarres quedan inutilizados coa marea baixa. “Agardamos novidades, porque non é de recibo que os usuarios só poidan empregar as súas embarcacións en marea alta”, sinalou,



agradecendo “o traballo da Asociación A Ribeira para que as infraestruturas portuarias de Foz non caían no esquecemento”. A dragaxe terá un impacto positivo tamén en Barreiros, xa que a maior parte da area retirada — máis de 52.000 metros cúbicos— destinarase á recuperación da praia de Altar, afectada desde hai anos pola perda de sedimentos. Os restantes 18.700 metros cúbicos trasladaranse a un punto de vertido a 8,3 quilómetros da zona de actuación, ao noroeste de Foz, segundo informou a Xunta. Portos de Galicia asumirá a responsabilidade de tramitar a documentación, outorgar a autorización definitiva e supervisar o cumprimento da declaración ambiental.

A Asociación A Ribeira de Foz mostrou a súa satisfacción pola autorización, que consideran “un paso decisivo” tras máis de tres anos de xestións ante distintas administracións. Recordaron que a demanda foi compartida coa Confraría de Pescadores e que a dra-

gaxe é imprescindible para garantir a seguridade e a operatividade dunha infraestrutura estratéxica. Ao tempo, advertiron sobre a situación límite do porto deportivo Porto Chico, cunha lista de espera que reflicte a falta de amarres e a perda de oportunidades de crecemento económico e turístico.

A entidade cualificou de “contraditorio e disuasorio” o requisito actual de ter embarcación para solicitar praza, e propuxo que se permita inscribirse como demandante sen nave, condicionando a concesión á súa compra posterior. Tamén difundiu unha guía práctica con códigos QR nos muelles para facilitar a información. A Ribeira pediu unha reunión coa conselleira de Pesca, Marta Villaverde, e confiou en que os Orzamentos da Xunta de 2026 inclúan unha partida para remodelar Porto Chico. “Non se trata só de aumentar prazas, senón de xerar emprego, reforzar o turismo náutico e garantir un futuro sostible para A Mariña”, concluíron.

Tres proxectos mellorarán a seguridade e calidade na frota da Confraría de Celeiro



A Confraría de Pescadores de Celeiro presentou tres proxectos colectivos coas axudas europeas FEMPA PE209G-2025, xestionadas a través da Consellería do Mar, cun investimento total de 1.133.096,82 euros. O seu obxectivo principal é fortalecer a seguridade laboral, mellorar a calidade do produto e modernizar as instalacións, promovendo unha pesca sostible en termos económicos, sociais e ambientais.

O plan estruturábase en tres liñas: un proxecto de seguridade, con 260.852,82 euros, destinado á adquisición de maquinaria e á mellora das condicións de traballo; outro de calidade, con 554.432 euros, centrado na protección da biodiversidade mariña e na revalorización do peixe, especialmente a pescada de Celeiro; e un proxecto de modernización, con 317.812 euros, para manter e conservar as infraestruturas pes-

queiras.

Entre os avances destaca a posta en marcha dunha nova nave de procesado e envasado, financiada ao 70 % polo FEMPA e ao 30 % pola Consellería, que permitirá ofrecer produto fresco, local e listo para consumir, aumentando a competitividade do sector.

Durante unha visita ao porto, a conselleira do Mar, Marta Villaverde, reuniuse cos representantes pesqueiros e de Puerto de Celeiro SA, mostrando interese pola realidade do sector e reafirmando o compromiso institucional coa súa sostibilidade.

Ademais, a confraría recibiu 20.913 euros para reforzar a vixilancia dos recursos da pesca costeira artesanal en 2025-2026, medida que busca combater o furtivismo e preservar bancos marisqueiros como os de percebe, fundamentais para a economía local.

Burela lanza PESCARTE para promover a pesca artesanal

A Confraría de Pescadores de Burela iniciou o proxecto “PESCARTE: a prol da PESca Costeira ARTesanal”, que conta cun investimento total ascende a 115.328,45 euros, dos cales o 70 % procede da Unión Europea a través do FEMPA e o 30 % da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo de PESCARTE é sensibilizar á sociedade sobre a importancia da pesca costeira artesanal, revalorizando as técnicas e oficios tradicionais, así como as especies capturadas de forma sostible na costa local. Ademais, procura fomentar o relevo xeracional e poñer en valor os produtos da frota burelense comercializados na lonxa da vila, contribuíndo a unha economía azul sostible e ao desenvolvemento das comunidades pesqueiras.

Entre os resultados esperados destacan o reforzo do relevo xeracional, o incremento da pesca sostible, a promoción do consumo de produtos locais menos coñecidos e o impulso da participación de mocidade e mulleres nas actividades mariñeiras. Tamén se pretende dar maior visibilidade ás traballadoras do mar, recuperar o patrimonio cultural pesqueiro, promover a integración social e fomentar sistemas enerxéticos máis respectuosos co medio.

O proxecto, de carácter bianual, desenvolverase durante 2025 e 2026 cun total de dez actividades, que se irán anunciando progresivamente. Toda a información e a resolución oficial da axuda poden consultarse na páxina web da Confraría de Pescadores de Burela.

A Deputación e as Confrarías de Pescadores reforzan a súa colaboración

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores, José Basilio Otero Rodríguez, asinaron un convenio de colaboración polo que a institución provincial destinará 24.000 euros á entidade. O obxectivo é apoiar o seu funcionamento e poñer en marcha unha nova campaña de divulgación sobre a pesca na Mariña lucense.

Segundo explicaron, a iniciativa busca poñer en valor as tradi-

cións mariñeiras e concienciar á cidadanía sobre aspectos vencellados ao mar, ás distintas especies e ás artes de pesca. A campaña, que segue a liña da realizada o ano pasado, inclúe carteis, folletos e pezas audiovisuais, ademais de visitas guiadas a portos para alumnado de institutos da comarca e doutros puntos da provincia, unha actividade que está a rexistrar unha excelente acollida.

José Tomé subliñou que esta achega “é unha mostra clara do compromiso da Deputación

co sector pesqueiro”, ao tempo que destacou o labor da Federación, “fundamental para que as embarcacións de altura, gran altura, litoral e baixura poidan desenvolver o seu traballo e traer a porto un produto de primeira calidade, que é sinal de identidade da nosa provincia”. A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo agrupa todas as confrarías existentes na provincia, situadas en Ribadeo, Foz, Burela, San Cibrao, Celeiro e O Vicedo.

DEPORTES

Arranca a Liga con moitos cambios nas categorías feminina e de base

Despois dun verán de cambios nos equipos, de baixas e fichaxes, a fin de semana do 6 e 7 de setembro será o tempo de volver aos campos de fútbol, nunha nova tempada que volve traer cambios na xerarquía das categorías nas ligas de base. O único que se estreou xa é o primeiro equipo do Lugo, que é o que máis arriba está na competición futbolística da provincia e que saíu ao verde para o seu primeiro duelo da liga regular a última fin de semana de agosto. O conxunto albivermello está este ano en Primeira Federación e é o único da provincia en ocupar praza, concretamente no grupo 1, xunto a outros galegos como Ferrol, Ourense CF, Pontevedra CF, Arenteiro e Celta Fortuna.

Un piso máis abaixo, en Segunda Federación, está a Sarriana, que debutará na categoría este ano logo dun ascenso moi disputado e coa vista posta na permanencia. Esta categoría está dividida en 5 grupos e os galegos están no primeiro. Iván Carril está aos mandos dun equipo que se renovou para esta nova e longa batalla.

As categorías profesionais rematan aquí, dando paso á Terceira Federación onde este ano xúntanse varios equipos da provincia no único grupo galego. O Lugo B, o Vilalbés e o Viveiro terán a mesma data de inicio que o resto e competirán polo prezado ascenso, que constará dunha única praza directa e outras catro para disputar a promoción. Pola contra, serán tres os asen-

tos que levarán aos equipos de volta á Preferente, onde este ano o Pol e o Burela (que vén de ascender) serán os encargados de defender o pavillón lugués no grupo norte, mentres o Lemos o fará no grupo sur. Os ascensos serán similares que en Terceira, pero haberá catro descensos.

Tamén está todo preparado para o inicio das competicións provinciais. En Primeira Futgal, agrupados principalmente no grupo 3, a data de inicio será o día 7 tamén e contará con novos participantes, un Ribadeo que descende tras varios anos en categorías superiores, e outros ascendidos, como o Iberia, ou o regreso do Milagrosa, logo de xogar a tempada pasada con equipos da provincia de Pontevedra. O Brollón, pola súa conta, que ascendeu o ano pasado, xogará no grupo 4, xunto aos equipos de Ourense. Tamén regresa o Escairón tras unha tempada na categoría superior. Residencia e Castro, que xogaron a promoción, non lograron o ansiado regreso á Preferente.

Nos dous grupos de Segunda, que esperarán unha semana máis para o comezo, hai moitos máis cambios. No grupo 1 regresan á categoría por descenso Pastoricense e Meira, e se incorporan por ascenso Goiriz, Matela e Castroverde. No grupo 2 só chega por descenso o San Lázaro mentres ascenderon Monterroso B, Sarriana B e Sober.

A Terceira tamén terá novidades, tendo a súa xornada inicial o 28 de setembro. Dividida novamente en dous grupos, no primeiro

debuta o Pol B, equipo de nova creación, e contará con Mondoñedo e Muimenta, que descendieron o ano pasado, o primeiro nos arrastres e pola retirada da competición do Cospeito despois dunha tempada horrible. No grupo 2, os descensos afectaron a Quiroga e Rubián e, ademais, o Incio e A Piringalla caeron tamén polos arrastres.

As ligas femininas tamén terán o seu inicio en setembro. A Terceira Federación, que agora volve ter categoría de autonómica, contará co PM Friol, que sairá ao verde o día 21 para seguir buscando o ascenso despois dos profundos cambios que realizaron e que baixaron a categoría das luguesas, que o ano pasado quedaron no top 10 dunha competición nacional.

O CD Lugo, compañeiro de disputa, non estará no seu sitio debido aos cambios que trouxo a transformación interna do club, logo da decisión de eliminar a liña feminina, polo que esta retorna á Terceira División Galega, para a que aínda non se coñecen os calendarios nin os equipos participantes. Si se sabe xa que o Antas estará en Primeira, logo do ascenso o ano pasado.

FÚTBOL BASE. Este ano, os equipos da provincia volverán ter representación en todas as categorías superiores do fútbol base. O equipo xuvenil principal do Lugo logrou o ascenso á División de Honra, despois dun ano no descenso. A competición, cun grupo moito menos numeroso que en edicións anteriores, arrancará a



Liga o 13 de setembro. Pola súa banda, o Lugo B estará na Liga Nacional Xuvenil. Na máxima categoría cadete e infantil tamén estará o Lugo, como único representante da provincia.

A Preferente, tanto xuvenil, como cadete e infantil, que se correspondería coa Liga Galega de edicións pasadas, tamén se reestrutura para estar formada por 3 grupos. Na xuvenil están os lugueses do norte, con Residencia e Vilalbés; mentres que no 3 estará o Calasancio. Na cadete, a representación da provincia estará en mans dos mesmos dous

equipos, ademais do Lugo B. A Milagrosa, Residencia e A Piringalla serán os representantes na infantil do norte, xunto ao Calasancio, no sur. Todos arrancarán a mediados de mes.

O novo cambio que ten este ano é que a provincial queda dividida en Primeira, Segunda e Terceira, as dúas primeiras categorías tamén terán o seu inicio rapidamente, pero a Terceira terá o seu comezo máis tarde, ao igual que o farán os alevíns, benxamíns e prebenxamíns, que ata outubro non saíran ao verde.

Deu comenzo unha nova edición da Copa Deputación de Fútbol Sala

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina a VI Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participarán 41 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina e que se disputará entre o 30 de agosto e o 2 de novembro.

O sorteo dos emparellamentos celebrouse este martes no Pazo de San Marcos, coa presenza de representantes dos clubs participantes e da

Federación Galega de Fútbol en Lugo – Pablo Prieto, presidente, Carlos Méndez, vicepresidente, e Iván Pico, responsable de fútbol sala da Federación na provincia de Lugo-, que sinalaron que a provincia de Lugo é a única que conta con esta competición, equiparando o fútbol sala ao fútbol campo.

A Vicepresidencia da Deputación financia a Copa, cunha achega de 22.830 euros que se distribúe entre os equipos en función dos partidos disputados e das eliminatorias su-

peradas (entre 200 e 385 euros), ademais de premiar aos equipos campións (entre 550 e 800 euros) e subcampións (300 e 450 euros) de cada categoría.

O vicepresidente Efrén Castro explicou que “co patrocinio desta competición reforzamos o apoio aos clubs de fútbol sala da provincia que, ademais de beneficiarse economicamente da participación, teñen a oportunidade de comezar a competir e traballar na posta a punto de cara a temporada.

A COMPETICIÓN DE COPA DE FS

Preferente e Primeira División Feminina (9 equipos)

Ribeira FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros, Burela FS B, Os Meigallos, FSF Castro Semillas Sidipal B, SD Castroverde, SD San Lázaro, UD Pastoricense.

3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina (13 equipos)

Ribeira FS, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Fonsagrada FS, Os Meigallos FS, Club Deportivo Casás, PM Friol FS, ADC

Lugo Sala Automóviles Losada B, Castro FSF Carnemax e Club Lemos.

Primeira e Segunda División Masculina (19 equipos)

CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concello de Begonte FS B, Luisitania, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC, A Lareira Os Meigallos FS B, Desguaces Herbón, Union Caimán Yocreapptive Sala e FS Concello de Abadín

A carreira de obstáculos Valkiria Race chega a Barreiros

San Cosme de Barreiros última os preparativos para acoller un dos eventos deportivos máis destacados do ano: a Valkiria Race, carreira de obstáculos incluída no calendario oficial da Liga Española AOCO, que terá lugar os días 20 e 21 de setembro. O sábado 20 disputarase a Valkiria Race Thor, unha pista de 80 metros con dez obstáculos de estilo ninja que poñerán a proba forza, equilibrio e axilidade. Haberá dúas quendas de clasificación ás 10:00 e ás 12:30 horas.

O domingo celebrarase a proba estrela, a Valkiria Race Odín, cun percorrido de 9 quilómetros e máis de 40 obstáculos. A competición incluírá unha saída de categoría elite, unha quenda popular competitiva e catro tandas populares de 120 corredores, con saídas entre as 9:00 e as 10:40 horas.

Tamén se organizará a Valkiria Kids (Balder) para os máis pequenos, con dúas categorías: Mini (300 metros e dez obstáculos) e Junior (600 metros e quince obstáculos), que se celebrarán o domingo ás 11:00 e 11:30 horas.

A cita promete combinar emoción, superación e deporte para todas as idades e niveis, consolidándose como unha referencia no calendario deportivo galego.

Ribadeo estrea o seu primeiro Trail

Ata o 1 de outubro permanece aberto o prazo de inscrición para participar no I Trail de Ribadeo, unha cita deportiva organizada polo Concello que pretende consolidarse no calendario de carreiras da comarca. A proba desenvolverase o domingo 5 de outubro, ofrecendo un escenario no que se mesturan o reto físico e a beleza do patrimonio natural ribadense.

O evento contará con tres modalidades: un trail longo de 24 quilómetros, un trail curto de 12 e unha andaina popular tamén de 12 quilómetros. Para os trails será necesario ter cumpridos os 18 anos, mentres que na andaina poderán participar mozos e mozas desde os 12, sempre acompañados dun adulto responsable.

As inscricións poden realizarse a través da web www.trailderibadeo.com cun custe de 20 euros para a modalidade longa, 15 para a curta e 10 para a andaina. A cota inclúe seguro de accidentes, dorsal con chip para as probas de trail, avituallamentos, bolsa, asistencia técnica e un agasallo conmemorativo. O número de prazas é limitado: 150 para o trail longo, 250 para o curto e 200 para a andaina.

Foz acollerá a ruta BTT Pico da Lebre o 13 de setembro



O Club Ciclista Foz, en colaboración co Concello de Foz, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, presentou a ruta BTT Pico da Lebre, que se celebrará o sábado 13 de setembro. Trátase dun itinerario circular de 55 quilómetros con 1.500 metros de desnivel positivo, que partirá ás 9:30 horas da Praza Conde de Fontao.

As persoas interesadas xa poden inscribirse a través da plataforma CCNORTE, cun prazo aberto ata o 10 de setembro. O custo é de 30 euros e inclúe seguros, café antes da saída, avituallamento á chegada, comida completa —empanada, paella e sobremesa—, ademais de acceso a duchas no Colexio Martínez Otero.

Desde o Club Ciclista Foz subliñan “a vistosidade da ruta”, que permitirá gozar de paisaxes variadas. O trazado comeza polo paseo marítimo ata a praia da Pampillo-

sa en Fazouro, continúa pola beira do río Ouro e ascende ao Pico da Lebre, Madroi, Santo Acisclo, Vilacizal, A Ermida e o Alto de Virín, regresando de novo a Foz por Malates.

O alcalde, Fran Cajoto, agradeceu ao club “a recuperación dunha ruta que percorre unicamente o noso concello e que amosa a gran riqueza paisaxística do municipio”, ao tempo que animou á cidadanía e visitantes a participar. Pola súa banda, o concelleiro de Deportes, Ángel Fernández Neira, destacou que esta proba “volve para poñer en valor as rutas de Foz”. Ademais, lembrou que o club ciclista “sempre achegou ideas e esforzo na creación de percorridos como o do río Ouro, e con eventos coma este contribúe a impulsar un deporte tan completo como o ciclismo en plena natureza”.

Barreiros será saída e meta da terceira etapa da Volta Ciclista a Galicia 2025

O Concello de Barreiros acollerá o sábado 13 de setembro a terceira etapa da 23ª edición da Volta Ciclista a Galicia, unha das competicións máis destacadas do calendario estatal para corredores das categorías Elite e Sub-23. A cita está organizada pola Federación Galega de Ciclismo e contará coa colaboración da Deputación de Lugo.

A etapa terá un percorrido de 147 quilómetros. Os ciclistas partirán ás 12:30 horas da Casa do Concello de Barreiros e, tras rodar por diferentes municipios da contorna, regresarán ao mesmo punto cara ás 16:00 horas, onde se prevé a chegada. O trazado inclúe un percorrido esixente que levará ao pelotón por Ribadeo, A Pontenova, Riotorto e Trabada, antes de retornar a Barreiros. No camiño, deberán superar tres portos de segunda categoría e un de terceira.

A alcaldesa, Ana Ermida, salientou

a relevancia deste evento deportivo para o municipio: “É unha honra que Barreiros sexa escenario dunha etapa da Volta a Galicia. Este tipo de citas non só nos sitúan no mapa deportivo, senón que tamén contribúen a dinamizar o concello, poñendo en valor a nosa contorna e o noso potencial como destino turístico e deportivo”.

Desde o goberno local incídese en que a preparación desta etapa estase a desenvolver en coordinación coa Vicepresidencia da Deputación de Lugo e coa Federación Galega de Ciclismo, co obxectivo de garantir o éxito da proba e demostrar que Barreiros pode acoller competicións de máximo nivel.

A Volta Ciclista a Galicia 2025 reunirá a algúns dos mellores equipos e ciclistas do panorama nacional, consolidándose como unha plataforma de proxección para as novas promesas do deporte das dúas rod.

A Marcha Cicloturista de Viveiro alcanza a súa 37ª edición con subida ao Monte de San Roque

A Peña Ciclista Lar de Viveiro recupera un dos eventos máis emblemáticos da Mariña coa organización da Marcha Cicloturista, que este ano alcanza a súa 37ª edición. A proba desenvolverase o domingo 14 de setembro cun trazado esixente de 74,99 quilómetros, no que os participantes afrontarán un perfil montañoso que terá como punto culminante a subida ao Monte de San Roque.

Trátase dunha marcha de carácter non competitivo, aínda que contará con tramos cronometrados, e forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Ciclismo. Está pensada para ciclistas afeccionados con boa preparación física, xa que acumula un desnivel positivo de 1.657 metros e un negativo de 1.306, cunha pendente media do 0,5 %. A organización dispuxo dous puntos de avituallamento sólido e líquido: un deles situarase entre os quilómetros 30 e 35, coincidindo coa contrarrexloxo, e o outro na meta, no alto do San Roque.

O evento conta coa colaboración dos concellos de Viveiro, Orol e Muras, así como da Deputación de Lugo. Desde a Peña Lar destacan o



ambiente de compañeirismo que caracteriza esta cita, que ano tras ano reúne a ciclistas de diferentes lugares de Galicia e tamén doutros territorios.

Ademais do reto deportivo, a marcha supón unha oportunidade para reivindicar o patrimonio natural e paisaxístico da contorna, con estradas que percorren os montes viveirenses e as ladeiras de Orol. A Marcha Cicloturista de Viveiro consolídase así como unha das probas imprescindibles para o ciclismo afeccionado en Galicia.

A Pontenova acollerá a meta da II Carreira Vía Verde o vindeiro 20 de setembro

A Vía Verde do Eo volverá cobrar vida o vindeiro sábado 20 de setembro coa celebración da segunda edición da Carreira Vía Verde, unha cita que une deporte e natureza no antigo trazado ferroviario entre os concellos de San Tirso de Abres, Trabada e A Pontenova. A proba está organizada pola Asociación As Minas coa colaboración dos tres concellos implicados, e pretende consolidarse como unha referencia no calendario deportivo da comarca.

A carreira absoluta, destinada ás persoas nadas en 2009 ou anos anteriores, terá unha distancia de 12 quilómetros e partirá ás 17:30 horas desde Santirso de Abres, para rematar na Praza dos Fornos, no centro de A Pontenova. Para facilitar a participación, a organización habilitará un servizo de autobuses que sairá entre as 16:30 e as 17:15 horas desde a mesma praza.

Ademais da categoría principal, haberá tamén tres percorridos adaptados para menores: os máis pequenos (nados a partir



de 2018) participarán na categoría C, con 250 metros de carreira e saída ás 17:00 horas; a categoría B (2011-2017) cubrirá 1.000 metros e comezará ás 17:05; e a categoría A (2009-2010), con 2.000 metros, arrincará ás 17:15. Todas as carreiras terán como meta A Pontenova.

As inscricións e o regulamento completo poden consultarse a través na súa web, e a recollida de dorsais poderá facerse o mesmo día da proba, a partir das 16:00 horas, na Praza dos Fornos.

O espírito de Oriente en Burela

A escola de artes marciais fundada por Miguel Ángel Rojo suma máis de tres décadas de actividade sendo un un espazo de aprendizaxe

Por Ana Somoza.

A escola de artes marciais que dirixe Miguel Ángel Rojo Darriba leva máis de tres décadas activa, converténdose nun referente en Galicia, España e mesmo no ámbito internacional. O seu fundador lembra que “a idea inicial era dar a coñecer as artes marciais e a filosofía oriental dunha maneira profunda”. Explica que, cando comezou, a situación non era sinxela: “as artes marciais convertéronse ou ben nunha mera actividade deportiva ou ben nun adestramento dedicado só á defensa persoal, e creo que así se perde unha parte fundamental, que é a cultura e a filosofía na que se xestaron estas disciplinas”. O proxecto naceu en A Mariña con vocación comarcal, mais axiña medrou máis alá. Segundo relata, ese salto produciuse grazas á súa propia formación constante: “comecei dando clases na miña escola, pero ao mesmo tempo asistía sempre a cursos e seminarios por España, Europa e Oriente. Así coñeces xente, intercambias opinións e coñecementos, e foi así como comezaron a vir profesores a formarse aquí”. A partir desa experiencia, a rede foi expandíndose: “despois, foron eles os que me levaron a min para impartir cursos e que me coñeceran os seus alumnos”.

REFERENCIA INTERNACIONAL. A pregunta sobre como conseguiu que unha escola en Burela e Cervo se convertese nun foco de referencia nacional e europeo ten unha resposta clara: “a clave é dedicar un gran esforzo”. Rojo destaca que A Mariña pasou a ser un punto de encontro de altísimo nivel grazas aos mestres que el conseguiu traer. “Aquí veñen herdeiros dos estilos de Tai Chi máis importantes e practicados no mundo, como a familia Yang ou a familia Chen”, lembra con orgullo. No ámbito do Aiki jujutsu ou Jujutsu tradicional da liña Yoseikan, “veñen dous dos mestres máis influíntes e recoñecidos do mundo”. E no caso do laido, conta que “o pasado fin de semana veu impartir un curso o mestre con máis grao en España, que ademais é un dos máis recoñecidos de Europa”. Para el, a clave é dobre: viaxar e traer. “A min nunca me deu preguiza asistir a cursos organizados en calquera parte de España, Europa ou Asia”, explica. Pero tamén tiña claro que os seus alumnos debían “recibir ensinanzas directamente da fonte e non só a través de min”. Por iso, asegura, leva “máis de 25 anos traendo aos mellores mestres”.

A CONCEPCIÓN INTEGRAL. O enfoque que defende non é só físico nin só deportivo. “Non é cuestión de estilos, é cuestión de concepción”, resume. Para Rojo, todas as escolas orientais combinan unha parte física e outra espiritual. “Son dúas caras da mesma moeda”, subliña, e se falta unha delas “a moeda perde valor”. Na súa visión, se alguén se queda só coa parte física, “vai faltar unha parte moi importante, xa que te perdes o 50% e, ademais, perdes a posibilidade de comprender o porqué de moitas cousas que fas”. Ese equilibrio tamén ten que ver cos valores. “As artes marciais axúdannos a reencontrarnos con

ticas “ensínannos a mirar ao noso interior”. Fala de aprendizaxes que considera fundamentais: “axúdannos a superar as dificultades, a mellorar a paciencia, a perseverar para acadar un obxectivo, a non durmirmos ao alcanzar unha meta porque sempre hai outra”. Mesmo subliña o valor de “ser capaz de controlar a dor durante a práctica”, algo que logo se traslada á vida cotiá para relativizar os problemas. Hai tamén unha dimensión social que considera moi importante. “Hoxe vivimos hiperconectados, pero a través dunha pequena pantalla que nos fai mirar cara abaixo, nunca cara arriba nin arredor”, critica. Pola contra, “as



nós mesmos”, explica. Nun mundo onde “vivimos a escoitar e mirar cara fóra”, insiste en que estas prác-

artes marciais volven conectarnos cos demais”. E engade outro principio que considera esencial: o res-



pecto á xerarquía. “Sempre haberá alguén por enriba a quen debes respectar”, di, recordando que en xaponés “sensei” significa literalmente “o que viviu antes”.

FILOSOFÍA E CONTEXTO. Rojo insiste en que sen coñecer a historia e a filosofía non se poden entender moitos movementos. “De moitos xestos que se practican, se só buscas unha explicación física podes caer no ridículo”, advirte. Por iso insiste en ensinar o contexto, os aspectos antropolóxicos e culturais que están detrás. Nese camiño, os contactos directos cos mestres asiáticos resultan decisivos. “Beber directamente da fonte é primordial”, afirma. Usa unha metáfora pictórica: “se ti ves un cadro, podes entender o que o pintor quere dicir, pero se ese pintor é o teu amigo, entenderás mellor o que sentía cando o creou”. As súas viaxes a Asia deixaron pegada. “Fun a China 19 veces, unha a Xapón e outra a Tailandia”, lembra. Todas esas experiencias marcaron a súa vida. Conta unha anécdota en Wuhan: “estabamos practicando en agosto, con 38 graos e un 90 % de humidade. Vin uns ventiladores grandes cheos de po e pregunteille ao mestre se se podían acender”. A resposta foi clara: “cando eu aprendín kung-fu non había ventiladores, non vexo por que ti os necesitas”. Esa experiencia resúmea nunha lección: “para aprender kung-fu fai falta esforzo e sacrificio”.

O RECOÑECIMENTO EN ASIA. Sobre a recepción en China, explica que non é doado chegar. “Para que che fagan caso, teñen que invitarte ou tes que levar referencias”, comenta. Se non, pensan que só vas “para facerche a foto”. E despois hai que demostrar vontade: “cando che mandan facer algo dez veces, ti fas cen”. Só así se abren as portas.

BURELA, CERVO E A MARIÑA. A escola ten a súa sede en Burela, pero moita actividade desenvólvese tamén en Cervo. “Alí temos escola e

organizamos cursos internacionais e campionatos”, explica. Do concello cervense di que “sempre nos apoiaron desde o minuto un”. A relación coas administracións, en cambio, non sempre é tan positiva noutros lugares. “Moitas veces é por descoñecemento”, asegura. Lamenta que ás veces se apoién só actividades que parecen atraer máis público. “Pero cando organizo un curso internacional, a media é de 70 ou 80 participantes, que chegan con familias, que dormen, comen e consumen no lugar”. Calcula que nalgúns cursos “poden vir entre 140 e 150 persoas” e ademais “saímos en revistas prestixiosas de Europa, dando visibilidade ao concello que acolle o evento”.

ALUMNADO DIVERSO. Un dos puntos fortes da escola é a variedade de perfís. “Temos desde nenos de 4 anos ata persoas de 87”, explica. Uns buscan máis a aprendizaxe física, outros a dimensión espiritual, outros mellorar a saúde ou atopar un equilibrio. Advirte tamén sobre o risco de falsos títulos. “Hoxe hai grupos que están fóra das federacións, dando diplomas que non teñen validez”, denuncia. Por iso recomenda esixir que o profesor estea “avalado por un certificado oficial e por unha federación recoñecida”.

COMO EDUCACIÓN. Rojo coincide coa célebre frase do creador do Judo, Kanō: “as artes marciais modernas foron creadas, entre outras cousas, para facer mellores cidadáns”. Para el, esa máxima resume todo o que se pode aprender.

MIRANDO AO FUTURO. Despois de máis de trinta anos, os plans seguen sendo claros: “seguiremos ensinando a todo aquel que queira aprender en serio”. Lembra sempre que “á escola non se vén só a adestrar, véñse a estudar artes marciais”. Aproveita tamén para agradecer: “aos meus alumnos por poñer a súa ilusión en min, e a todos os que me apoiaron sempre, desde federacións ata amigos e familia”.

COLABORACIÓNS

Setembro, mes de cinema

CULTURA



Rebeca Maseda

Chega setembro e, con el, non só as primeiras brisas do outono, senón tamén unha cita esencial co mundo do cinema. Neste mes celébranse dous dos festivais máis importantes do panorama internacional: a Biennale de Cinema de Venecia e o Festival Internacional de Cine de San Sebastián. Dúas propostas que, máis alá do glamour e da alfombra vermella, seguen a apostar pola arte como espello e motor da sociedade. Nun tempo de incerteza, de crises múltiples e de perda de referencias éticas, o cinema mantense como un espazo vivo para a emoción, a reflexión e o encontro. Esta arte ten a capacidade de contar o mundo dende múltiples olladas, de darlle voz ao que non adoita ser escoitado, de cuestionar o establecido e de poñer o

foco no que importa. As salas de cinema —e, sobre todo, os festivais que as alimentan— son hoxe máis necesarios ca nunca. Son lugares onde a humanidade se reconece a si mesma, onde se manteñen vivos o pensamento crítico, a imaxinación e a beleza. Fronte á deshumanización que se respira en moitos eidos da vida moderna, o cinema é resistencia. E setembro, con Venecia e San Sebastián, convértese no mes ideal para lembralo. A Biennale de Cinema de Venecia naceu en 1932, no marco da Exposición Internacional de Arte da cidade. Foi o primeiro festival cinematográfico da historia e, dende entón, converteuse nun referente indiscutible. O seu prestixioso León de Ouro é un dos galardóns máis cobizados polos grandes nomes da dirección e da interpretación. Por Venecia pasaron figuras lendarias como Visconti, Antonioni, Coppola ou Almodóvar, sempre cunha programación que aposta pola innovación, a calidade artística e a diversidade de

propostas. O Festival de Cine de San Sebastián, pola súa parte, comezou en 1953 e soubo medrar con personalidade propia. Hoxe é



un dos eventos culturais máis importantes do Estado español e un dos festivais europeos con maior proxección internacional. A súa Concha de Ouro, símbolo da cidade e do certame, reconece películas comprometidas, orixinais e cunha mirada humanista. San


Sebastián destaca tamén pola súa aposta polo cinema latinoamericano, pola súa sensibilidade cara a temas sociais e pola súa

en escaparates de tendencias, plataformas para o diálogo intercultural e puntos de encontro entre cineastas, críticos, públicos e soñadores.

En tempos marcados pola banalidade e polo consumo rápido de contidos, estes festivais son unha chamada á pausa, á escoita, ao pensamento. Non só premian películas, senón que reivindicán a capacidade do cinema para emocionar, denunciar, inspirar e reconstruír. Son, ao fin e ao cabo, unha celebración do humano. Por iso, cando en setembro se acenden as pantallas en Venecia e en San Sebastián, non é só cinema o que vemos. É unha forma de lembrar que seguimos sendo seres sensíbles, que necesitamos historias, que buscamos sentido ás cousas. “O cinema non é un espello para reflectir a realidade, senón un martelo para moldeala.” Así o dixo Jean-Luc Godard, e así o demostran, ano tras ano, estes dous festivais que manteñen viva a forza transformadora da sétima arte.

Sotelar

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Entendo a cultura da sospeita como a negación da figura do xuíz. Dille o meu pai á miña nai, se sempre desconfías claro que algunha vez acertas, e podería atreverme a dicir que el peca xusto do contrario. Por iso dan tan ben, diría A. Porque no termo medio se atopa a virtude. Debeu ser entrar na nova década que me asentou os cimentos, que sentou un pouso de gravidade na miña alma. Agora reparo en cousas que noutrora carecerían de significado. Xestos que agora poño en valor. Tiven unha infancia dura e se cadra por iso, houbo un tempo no que non me gustaba escoitar falar de enfermidades, de calamidades ou pesares. Agora tampouco, pero non miro para outro lado, trato de dispoñer das ferramentas precisas para xestio-

nar cada emoción. Pensaba que só pasaba na miña familia, pero conforme comecei a visitar as casas das miñas amigas deime de conta que se debe tratar dun mal galego. Na miña casa son os domingos, xuntámonos para o café, pero repasan as enfermidades veciñas, as angustias todas cantas hai. Ata que a miña tía M. pregunta se non hai outro tema de conversa, se todo vai a ser falar de pesares. “Si muller, é que abrollou así na conversa.” O caso é que é sempre a mesma mea. Pero non viña contarvos iso, agora reparo no meu xestor A. que me atendeu na oficina a semana seguinte a quedar viúvo ben novo. Entendo que roto por dentro, pero enteiro por fóra. Non agardaba atopalo alí, pero claro, é socio do negocio e comunga coa cultura do sacrificio. Quedei eu máis branca ca el cando crucei a porta. Se ben é certo que facendo unha escoita activa da miña psicóloga, saber parar, escoitar ao corpo e darlle o descanso que precisa é tan importante coma

traballar duro. E aínda que polo de agora eu non o puxese nada en práctica, o paso á trintena tamén me está a ensinar algo diso.



Falando disto, chegou a min a testemuña dunha rapaza da miña idade, que agradecía a Deus polo cancro que padecía. Soa duro, escoitalo era peor aínda. Cos ollos cheos de bágoas díxome: “Agora poño cada cousa no seu lugar, aprendín a relativizar, un raspado no coche

só é iso, non ten o poder para arruinarme unha tarde.” Hai moita literatura, non é doado por en práctica o contido e acostumamos a mudar o

continente. Pero agora valoro esa caixeira do súper que ten o marido toda a mañá a poñela quimio, e ela ben seguro chega onda el rendida e muda a faciana para darlle unha aperta. Malia que gran parte das veces non sabemos a mochila que leva cada un nas costas, todas levan

peso, e algunhas ata pesas de bronce. Transitar a enfermidade é duro, acompañar tamén, e ter que poñer un sorriso para aturar aldraxes, máis aínda. Se cadra facerse maior consiste niso, en aprender a poñer cada cousa no seu lugar. Darlle a cada situación a importancia xusta. Pero que tan difícil tarefa para as persoas empáticas e aprehensivas. E en xeral para todos, para que nos imos a enganar. A avoa da miña amiga N. xubilouse logo dunha vida de traballo dentro e fóra da casa, marchou de vacacións e ao pisar a praia deulle un infarto. A filla, aos catro días, subida a un camión aguantaba os sotelos cada vez que pasaba pola caseta de seguridade do porto no que descargaba aqueles días. Dícideme a min que nos custará pensar un pouco niso antes de poñer unha mala cara, antes mesmo de alzar o ton de voz ou de mirar con xenreira a calquera do que descoñecemos fondamente que lle estará a pesar no corazónciño.

Sorprendente fin de concerto

A NOVA MUSICAL MÁIS ACTUAL



Julia M.ª Dopico
Vale y Piñeiro

Cando emprendas a túa viaxe a Ítaca pide que o camiño sexa longo, cheo de aventuras, cheo de experiencias...

Apuntaba deliciosa a tarde do 20 do “estimado e venerable” agosto, na que se celebraba un dos últimos concertos do “Festival de Música Bal y Gay” na Mariña lucense, “á beira do mar”, conducindo aos peregrinos musicais a escoitar magníficos compases dos grandes da historia da música e a descubrir ou regresar a lugares misteriosos, case máxicos, polos que transita a ruta que vai de Viveiro a Ribadeo, cos seus paraxes de singular beleza e antigüidade remota.

Tocaba o “Cuarteto Casals”, recoñecido actualmente como “cuarteto de corda de interese nacional”, no Auditorio de Burela, a fermosa vila costeira bañada polo Cantábrico, de importante porto pesqueiro e gran frota de barcos, cara a onde parto desde outro lugar no que se atopa “o mar máis fermoso do mundo” -aínda que isto, sei que é moito dicir, pero así o chaman-.

Chego ao concorrido evento, o que advirto axiña, pois xa había cola para entrar no Auditorio e aparcamento complicado. E isto do aparcamento, xa se sabe... voltas e máis voltas, dinme conta, neste “orde xiratoria”, de que as rúas de Burela -que son poesía en si mesmas- levan o nome de ilustres personaxes da gloria cultural galega: Cunqueiro, Castelao, Rosalía, Emilia Pardo Bazán, Murguía, Pascual Veiga, Valle-Inclán... Rememorábanme todos eses nomes as palabras do prezado Mestre Antón García Abril, que dicía sempre: “Galicia é terra de poetas”, e á miña memoria acudía a melodía de “Coita”, con aqueles versos que din: “Mariñeiros, mariñeiros, levádeme con vós ao mar...”.

Todo un encantamento que nada favorecía que atopase eu aparcamento, que se presenta de súpeto, coma oasis no deserto, nun amplo aparcadoiro nun lugar “do que non quero lembrar o nome”.

Cando a esmola é tanta, ata o Santo desconfía; por iso, previsiblemente, pregunto se alí o estacionamento é libre, o que confirman. Pois xa está! Tema resolto. E vou ao concerto, que foi realmente excelente, gozando eu especialmente coa interpretación do Cuarteto n.º 13 de Beethoven, co que remata a laureada actuación do

Cuarteto Casals.

A noite convidaba a deterse e máis na ampla terraza da Praza da Mariña, onde se atopa o restaurante “BoasMigas”, e alí quedei ata que, entrada a noite, decidín regresar. Mais ao chegar ao aparcadoiro... pechado a cal e canto, cunha reixa intransitable que impedía calquera acceso. E regreso a dar voltas para ver que facer, dado que as horas implacables ían transcorrendo.

Decido quedar en Burela buscando, por tanto, aloxamento: hoteis, hostais, pensións, taxis... Nada. Semeillaba que todo o mundo decidira ir a Burela aquel día. Todo isto mentres a noite, a brétema e o frío ían caendo. Pero eu, aínda que galega pero algo baturra, volvo de novo ao aparcadoiro “do que non quero lembrar o nome” e xa con máis nervio empezo a manipular o pechadura, a ver se se abría aquilo.

Nisto pasa xusto unha patrulla de tráfico. E antes de que eles me parasen, pároos eu a eles, que baixan e amablemente se interesan polo suceso. Seriedade absoluta -como corresponde á profesión- aínda que, sobre todo un, acababa xa sorrindo. Chamouse ao cuartel da Garda Civil e alí un axente, que despois souben que era de Ferrol, dixo que investigaría a ver se desde alí atopaba un aloxamento.

Mentres tanto preguntolles eu aos de tráfico se non había unha alarma e que a fíxese soar, pero eles responderon que non, que daquela virían os bombeiros e sería peor, porque lume non había. Entón dixeron: “Señores axentes, non hai forma de durmir un pouco neste pobo? Terán vostedes calabozos”. Eles admitiron que si, que os había, e eu repliquei: “Pois miren, lévenme detida e durmo un pouco nun deles”. Contestaron con rotundidade que iso era imposible. Pregunteilles por que, e explicaron que non estaba detida nin había razóns para iso. Insistín: “E se asino a miña detención voluntaria?”. A súa resposta foi clara: “Peor aínda. Imos chamar ao cuartel”. E todos estívenmos de acordo: “Ben, chamemos”.

O axente dixo que fósese ata alí e alí fomos no coche patrulla os tres, falando de música, do concerto... Ao chegar, o axente ferrolán recíbenos e confirma que non hai aloxamentos libres en Burela nin arredores, comentando que o único que podía ofrecermos era que durmira alí unhas horas nun sofá de cor ocre, que xa me traía unha manta e que mellor atendida e coidada non ía estar. O que aceptei e corroborarei.

Estas palabras escoitábaas eu mentres contemplaba nunha repisa unha imaxe da “Pilarica”, patroa da Hispanidade, de Aragón, Zaragoza e

tamén da Garda Civil.

Durmín placidamente unhas horas, estando de servizo ao despertar Lucía. Xuntas contemplamos, tomando un café de máquina, o amencer de Burela, desde as magníficas vistas que se aprecian desde o Cuartel: o mar e as casañas dos mariñeiros, todas xuntas arredor da costa e que, coas súas luces prendidas -antes de que prendese o día- semellaban a viva estampa do Portal de Belén.

Por certo, e antes de rematar: por alí, por Burela estaba un cartel de Amancio Prada anunciando o seu próximo concerto, coas súas “Vodas de Ouro” con Rosalía de Castro. O que promete ser outro excepcional evento.

Vaia, pois, desde estas letras todo o meu agradecemento polo seu bo facer e atención ao Cabo Primeiro Fronteriz e ao Garda Civil Carballeira, ambos pertencentes ao Equipo de Investigación de Siniestros Viarios de Burela, á Garda Civil de Burela, ao axente ferrolán, a Lucía, ao persoal de BoasMigas e sirvan estas palabras para o recordo desta singular noite de concerto na que eles, ao servizo da Patria e tamén da cidadanía, brindáronme o seu tempo e eficaz axuda. Saúdos a todos. ¡Verémonos!

“Ítaca brindouche tan fermosa viaxe”.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIORTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com



Teléfono 661 464 323

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

pantalóns longos, especialmente nos meses de outono e inverno, cando a vexetación é máis densa e o terreo permanece húmido. Aínda que estas condicións engaden dificultade, tamén ofrecen a posibilidade de descubrir o encanto máis agreste e auténtico desta ruta, que combina patrimonio, natureza e cultura popular nun escenario privilexiado.



Dificultade
media

**GRUPO
FORMA-t**
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605